



A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Pepe Carreiro

PROHIBIDO COPIAR -
O COÑECEMENTO
É PERSOAL E
INTRANSFERIBLE



Madrid reprende ao PSdG e dille que é conveniente aliarse cos nacionalistas

7

As axudas aos gandeiros dificultadas por unha norma da Consellaría

13



Amparo Alonso: "A saturación dos hospitais levou a que se deixaran de aplicar as probas de embarazo"

9

O primeiro xuízo dos GAL converte en evidente o terrorismo de Estado

15

Alvarez Torneiro: "O poeta tenta comunicar valores que perduren"

21

4 DE XUÑO • 1998 • ANO XXI • IV XEIRA

FUNDADO EN 1907

Nº 833 • 200 PTA

O remate da autoestrada da Coruña a Lisboa abre os ollos a empresários galegos e portugueses

Seis horas para superar unha fenda de séculos

Cada día son máis os camións galegos que levan mercadorías a través da recentemente rematada autoestrada portuguesa, e viceversa. As seis horas que se tarda en percorrer o traxecto A Coruña-Lisboa convidan ao intercambio económico reducindo custes de distribución e permitindo rapidez para servir produtos. Os empresários de ambas bandas do Miño falan xa dun achegamento real entre os dous países.

Fomento négase a modificar a calificación sísmica de Galiza

O ministerio de Fomento non vai cambiar os parámetros de perigosidade sísmica do país a pesar da serie de 800 terremotos de Maio de 1997 en Lugo e das actividades en aumento que se ven rexistando desde 1979 na liña que vai desde a Serra do Faro a Sárria. A administración central, tampouco considera significativa a última serie de Ourense, con quince sismos no prazo de dúas semanas. (Páx. 4)

O PP aplica un novo imposto polo consumo de auga de 9 pesetas por metro cúbico


O chamado cánon de saneamento supón un incremento de 9 pesetas por metro cúbico de auga consumido e serán os concellos, através das concesionarias do servizo, os encargados de aplicalo. Alén de incrementar os custes, a lei obriga aos cidadáns a pagar os gastos derivados do mantimento das depuradoras. Coa Lei de Acompañamento dos orzamentos do ano 1998, o goberno do PP aproveitaba para introducir un novo imposto sobre o consumo da auga que afecta aos núcleos de poboación de máis de 2.000 habitantes. (Páx. 5)

Califórnia vota contra o ensino do español

Los Angeles é unha cidade de casas baixas. Só no centro financeiro hai un grupo de rafiaceos que serven de carátula a multitude de series de televisión. Os barrios hispanos son os máis extensos. Dise que un 40% da poboación é desta orixe étnica e a maioría sabe que aquilo lles pertenceu. Non por casualidade a orixe da urbe está en Pueblo Nuevo de Nuestra Señora de Los Angeles, hoxe o barrio antigo da cidade. (Páx. 16)

Suplemento especial

No centenario de Einstein, un cineasta revolucionario




A vella ponte entre Tui e Valença.

ANXO IGLESÍAS

HISTORIA DUN CRIME O CASO DO METÍLICO

Fernando Méndez

Unha excelente reportaxe sobre o fraude do alcol metílico, un crime que aterrizou a Galicia dos anos 60.



galaxia

Os cartos de Baltar

O presidente da Deputación de Ourense, Xosé Luis Baltar, fíxose coa case totalidade das accións do C.D. Ourense, ao mercar os 130 millóns que posuía Antónío Asénsio. Suma, deste xeito, 173 millóns de pesetas dos 188 de capital da sociedade deportiva. Máis alá dos aspectos puramente políticos hai que preguntarse, necesariamente, de onde saca Baltar ese diñeiro. Un home que presume de humilde, que traballou de repartidor de gaseosas, de revisor do coche de liña e que se fixo mestre, para ocupar desde hai 8 anos cargos na Deputación sen que recoñeza outras actividades, non é fácil que chegue a acumular eses millóns de pesetas, estudar aos fillos, colocalos, disfrutar dun chalet en San Vicente do Mar, dun piso, etc. Se mercou a crédito debería tamén explicar como pensa pagalo ou en que condicións políticas lle foi concedido e por quen. Non estamos nen sequer a insinuar que haxa ilegalidades, pero a imaxe que transmite á opinión pública é da política convertida "nun grande chollo", que non só serve para colocar ben colocados á parentela e amigos, senón para forrarse. Baltar, como político, debe ser o primeiro interesado en desterrar esta imaxe. ♦

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:
Casáreo Sánchez Iglesias.

VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.

CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.

VOCAIS:
Alberte Ansóde,
Xosé M^o Dobarro,
Antón Fernández,
Manuel Veiga, Xosé Castro
Ratón, Manuel Portas e
Xan Costa.

SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Directores:

Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horacio Vixande,
Arantxa Estévez, Carme Vidal,
Paula Castro, Paula Bergantiños.

FOTOGRAFÍAS:
Anxo Iglesias

EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Henrique Acuña.

DESEÑO GRAFICO:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

MADRID:
Manuel Seoane.

BARCELONA:
Iria Varela.

PORTUGAL:
Gonçalo Nuno.

SANIDADE:
María Alonso.

CULTURA:
Xoán M Estévez,
Celso López Pazos,
Manuel Vilar, Lupe Gómez,
Óscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Val,
Xosé M^o de Castro Erroleta,
Xesus González Gómez, Manuel
Rivas, Borobó.

LECTER:
André Luca

Fotografía:
Andrés Panaro,
Xosé Marra,
Voz Noticias.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro,
Carlos Sillar, Gonzalo Vilas.

Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abalde

Redacción e Administración:
Rúa do Príncipe 22, baixo,
36202 Vigo
Apartado 1371, 36200 Vigo

Teléfonos:

REDACCION:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
antpcg@arrakis.es

ADMINISTRACION, SUBSCRIPCIONS E
PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén
correspondencia sobre
orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución
sempre que se cite a
procedencia.

Coren, Froiz ou Caramelo son só algúns exemplos da instalación alén do Miño

As empresas galegas ven a autoestrada de Portugal como un empurrón ás relacións económicas

♦♦ A. ESTÉVEZ - H. VIXANDE

As seis horas de distancia entre o Sul de Galiza e Lisboa pola recién rematada A-3 son un incentivo para as empresas do país á hora de percurar un novo mercado. Dunha maneira autónoma ou asociándose cos portugueses, os empresarios ven cara ao Sul do Miño como unha zona achegada. Algúns sectores, como alimentación e textil, adiantáronse á autoestrada e levan anos facendo negocios en Portugal.



O grupo Coren olla Portugal como unha comarca natural de expansión da súa actividade.

A. IGLESIAS

Os mensaxeiros son un dos colectivos que máis perciben a conclusión da autoestrada cara Lisboa. "Desde hai anos xa se notaba o incremento das mercadorías que levamos a Portugal. Completar a autoestrada é lóxico tendo en conta que o Norte de Portugal é a simples vista unha zona comercialmente unida á Galiza", sinala Ricardo Bernárdez, xerente de *Auto Radio*, empresa de mensaxería, cuxa central atópase na Coruña aínda que cobre todo o país e, tamén, Portugal. "Até Porto utilizamos a nosa infraestruturas, os nosos vehículos. De Porto para abaixo estamos asociados con outra empresa", di.

Exponor, a Feira Internacional do Porto, vai realizar mostras en Silleda, Vigo e Ourense

Nesta compañía o fluxo de paquetes entre ambas beiras pesa máis no lado galego. "Son moitos os clientes cos que traballamos enviando os seus produtos a Portugal. Algúns xa están instalados, outros só teñen relacións, pero sabemos que teñen pensado establecer delegacións en Portugal", di Bernárdez. Boa parte dos paquetes que transportan pertencen ás empresas galegas de confección textil.

Nese sector encádrase *Caramelo*, firma de roupa radicada na Coruña, que exporta os seus produtos a países europeos como Franza, Grécia ou Portugal. Este último ocupa unha boa porcentaxe da facturación da em-

presa de confección e, na *Expo* de Lisboa, as prendas de *Caramelo* poderanse ver nun desfile. Ademais protagoniza parte do pavillón español con outras firmas como Verino e Antonio Pernas. "Hai perto de dez anos que temos as nosas mercadorías en establecementos portugueses. A idea de facer A Coruña-Lisboa en seis horas é moi atractiva. Aínda que semelle unha parvada, para ver o noso desfile moitos clientes poderán ir en automóbil", sinala Inácio Molina, relacións públicas da empresa.

A súa roupa véndese en establecementos "sobretudo no Norte, Braga, Chaves, Porto, pero tamén en Aveiro e temos en mente abrir unha tenda en Lisboa en pouco tempo; facemos un importante despregue publicitario en Portugal". A exportación da firma medra alén do Miño no que "un dos mellores clientes do país ven de comprometerse con nós". Sinala Molina que o mercado portugués estivo sempre presente na filosofía de *Caramelo*.

"Primeiro pola lingua, entendémonos moi ben e, segundo pola confianza que depositan nas empresas galegas que, no sector textil, son sinónimo de seriedade e calidade. A nós non nos consideran españois e estou seguro de que é moi máis doado que nós teñamos relacións con eles que unha firma, por exemplo, madrileña", di o relacións públicas da compañía para explicar a importante presenza do sector da outra banda do Miño. Reseña o interese comercial que se desprende do *Eixo Atlántico* e o desenvolvemento "extraordinario" de Portugal nos últimos anos.

Alimentación e prensa

Se o textil olla cara Portugal, o sector alimentario tamén leva anos facéndoo. *Coren* ten importantes intereses económicos doutro lado do Miño. Primeiro abriu instalacións en Vila do Conde, para a distribución polo Norte dos produtos que saen de

Pasa á páxina seguinte

Ven da páxina anterior

Frigolouro, no Porriño. A necesidade de cubrir tamén o Sul fixo que hai apenas seis meses a empresa de Ourense se instalase en Lisboa.

Tres son os supermercados que *Distribucións Froiz* ten en Portugal: o primeiro foi instalado en Valença en Marzo de 1996, o segundo inaugurouse en Marzo do 97 en Braga e, por último, en Novembro, abriuse un en Porto. Segundo sinala Xoan Fariña, responsábel da empresa, os supermercados non foron rendábeis nun principio máis ter feito un estudo de mercado, aínda que as perspectivas son favorábeis en canto *Froiz* ten pensado seguir a expansión portuguesa con novas instalacións no Norte. Reseña as vantaxes económicas que ofrece investir no país viciño. Os supermercados teñen unha grande parte da súa oferta centrada en produtos portugueses complementando cos que se envían da Galiza.

No sector alimentario, a rapidez das comunicacións é fundamental, segundo sinala Fariña. "A apertura da autoestrada a Lisboa é moi positiva, pois reduce o custe da distribución e o tempo en que podemos servir os diferentes puntos de venda, o cal beneficia maiormente ao cliente", apunta.

O asesor de prensa de *Exponor*, a Feira Internacional do Porto, Pedro Correia, confirmou que a organización feiral máis importante do Norte de Portugal ten os ollos postos na Galiza e que vai realizar tres feiras nesta banda do Miño. "Asinamos un acordo con Ourense, outro con Silleda e imos pechar un convenio con Vigo", afirmou. A razón, explicou Correia, débese ao impacto que pode ter *Exponor* na Galiza e porque moitas das empresas estranxeiras en Portugal son galegas. "As relacións entre Galiza e o Norte de Portugal —dixo Pedro Correia— son antigas, pero non facemos as feiras só por afortalar esas relacións, senón polo interese comercial que ten *Exponor* no marco da súa de estratexia de expansión".

Pedro Correia considera importante a inauguración da autoestrada até Valença, e abondando neste aspecto dixo: "A apertura



Maxin Froiz xa hai tempo que decidiu instalar os supermercados da cadea que dirixe no Norte de Portugal. A. IGLESIAS

da autoestrada é un vello anxeo de todo o Norte e en concreto de Exponor, porque é unha vía de comunicación moi importante que vai facer que aumente considerablemente o tráfico entre as dúas zonas".

O achegamento entre os dous países mídese tamén no intercambio de información. Hai varios meses que o diário *Jornal de Notícias* do Porto comezou a súa distribución na Galiza. Na súa política de expansión, dotouse de correspondentes en Ourense e en Compostela, pero a verdade é que as vendas son moi cativas. Un exemplo é que na cidade de Vigo —a se cadra máis relacionada con Portugal—, a venda nunca supera os vinte-cinco exemplares diários. ♦



Coa autoestrada, Porto e A Coruña fican equidistantes de Vigo. A. IGLESIAS

Vías de comunicación para economías complementarias

Nun informe publicado en 1996 por *Papeles da Economía Española*, financiado pola *CaixaGaliza* e realizado por un grupo de economistas galegos, no capítulo de análise da estrutura produtiva da Galiza e a rexión Norte de Portugal e das súas relacións económicas, que asinan Facal, Castro, González, Meixide e Osório, indícase que "a cooperación transfronteiriza de carácter produtivo foi unha fronte de actuación descoñecida en comparación cos investimentos en infraestruturas viarias, de instrumentación máis doada, efectos máis inmediatos e evidentes, e maior rendibilidade política".

"Existen factores de aproximación aínda por explotar no que á homoxeneización económica da eurorexión se refire —abonda este informe—. A conclusión da autoestrada a Lisboa no seu treito Braga-Valença do Minho, a forte capacidade de atracción do porto de Vigo para concentrar o tránsito internacional de mercadorías, potenciada pola transferencia da súa xestión ás institucións autonómicas galegas, o previsíbel avance do proceso descentralizador da Administración portuguesa, actualmente suxeito á controversia política, cóntanse sen dúbida entre os máis importantes".

No mesmo informe indícase que a maioría dos sectores produtivos galegos e do Norte de Portugal amosan un grao medio de complementariedade e só algúns sectores como

a madeira, o calzado e a alimentación poderían facerse unha competencia de tipo medio. "En conxunto, a situación ten un claro sesgo de complementariedade, que seguramente se acentuaría se o exame descendese ao nivel do peso relativo de cada produto na respectiva estrutura económica".

Por outra banda, Portugal estivo no grupo de cabeza de países que realizaron investimentos directos de carácter industrial na Galiza nos últimos anos. Se en 1996 estivo en cuarto lugar detrás de España, Franca e Alemaña; en 1997 só quedou por detrás da Franca e situouse por diante mesmo de España, segundo indica o Informe da Economía Galega de 1996/1997, que publicaron conxuntamente o Instituto de Estudos e Desenvolvemento da Galiza e a *CaixaGaliza*.

No referente aos investimentos realizados pola Galiza nos sectores produtivos no estranxeiro, en 1996 o primeiro obxectivo foi Holanda, co 44,8% dos mesmos, seguido de Portugal, co 28,1% do investimento. A situación mudou en 1997 e Portugal foi o primeiro Estado de destino dos investimentos no estranxeiro nos sectores produtivos, o pasado ano a porcentaxe das inversións que realizou o noso país en Portugal representou o 37,2% do total, seguida do 15,9% do mesmo, que se investiu en Holanda. ♦

A homoxeneización económica da Galiza e Portugal virá de factores como a autoestrada', informe sobre a economía galega de *Papeis da Economía Española*

As empresas alimentarias sinalan a redución dos custes de distribución co remate da autoestrada portuguesa

Recuperar o pasado

A pertenza común á Unión Europea, co arromble das alfándegas trabucárias, está a producir un achegamento económico entre Galiza e Portugal tan rápido como acorde coa proximidade humana e histórica entre os dous países. A mellora das comunicacións acrecenta e imprime unha velocidade directamente proporcional á de comunicación á mellora e ao intercambio destas relacións.

O desenvolvemento do espazo económico galego-portugués que, abrando toda a fachada atlántica da Península, reúne a trece millóns de habitantes, reequilibrando o espazo económico peninsular, constitúe unha referencia singular na economía europea. Non é que até de agora non existisen relacións económicas, senón que estas estaban non só dificultadas polas lexislacións estatais, senón case impedidas pola falta de vías de comunicación axeitadas. Nestes últimos doce anos avanzouse máis nas infraestruturas viarias entre Galiza e Portugal que non cen anos anteriores, cando unhas veces os picapedreiros galegos e outros os portugueses, segundo andiveran as bonanzas económicas a un e outro lado da raia, se afanaban en tender vías que, moitas veces, paraban ao chegar á fronteira, ou se pechaban máis da metade do día.

Os intercambios económicos, á maioría ilegais, fáciense, polo tanto, péis ás autoridades e, o tendido das comunicacións, o que trataban era precisamente de impedir o chamado contrabando, aínda que fora un comercio natural, mesmo familiar na raia seca. O centripismo de Madrid e Lisboa impedía tamén este desenvolvemento lóxico e natural da rexión Atlántica. Máis, o desenvolvemento da área do Porto, o grande potencial económico de Portugal e a aposta por achegarse a Europa directamente e non através de Lisboa e Madrid, como marcaban as relacións entre os Estados español e portugués, foi determinante no impulso das comunicacións coa outra beira do Miño. Unhas comunicacións realizadas non é base a unha demanda social, senón ao convencimento da necesidade de desenvolvemento da rexión miñota e á natural interrelación económica coa Galiza.

A fronteira política entre os dous Estados foi unha das causas determinantes da marxinação política, lingüística, económica e mesmo xeográfica de Galiza. Nos séculos XIX e XX, a procura de certo reencontro con Portugal, constituíu un signo distintivo do galeguismo, presentándose tamén hoxe como un dos signos diferenciais da cuestión nacional galega. Estabelecida unha certa autonomía política na Galiza e

esvaída a fronteira económica galego-portuguesa, o marco de relacións permite novos impulsos, aínda que estas relacións estean eivadas pola permanencia das estruturas, dos hábitos e das ideoloxías xustificativas de dous Estados peninsulares, cuxa fronteira dividiu á Gallaecia histórica independente.

As comunicacións con Galiza, que Portugal rematou con celeridade, en contraposición coa pachorra con que sempre enfrontou o Estado español tanto as comunicacións de Galiza con Portugal coma coa Meseta, péis a ser idéntica a orografía, están permitindo uns intercambios económicos que van impulsar e mellorar as relacións sociais entre os dous povos. Os empresarios galegos poñen de manifesto as vantaxes de posuír o mesmo idioma e a facilidade con que son admitidas as casas comerciais galegas fronte ás españolas, vistas como colonialistas, como se está a demostrar agora na *Expo de Lisboa*, aínda que, ao comezo, non se fagan distincións. Aquela casa real galega que reinaba en Portugal, como ben explica Camilo Nogueira, estase a reproducir a nivel económico con asentamentos de empresas dalá e de acá a ambos lados dunha fronteira que só funciona no plano político. ♦

Fomento non considera necesario cambiar os parámetros de perigosidade

Galiza mantén un nivel de sismicidade moderada, segundo o Instituto Xeográfico

✦ G. LUCA

O ministerio de Fomento non vai cambiar os parámetros de perigosidade sísmica do país a pesar da serie de 800 terremotos de Maio de 1977 en Lugo e da actividade en aumento que se ven rexistrando desde 1979 na liña que vai desde a Serra do Faro á Sárria. Desde o punto de vista da administración central, tamén non se considera significativa a última serie de Ourense, con quince sismos no prazo de dúas semanas.

O 22 de Maio de 1997, o xefe de Xeomática do Instituto Geográfico Nacional, Julio Mezcuca anunciara que o forte aumento dos tremores obrigaria a revisar os mapas de risco e relacionou as series de Lugo cunha "reactivación de antergas fallas". Para o catedrático de Xeofísica de A Coruña, Xan Vidal Romani, a principal referencia dos xeólogos ao tratar de terremotos na Galiza estaba na falla de Viveiro pero os últimos tremores tiñan como eixo "a falla Leste-Oeste, prolongación dos Pirineos e perpendicular á de Viveiro, moi superficial, sub-horizontal, situada entre 10 e 12 quilómetros de profundidade".

En relación con este aumento de incidencia que desde o pasado 18 de Maio estendeuse ao Suroeste de Ourense, o xefe do Servizo de Detección do Instituto Geográfico en Madrid, Juan Rueda declarou á *A Nosa Terra* que o grado de risco non vai cambiar "Non debiamos falar de aumento de risco porque os parámetros de perigosidade non cambiaron, nen se modificaron os mapas que definen a construción sísmo-resistente". A consellaría de Política Territorial anunciara a partir da intensificación dos movementos de terra que os sistemas de construción das autovias considerarían o aumento do risco sísmico. "Cústame crer que se dese un cambio dos sistemas de construción en Lugo para prever unha maior actividade sísmica porque non estaría xustificada", acrecentou Rueda.

É o Instituto Geográfico quen decide a perigosidade sísmica en Galiza a partir da análise da actividade de dous anos anteriores, completada con estudos da estrutura cortical, atenuación, sismotectónica e outras fontes. A calificación actual está no grao VI-MSK pero a partir da serie de Maio de 1997 o Instituto anunciou novos estudos "para determinar se este é o máximo grao que se pode esperar con probabilidade alta nun período de retorno de 500 anos".

A Xunta, o Instituto Geográfico e a Deputación de Lugo aportaron recursos para a campaña sísmi-



A pesar dos múltiples tremores de terra deste último ano, nengun acadou a magnitude do de Maio de 1997 con epicentro en Becerreá.

ca que o departamento de Xeofísica e Meteoroloxía da Complutense e o Institut Jaume Almera de Barcelona realizaron en Galiza desde o 14 de Xullo ao 25 de Agosto do 97. O goberno de Santiago anunciou que no prazo máximo de seis meses poderíase determinar con precisión que fallas estaban en actividade.

A equipa da Complutense ven de entregar á Xunta un adianto dos resultados da campaña, na que recolleron millóns de sismogramas e rexistros. "Levamos un ano traballando con grande cantidade de información -declarou Diego Córdoba- por unha parte con datos do barco *Ewing*, que estudou a estrutura da litosfera con grande definición; por outra con datos dos sismógrafos colocados en terra. Agora traballamos na definición do modelo da corteza deica 800 metros".

Diego Córdoba ven de presentar algúns aspectos deste traballo na reunión da *European Geographical Society* celebrada en Niza. "Adiantamos sobre todo na definición da estrutura da litosfera -sinalou Diego Córdoba- que agora nos vai permitir avanzar na sismicidade. Podemos definir con rigor que fallas están a moverse".

Na Secretaría Xeral de Protección Civil indicaron que os cinco apartados do estudo recién entregados deberán ser completados en prazo breve por unha valoración técnica e aprazaron a valoración sobre o traballo no entanto non dispoñan das partes que faltan.

O profesor Córdoba prefire relacionar a intensificación da actividade sísmica que Galiza está a padecer desde 1979 "coa sismicidade xeral da Península Ibérica e con procesos a grande escala, da tectónica de placas continental". Neste senso manifesta desconfianza sobre outras posibles causas sismoxénicas da actual serie sísmica, coma a dos embalses. "Está aceitado que hai embalses que cando se enchen producen sismicidade e por iso en todas as presas hai sismógrafos e cando se constrúe hai que asegurar que non haxa no lugar do encoro unha falla activa. Non me parece que os terremotos de Lugo teñan que ver cos embalses pero en todo caso, para sabelo con certeza habería que facer un estudo específico".

Quince terremotos en dúas semanas

A relación entre os embalses e os terremotos recupera, con todo, actualidade na recente serie de quince sismos rexistrados desde o 18 de Maio en Cartelle, Ramirás, Padrenda, Quintela de Leirado e Celanova. Os epicentros están á beira dos embalses de Castrelo do Miño e Alto Lindoso, algúns deles a catro quilómetros cando o xeólogo Leonard Seeber, do laboratorio de Lamont-Doherty ten comprobado inducción de embalses a 30 quilómetros de distancia. No caso do encoro do Lima no Alto Lindoso, dáse asemade a circunstancia de que os seus 350 millóns de metros cúbicos de capacidade completáronse no ano 1995. A inducción de movimen-

tos de terras por un encoro considerase de alta probabilidade nos cinco primeiros anos de existencia aínda que están documentadas influencias dos grandes embalses sobre os terremotos despois de 20 ou máis anos de funcionamento. O encoro de Alto Lindoso está a menos dun quilómetro da extrema da Galiza e a súa cola cobre un área de máis de mil hectáreas en territorio galego. O embalse é o quinto en importancia da rede de 91 encoros de Portugal, administrados pola empresa EDP. "É certo que hai datos de actividade sísmica asociada a embalses -di Juan Rueda- pero iso non depende da loxitude do encoro senon da altura da presa e das características xeomorfolóxicas do terreo no que se asenta. Habería que facer un estudo da correlación entre o encoro de Alto Lindoso e os terremotos da área que eu non teño. Pero quero salientar que con anterioridade á terminación deste encoro, no ano 1978, rexistrouse nesta zona un sismo de 4.1".

A. EIRÉ

Coincidencias ou panteísmo

Os nosos ancestros, panteístas eles, mesmo os cristianizados, reuníanse á entrada do verán nos lugares sagrados (nos montes, nas fontes, nos ríos e regatos...) para coller o orballo do solsticio e cargarse de enerxía vital. Algo semellante está a suceder coas formacións políticas galegas que escolleron o San Xoán non sei se para reunirse ou para facer trasnadas. Secadra é unha chamada da Terra, ou unha coincidencia que despois de fixar o BNG a súa Asemblea Nacional, o PSdG-PSOE decidise para as mesmas datas a celebración das súas primarias; que Anxo Guerreiro pretenda batizar nunha nova relixión á súa formación política e, sobre todo, que Fraga alumease a idea da imperiosa necesidade dunha catarse anti-BNG (como xa ensaiara con Nuevas Generaciones ante a asemblea de Galiza Nova) que antecede á asemblea nacionalista para difundir *urbi et orbe* unha mensaxe galeguista. Se non é panteísmo ou coincidencia demostraría que o BNG se converteu no engonzo sobre o que xira a política galega. ♦

Os xeólogos e o Instituto Geográfico Nacional discrepan sobre a eficiencia da rede sismográfica da Galiza. Os primeiros coidan que as catro estacións fixas non permiten precisar os epicentros dos terremotos que se producen na extrema Leste do país; os responsábeis do Geográfico aseguran que a rede peninsular atende necesidades básicas de detección. "O IGN non pode cubrir todas as fallas -di Rueda- nen todas as fallas están activas neste momento. En Galiza hai catro estacións que abundan para o nivel de actividade que alí se da". ♦



A. IGLESIAS

O PP rebaixara a cero pesetas o cánon nas eleccións municipais do 95 ante as protestas dos concellos

Os núcleos de máis de 2.000 habitantes terán que pagar un imposto de 9 ptas. por metro cúbico de auga

♦ PAULA CASTRO

O chamado cánon de saneamento supón un incremento de 9 pesetas por metro cúbico de auga consumido e serán os concellos, através das empresas concesionarias do servizo, os encargados de aplicalo. Alén de incrementar os custes, a lei obriga aos cidadáns a pagar os gastos derivados do mantemento das depuradoras. Coa Lei de Acompañamento dos orzamentos do ano 1998, o goberno do PP aproveitaba para introducir un novo imposto sobre o consumo da auga que afecta aos núcleos de poboación de máis de 2000 habitantes.

As vivendas ubicadas en núcleos de poboación de máis de 2000 habitantes terán que pagar un imposto adicional de nove pesetas por metro cúbico de auga consumida, no momento no que comece a aplicarse o cánon de saneamento aprobado polo PP através da Lei de Acompañamento dos orzamentos de 1998. Os ingresos obtidos através deste imposto dirixíranse ao mantemento das depuradoras pero gravan tamén a aquelas vivendas que teñan pozos negros pero que estean a unha distancia mínima dos sumidoiros. A xustificación para incluír ese gravámen ven determinada pola consideración de que existen filtracións que afectan á rede de sumidoiros públicos.

Malia ser o Parlamento, grácias aos votos do PP e coa oposición dos grupos parlamentarios do BNG, PSDG-PSOE e grupo mixto, quen aproba a imposición deste cánon, serán os concellos os encargados de aplicalo. En teoría o imposto vai dirixido a que sexan os propios cidadáns os encargados de custear os gastos derivados da instalación e mantemento das depuradoras.

Concesión das concesións

Quen se encarga da construción das depuradoras é a Xunta de Galiza, que as entrega aos concellos para que sexan estes os responsábeis da súa explotación e mantemento. Os concellos, a súa vez, concesionan a xestión a empresas que se encargan da explotación dos servizos de saneamento e serían estas, polo tanto, as responsábeis de cobrar o imposto. As concesionarias, para asegurar a aplicación do cánon veranse obrigadas a incrementar o custe dos mínimos que pagan os usuários particulares; uns mínimos que non están en función do consumo senón que veñen prefixados. Así pagarán a parte correspondente aos concellos e estes, pola súa banda, efectuarán os pagos á Administración autonómica, que, segundo o deputado nacionalista Francisco Trigo, acabará tamén por concesionar o cobro.

Modificacións legislativas

No ano 1993 introducíase por vez primeira, coa Lei de Administración Hidráulica, o chamado cánon de saneamento. Un imposto dirixido a financiar os gas-

tos derivados da instalación e mantemento das depuradoras de auga, que tiñan que pagar os cidadáns e que se engadía aos custes por consumo das propias facturas.

Na lei explicábanse os obxectivos do cánon e especificábase que este imposto gravaría a núcleos de poboación de máis de 500 habitantes. Ao tempo, e dadas as características de hábitat disperso de Galiza, definía o que desde a administración se entendía por núcleo de poboación, considerando como tal a agrupación de máis de 10 casas aliñadas. O prezo estipulado nun primeiro momento era de 13 pesetas por metro cúbico.

A medida foi rapidamente contestada polos concellos, mesmo os gobernados polo PP, que iniciaron unha campaña en contra do cánon que se prorrogou até o ano 1995. Malia as propostas presentadas polos grupos parlamentarios da oposición, o Grupo Popular negouse a aceptar a súa desaparición. Na súa vez e, para evitar os enfrontamentos cos alcaldes do seu partido, xusto antes das eleccións municipais celebradas no ano 1995, introducían unha modificación na contía através da Lei de Acompañamento dos orzamentos daquel ano. O cánon non desaparecía pero pasaba das 13 pesetas por metro cúbico a cero pesetas. A última modificación supón un novo incremento, de cero a nove pesetas que podería volver provocar a oposición dos concellos e mesmo unha nova modificación de cara ás municipais do próximo ano. ♦

Vioque volve ao cárcere por non pagar unha fianza de 150 millóns

O impagamento dunha fianza de 150 millóns de pesetas por parte do ex secretario da Cámara de Comercio de Vilagarcía, Pablo Vioque, provocou que o xuíz da Audiencia Nacional, Baltasar Garzón, ordenase o seu reingreso na prisión. Vioque —que está implicado nunha operación de introdución de 1.700 quilos de cocaína— tivo un accidente cando ía depositar na Audiencia Nacional os avais bancarios pertinentes e houbo de ser ingresado nun hospital. Malia que a Garda Civil avisou ao xuíz do accidente, Garzón decretou a prisión de Vioque "ao non ter constituido a fianza, e iso, non obstante á comunicación da Garda Civil". A avogada do presunto traficante entregou os avais bancarios da fianza ao maxistrado e este remitiullos ao fiscal para que lle informe se considera suficientes as garantías de Vioque. Nos días vindeiros Garzón decidirá o destino de Vioque. ♦

As liñas férreas á Meseta non terán ancho europeo

Segundo admitiu o Goberno central, a liña férrea entre Madrid e Valladolid, que é o primeiro treito das liñas que continúan á Galiza, e que está en etapa de remodelación, non terá ancho europeo, de modo que quedará fora das rutas de mercadorías e pasaxeiros en Europa. O Goberno tamén informou de que traballa prioritariamente no tramo de Valladolid a Madrid e que non hai prazos nen orzamentos para o tren de alta velocidade á Galiza. Con estes anuncios, o Executivo deseña unha política ferroviaria para Galiza subsidiaria da española, xa que non haberá de posibilidade de incorporar a rede galega á europea. ♦

Inauguran o cárcere de Cúrtis co descontento dos funcionarios

Desde hai un ano, os funcionarios da prisión da Coruña protestan polas condicións do seu traslado a Teixeira, en Cúrtis, onde se inaugurou o novo cárcere o Martes 2 de Xuño coa presenza do ministro Jaime Mayor Oreja. Malia ser favorábeis ao cambio de instalacións, xa que consideran que as da Coruña se atopan nunha "situación lamentábel", os sindicatos CCOO, CSI-CSIF, CIG, UGT e ACAIP, non están de acordo co sistema de transporte dos funcionarios a Cúrtis. Os traballadores, case 150, formulan a reivindicación dun horario intensivo evitando a xornada partida e, polo tanto, máis desprazamentos dos necesarios. Asimesmo protestan contra a proposta da Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias de que sexa un autobús o que os leve todos os días á prisión e, en troques, piden que se lles pague a quilometraxe dos vehículos propios "por motivos de seguridade". Reseñan que non é un caso illado xa que en semellantes circunstancias atópase o traslado de reclusos e persoal de Vigo ao novo cárcere da Lama. Sobre a situación dos presos, non houbo declaracións por parte dos traballadores. ♦

A Audiencia de Ourense paralisa a construción dunha minicentral

"Ninguén pode ser privado da súa propiedade senón pola autoridade competente e por causa xustificada de utilidade pública, previa sempre a correspondente indenización". Desta maneira a Audiencia de Ourense aceptou o recurso interposto por dous concelleiros do PSOE de Maside e resolve a paralización das obras da central do Barbantiño. A sentenza recolle o feito de que se comezou a execución das obras da central antes de levarse a cabo o proceso de xustiprezo dos terreos, nunha superficie duns dez mil metros cadrados. O recurso, presentado ademais de polos dous concelleiros pola coordinadora Pro-Natureza fura rexeitado anteriormente polo xulgado do Carballiño. ♦

Arquivan unha denuncia contra Diz Guedes pola tractorada

Ademais das críticas suscitadas tras a actuación policial na tractorada do 20 de Xaneiro, o delegado do Goberno Xan Miguel Diz Guedes tamén foi obxecto dunha denuncia presentada por representantes sindicais no xulgado nº 4 da Coruña. Nela os sindicalistas sinalaban que se tiñan vulnerado dereitos fundamentais, concretamente referíndose ao dereito á folga. O pasado 13 de Marzo o xulgado chamaba a declarar a Diz Guedes como imputado aínda que, finalmente, arquivou a denuncia ao "non paracer debidamente xustificada a perpetración do delito que deu motivo á causa". ♦

OPINIÓN

A PRESENZA EN EUROPA: O IMPRESCINDÍVEL

XOAN M. RAMA TRILLO

Apontaba hai unhas semanas, nun artigo publicado neste xornal que para o BNG a presenza no Parlamento Europeo era prioritaria, vital. Hoxe vou afondar brevemente nas razóns que me levan a esta conclusión.

Desde a entrada do Estado Español na Comunidade Europea, os sectores produtivos sufreron e sofren unha agresión constante: na pesca (caladoiros), na agricultura e gadería (cota láctea), na industria (construción naval), etc. Motivo: as políticas deseñadas pola onda de neoliberalismo que actualmente invade grande parte de Europa. O BNG denunciou desde un primeiro momento —e mesmo antes da entrada— estas consecuencias negativas para a nosa economía.

O BNG postula unha nova Europa plenamente democrática, social e participativa, plural económica, política, lingüística e culturalmente, que recoñeza o dereito á autodeterminación dos povos, a desaparición das estruturas militares, a defensa do estado do benestar, do medio ambiente e dos dereitos humanos. Todo isto impulsado por un conxunto de medidas económico-políticas que necesitan a concorrência e o apoio doutros Estados e Nacións sen estado que puxen por este mesmo proxecto.

Mais, percebe-se hoxe a posibilidade de atopar estes apoios? Ao meu, entender, si. Os cambios político-sociais ocorridos na Italia, na Gran Bretaña, ou na Franza, os económico-productivos (pesqueiros) en Dinamarca ou Suecia, máis a representación, aínda non recoñecida, de Cataluña, Euskadi, Flandes ou Escocia, entre outros, garantirían un espazo no que tentaríamos levar a cabo o necesario proxecto dunha Europa dos povos. Isto non será doado, mais han de ser os primeiros pasos dunha verdadeira política internacional da nosa organi-

zación e, consecuentemente, do noso país, que nos permita, por un lado, unha mellor defensa dos nosos intereses, e por outro, o tan arelado intercambio político, económico, social e cultural imprescindible para o desenvolvemento da nosa terra.

Mais, curiosamente, o debate sitúa-se nun segundo chanzo, non na importancia vital da nosa presenza en Europa, senón en escoller entre presentar unha lista propia e por tanto exclusiva do BNG, ou en coalición con outras organizacións nacionalistas.

A opción de presentar unha lista propia é a máis axeitada das dúas opcións, mais o campo de xogo que nos marca o Estado —circunscrición única— coloca-nos nunha posición claramente desfavorábel pois cumpre obter unha alta porcentaxe de votos para conseguir un só deputado. Causa que, até o de hoxe, obrigou a todas as organizacións nacionalistas do Estado (PNV, EA, HB, CIU, ERC, CC, ...) a chegaren a acordos eleitorais fóra das súas respectivas nacións, para deste xeito, burlar as trabas que os

Estados membros imponen para reducir notablemente as posibilidades de alcanzar escano na cámara europea.

Esta postura dos partidos nacionalistas do resto do Estado nunca puxo en dúbida o seu carácter de defensores da súa pátria, nen perante o seu povo, nen perante o Estado, nen fóra del. Ninguén puxo ou pon en cuestión o compromiso co seu país, mais ben todo o contrario: son representantes propios, xenuíños, que deslexitiman e poñen en evidencia calquer outro tipo de representación.

Se entendemos que o mellor para o país, logo de contrapor os pros e os contras, é presentar unha lista propia sería sempre baixo a condición de termos "garantida" a

nosa presenza en Bruxelas. O presentá-la sendo conscentes de que non imos acadar representación sería unha irresponsabilidade pola trascendencia basicamente interior e tamén exterior que ten para o noso país a representación internacional e a defensa dos nosos intereses nacionais e internacionais ante a Unión Europea, así como a construción da mesma. Da non representación só ficaría a reafirmación nacional incesaria tras o forte respaldo recibido polo BNG nas últimas eleccións autonómicas.

A presentación dunha lista en coaligación, na súa necesidade, non representaría a deixación das nosas propostas (defensa dos sectores estratéxicos, Europa dos povos ...) debidamente explicadas na tese política da VIII asemblea nacional do BNG, xa que, no peor dos casos, produciríase un reparto temporal. Cada organización defendería os seus intereses dentro dos tempos marcados así como as propostas dos partidos da coaligación.

O BNG presentaría-se ante o eleitorado co seu programa, coas súas siglas encabezando a lista, isto permitiríalo a súa situación de posuír maior apoio social e electoral, polo tanto non habería nengun tipo de esvai-

mento político ante sociedade, nengun tipo de deixación nen debilitamento nacional. O resto sería mirar unicamente para o embigo.

Nestas vindeiras eleccións tanto municipais como europeas xogamos moito. O Partido Popular fará, todos os esforzos posibles para seguir tendo o 70% dos municipios, cando menos. O Partido Socialista Obrero Español agarda como auga de Maio os nosos erros cara as europeas. Eles terían "representación", nós non.

Todos temos a esperanza de conseguir rachar o poder municipal do PP, aumentar consideravelmente o número de concelleiros/as e alcaldías, mais a guinda ha de ser a nosa presenza na UE. Aí non podemos escatimar esforzos, nen xenerosidade. Nese momento Galiza estará xa presente no Parlamento Europeo, con coaligación ou sen ela. Temos que agardar aos dados para tomar a decisión, mais a nosa historia indica-nos a diferenza de estar ou non nos distintos Parlamentos. Non é un debate bizantino, a nosa presenza en Europa é imprescindible. ♦

XOAN MANUEL RAMA TRILLO é Secretario de Organización de Esquerda Nacionalista e membro do Consello Nacional do BNG.

“Se entendemos que o mellor para o país é presentar unha lista propia, sería sempre baixo a condición de termos ‘garantida’ a nosa presenza en Bruxelas”

Suso Sanmartín

R.C. CELTA DE VIGO
75 ANOS

LEGO A
FUNDARLO YO
Y LE PONGO
"REAL CLUB
CASTREÑO
DE VIGO?"


NOVIDADES DE A NOSA TERRA

O agrarismo

de Miguel Cabo Villaverde

Baixo o termo agrarismo designamos un movemento social que se desenvolve na Galicia a partir da última década do século pasado e atopa o seu drástico final, como tantas outras cousas, o 18 de Xullo de 1936. Un movemento que galvanizou ao campesinado, que encheu o país de sociedades e sindicatos, construíndo unha epopeia que Miguel Cabo analiza neste traballo.

COLECCION HISTORIA DE GALIZA

Sindicalistas e
Rebeldes

de Dionisio Pereira

Crónica do proletariado galego que se conformou preferentemente en torno ás correntes obreiras de raigame libertaria. O historiador insiste no apaixonante perfil dalgún dos máis sinalados líderes anarquistas galegos e no contexto do seu labor societario a xeito de acción cultural, xornalística e sindical.

COLECCION PRENSA E CRIACION





Ramón Jáuregui resulta ser "máis galeguista" que a cúpula do PSdeG.



Case 5.000 persoas manifestáanse polo campus de Ourense

Un día despois da elección de Domingos Docampo como novo reitor da Universidade de Vigo, perto de cinco mil persoas manifestáronse o Xoves 28 de Maio polas ruas de Ourense convocadas pola *Plataforma pro Campus Digno*. Os manifestantes pediron un servizo que proporcione igualdade de oportunidades para os estudantes, así como a posta en marcha das cinco titulacións aprobadas xa polo Consello do campus: Dirección de Empresas, Informática Superior, Enxeñerías Técnicas de Deseño Industrial, Imaxe e Son e Hidroloxía, e Xeoloxía e Ciencias Ambientais. Representantes dos sindicatos, do PSOE e do BNG estiveron presentes na protesta, así como o recém eleito vicerreitor Xosé Manuel Cid. ♦

Facendo unha desautorización expresa da política de Francisco Vázquez Jáuregui considera que o PSdG-PSOE debe aliarse co BNG

♦ A.E.

"É imprescindible ir realizando entendimentos políticos co BNG", con estas palabras pronunciadas por Ramón Jáuregui, responsable da política autonómica da executiva federal do PSOE, desautorizaba a política que ven impulsando Francisco Vázquez de confrontación co nacionalismo galego.

Ramón Jáuregui reuniuse coa executiva galega para marcar a política autonómica a seguir e, segundo as súas propias palabras, insistiu moito na idea de que "o PSOE ten que ser un partido vertebrador de maiorías; centrado desde o punto de vista das aproximacións con Nueva Izquierda, Izquierda Unida e BNG".

O responsable de política autonómica do PSOE coincidiu coa análise que realiza o BNG (o PSdG-PSOE con Abel Caballero de voceiro rechazou frontalmente durante as pasadas eleccións autonómicas) ao afirmar que "acadar maiorías na Galiza e arrebatar o poder á dereita é un obxectivo político absolutamente imprescindible para esta comunidade".

Tamén lles recordou aos seus compañeiros galegos que "hai un feito que non se pode negar, as eleccións situaron ao BNG por riba nosa", asegurando que "hai moitas políticas que son posibles co BNG". Contradecindo tamén a parte do grupo parlamentar socialista no Hórreo, Jáuregui puxo como exemplo de actuación conxunta cos nacionalistas galegos "a resposta de unidade democrática que se dá no parlamento ante a negativa de Fraga a modificar o re-

gulamento e comparecer na cámara".

Jáuregui non quixo enxuciar directamente as declaracións do secretario xeral do PSdG-PSOE, Francisco Vázquez, declarándose "azoute das autonomías", aínda que afirmou que "cecais non foi a correcta", querendo entendela no senso de pedir máis competencias para os concellos. No documento que está a redactar Jáuregui sobre política autonómica, e que discutiu con Pérez Touriño, Abel Caballero e Miguel Cortizo, abó-

gase pola devolución de protagonismo ás cidades.

Foro do Socialismo Galego

Coincidindo coa visita de Jáuregui a Galiza, apresetouse en Compostela o *Foro do Socialismo Galego*. Presidido polo polémico ex secretario xeral das Xuventudes Socialistas, David Balsa, contou co apoio, entre outros, do ex presidente da Xunta, González Laxe e do intelectual Isaac Díaz Pardo. Laxe referiuse á necesidade de que o PSdG-PSOE "se reen-

contre coa realidade nacional de Galiza, como factor indispensable para artellar un proxecto con vocación de maioría neste país". Díaz Pardo referiuse a que existe no socialismo unha tradición de "reivindicar o noso", puntualizando que o Estatuto de Autonomía foi froito da política posíbel e non da desexábel, criticando que se cedese moito e, agora, "co café para todos, convertiuse ás autonomías en rexións". Na súa referencia estaban expresas as diferencias deste Estatuto co de 1936. ♦

A Consellaría de Familia marcou un fito que é considerado como histórico nos cenáculos da burocracia autoctona. Un Diálogo Oficial de Galiza enteiro coas súas vinte e sete páxinas adicado monograficamente a ordenes que regulan a promoción do emprego e subvencións para a integración laboral. Como complemento e dun xeito didáctico e publicitario o departamento de Manuela Besteiro plantou en toda

canta oficina existe uns expositores de cartón a toda cor -cun feixe de folletos aclaratorios sobre os pasos a seguir para chegar ao obxectivo final de ser persoa con ingresos propios ou por conta allea.

É unha pena que á hora de elaborar estas propostas de fomento do emprego, os asesores e cabezas pensantes da Xunta non tivesen en conta algúns casos nos que se ofrece unha ampla gama de experiencias reais e de éxito con actividades que serviron para dar traballo polo menos ao pioneiro da iniciativa.

Entre as situacións prácticas era un bo exemplo o dun cidadán natural da comarca do Salnés que du-



Corte e confección

rante a súa vida laboral pasou por dedicarse á cría do mexilón en caldeiros de ferver o polvo, ao adestramento canino de mascotas con pedigree entre eles os Foxterrier do Marqués de Rivadulla, a fundar unha academia de azafatas para asistencia decorativa en congresos internacionais e ultimamente a facer tarxetas de visita en empresa popular e con letra rococo. Atende en horario de oficina á entrada da cafetería e le-

va todos os bens móbiles da súa empresa nun malecín de man. Xa antes foran de moita fama as actividades laborais, dun experto retornado, no campo de criar emprego aínda fose simbiótico. O deste era compaxinar o asesoramento en materia de educación co mantemento de media dúcia de ovellas nun *pasteiro* de titularidade autonómica, o reparto de televisores a xornalistas e o transporte de feixes de herba en coches oficiais.

Estes choios teñen ademais a ventaxa de ser innecesaria a cobertura de impresos, dispor de licencias de apertura ou ter capital inicial mínimo. Chega con posuir don de xentes e un contacto que introduza nos ambientes. ♦

O concello de Toen sen rexisto contábel

O Consello de Contas descubriu que o concello de Toen carece de rexisto contábel correspondente a 1994, que non aprobou as contas dese 1988 e que non pechou os exercicios contábeis a partir de 1992. Por estas razóns o Consello non acedeu á información do exercicio de 1994, ano que estaba fiscalizando. Segundo afirmou o Consello de Contas, "non se respetou a legalidade vixente en materia económico-presupostaria". Toen está gobernado por un independente e segundo o PP, principal partido da oposición, o alcalde, Xosé Luis Freixoso, ampara-se na súa condición de avogado para botar man de argucias legais para gobernar incumprindo a lei. ♦



Xusto F. Haro, concelleiro do BNG miondiense.

Racha o goberno de coalición de Mondoñedo

Despois de tres anos de tensión, o concello de Mondoñedo quedou sen o goberno de coalición progresista, ao abandonar o BNG os tres departamentos que presidía. A partir de agora, o PSOE gobernará en solitario. O BNG xa estiveira a piques de abandonar o goberno hai un ano, xa que o alcalde invadía constantemente as áreas que dirixía o Bloque. Finalmente aquela ratura fora adiada e agora o goberno municipal rematou por rachar. A versión do PSOE é que o Bloque actuaba con deslealdade. ♦

NOVIDADES A NOSA TERRA




A NOSA CULTURA 18

Polo reino de Galiza

Vários autores

Un percorrido polo tempo social, político e histórico no que se xestou a lírica medieval galega.

Proximamente á venda



Historia da Lingua Galega

de José Ramón Freixeiro Mato e Anxo Gómez Sánchez



Gramática da Lingua Galega

de José Ramón Freixeiro Mato

I. Fonética e Fonoloxía

II. Morfosintaxe

(en preparación)

III. Léxico e Semántica

(en preparación)

Reservas e información


no teléfono 986 433 830



A comunicación nas mans dos bancos

Enrique Bustamante, catedrático de Comunicación da Complutense critica nas páxinas de LE MONDE DIPLOMATIQUE aos bancos como novos propietarios dominantes da comunicación. "O Goberno pode dicir que o Estado adelgazou pero o que fixo foi transferir unha parte importante do poder político da soberanía popular a grandes grupos industriais e especialmente á bancarios. Intereses agradecidos coma os cუმios directivos acubillados nas empresas privatizadas, que xogarán á contra dun goberno futuro de distinto signo. Electricidade e telecomunicacións son os sectores nos que as comunicacións tiveran maior impcto. A irrupción das telecomunicacións sobre os medios tradicionais é insólita en Europa. O seu poder sobre os novos soportes de televisión só se pode comparar ao de Alemaña, que está a ser investigado pola Comisión Europea. O seu peso económico trae sérias dúbidas sobre a competencia posíbel no mercado, pero sobre todo falsea completamente as regras sobre a competencia nos contidos da comunicación social. A conformación dos grandes bancos españois como auténticos grupos multimedia, suscita graves interrogantes sobre o pluralismo político e de expresión que vai ser posíbel nun inmediato futuro na nosa sociedade". ♦

EL GAT INVISIBLE / EL TEMPS



Sucedera antes

Á INFO EUSKAL HERRIA, a explicación oficial da espionaxe do CESID nas sedes de Herri Batasuna lémbrale ás de feitos que sucederan antes. "Na súa comparecencia parlamentar, o ministro Serra dixo que a actuación do CESID acaía con obxectivos do consello de ministros. O Ministro aferrouse á mesma razón de Estado da que outros botaran man en circunstancias semellantes. Cando mataran en Madrid a Josu Muguruza, parlamentario de Herri Batasuna; cando sorprendieran coas mans na masa a un oficial de Caballería no coche dun membro da Mesa Nacional de HB, hoxe na cadea; cando asasinaron ao militante da ETA Xabier Galparsoro nos sotós da Policía Nacional; cando Josu Zaba, tamén militante da ETA, aparecía suicidado misteriosamente á quilómetros de distancia de onde supostamente recebera o balazo. A esa mesma razón argallada por un dos ministros da lexislatura do PSOE, José Barrionuevo, e por todos os xefes dos GAL, cando estes grupos da guerra suxa, sen aforrar meios, mataron a 28 bascos ou á que levará o CESID e a Guardia Civil a recibir adestramento na Arxentina, nos tempos da ditadura de Videla". ♦

Novo grupo de papel en Portugal

Margarida Cabeleira conta no DIÁRIO DE NOTICIAS que Portucel é a denominación escollida para o novo grupo da pasta e do papel de Portugal, no que se integrarán Portucel e Sporcel. "A Portucel SGPS e a Sporcel están a fazer algumas alteraçoes internas. A primeira prepara-se para limpar particiçoes de modo ficar apenas com três grandes áreas: o negócio branco, a floresta e o negócio castanho. A Soporcel vai aumentar a sua cotizaçao em mais do 14%.

O ministério das Finanças vai ainda definir como será transferida a posição que a Partest detém na Soporcel para o novo grupo já que o braço financeiro do Estado vai ser accionista da Papercel. Em relação à parceria estratégica com os espanhóis da Ence, em estudo está uma integração das duas empresas e tudo continua dentro dos prazos previstos. Jorge Armindo referiu que ainda não passaram os seis meses anunciados e em breve será aberto concurso para encontrar o consórcio bancário que irá fazer a avaliação financeira das sociedades envolvidas neste processo". ♦

Amparo Alonso,

prémio de investigación da Unesco

'Podemos coñecer o estado exacto do feto,
sen axuda médica'

⇨ CARME VIDAL

A aplicación do seu traballo facilitaria e mesmo abarataría a aplicación dunha proba "nada invasiva coas mulleres, é dicir, non agresiva, externa," da que, salvo nos casos de alto risco, se tivo que prescindir pola saturación hospitalaría. Traballa como científica, cunha vontade clara de contribución á medicina das mulleres e formando parte dun sector dominado por homes no que ela encontra espazo para falar da necesidade de "discriminación positiva".

En que consiste a investigación premiada?

Estamos a traballar en intelixencia artificial aplicada a entornos clínicos. A investigación que foi galardoada é un sistema experto para o control fetal antes do parto. Cando unha muller está preñada fanlle unha serie de probas colocándolle unhas bandas no abdome, unha cópia a frecuencia cardíaca do feto e a outra controla a actividade uterina. Deste exame sae unha tira de papel grande que o médico ten que estudar. Nós facemos unha interpretación de forma automática dos resultados da proba, analizamos todos os sinais para ver se hai algunha anomalía, algunha alteración que poda derivar nalgún tipo de problema. Serve así para axudar aos clínicos, dá información cunha serie de recomendacións sobre o estado do feto, se hai que facer unha proba interna...

Ampara así unha das probas máis coidadasas coa muller?

De certo a proba non é nada invasiva pero as súas características non teñen que ver co noso traballo. Nós aplicamos o método a ese test porque é moi utilizado. Os estudos que se fixeron indican que esta proba se facía no comezo rutinariamente até que os hospitais se colapsaron. A saturación hospitalaría levou a que non se aplicara a todos os casos e se seleccionasen só os casos de alto risco para facer o test. Co tempo viuse que se foron incrementando os problemas por non haber o control suficiente. A ventaxa deste sistema é que complementa a axuda médica e pódese aplicar, por exemplo, en entornos rurais onde non hai un especialista a man. Os resultados pódense enviar ao clínico sen que se desprace e nin siquer ten que estar presente no hospital cando se fai a proba.

Require moito investimento económico?

É mínimo. No primeiro momento da investigación aínda se precisaba de persoal clínico para teclear certa información médica, neste momento estamos a traballar cunha automatización completa. A historia clínica estaría dispoñible nas bases de datos e só sería necesario conectala. Existe unha mancha de problemas que poden aparecer nun feto que até un certo momento estaba ben, por exemplo, que teña enrolado o cordón, e iso vaise apreciando nas respostas que dá ao test. A aplicación da proba fai que se poda actuar sobre calquera incidencia.

As mulleres investigadoras están máis sensibilizadas nos temas nos que a muller é ob-

ACABA DE GAÑAR O PRIMEIRO PRÉMIO DE INVESTIGACIÓN PARA MULLERES HELENA RUBINSTEIN-UNESCO POR UN PROGRAMA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL APLICADO A PROBAS MÉDICAS DESENVOLVIDA DURANTE O EMBARAZO. NA MESMA SEMANA EN QUE TIÑA QUE RECOLLER O PRÉMIO EN PARÍS TIVO O SEU PRIMEIRO FILLO, CUN EMBARAZO XA CONTROLADO POLO "SISTEMA EXPERTO" NO QUE ELA TRABALLA. AMPARO ALONSO É PROFESORA DA ESCOLA SUPERIOR DE INFORMÁTICA DA CORUÑA E DIRIXE UNHA DAS POUCAS EQUIPAS DE INVESTIGACIÓN QUE TEÑEN UNHA MULLER Á FRENTE.



A. PANARO

xecto de estudo?

Facemos un traballo de equipo pero os dous grupos de investi-

gación, un na Escola Superior de Informática como no Hospital Juan Canalejo, están dirixidos por mulleres. Particular-

mente interesoume o tema tamén como muller e co afán de facer unha contribución interesante a este aspecto hospitalá-

rio. Hai poucos traballos neste campo dentro da informática, pero cando buscas referencias case todos os dirixían homes aínda que traballaran mulleres. É asombroso que nas carreiras científicas as mulleres estemos presentes nun 50% e que cando se fai unha estatística de cantos traballos dirixidos por mulleres aparecen referenciados por outros colegas o resultado sexa de 0,18%.

Por que entón hai tan pouca presenza das mulleres na investigación?

As mulleres interéstanos a investigación, pero poucas chegamos a dirixir algunha equipa. Inflúe tamén que nas facultades máis tradicionais nas que traballan a estrutura está montada e as equipas funcionan desde hai tempo, e, claro, dirixidas por homes. Os que teñen diante unha muller cóntanse cos dedos dunha man. Cando foi o da concesión do premio, Pedro Lain Entralgo comentou no seu discurso que as cousas estaban mudando. Sinalou que por vez primeira entrara unha muller na Academia de Medicina de España e tamén unha muller gañou o premio Gregorio Marañón; ademais da creación do propio galardón Helena-Rubinstein-Unesco. As cousas van mudando, pero estamos moi lonxe de participar dunha situación de igualdade. Cando tiveren o fillo, moitas persoas, incluso moitas mulleres, comentan que agora xa non vou traballar tanto. Non é que teñamos que estar demostrando sempre a nosa valía, pero si é certo que nos temos que esforzar moito máis. Cando se fala de ciencia, moitas veces dise que tal muller se adicou á investigación porque non tiña vocación matrimonial. Non entendo o que é iso. É necesario cambiar a mentalidade.

Xustifícase así un premio de investigación só para mulleres?

É importante porque estamos nun momento no que se debate arredor da necesidade de falar de discriminación positiva, da representatividade das mulleres nos distintos ámbitos. Isto en canto á parte feminina, desde o punto de vista da ciencia vemos que non está nen apoiada nen valorada, somos un dos países da UE que lle adica unha porcentaxe do PIB máis baixa. Temos moi pouco recoñecemento social e é preciso un maior apoio tanto desde o goberno como desde as institucións académicas e as empresas. É importante que se tome conciencia de que a investigación é importante para un país. No que toca ás mulleres o día que premios como estes non sexan necesario será porque teremos chegado a unha situación de igualdade.

O campo da informática está desenvolvido na Galiza?

Somos unha potencia a nivel mundial, en especial en inxeniería biomédica. Sería interesante que a xente se enteira de que na Galiza a investigación está tendo grandes avances neste campo. Mesmo este sistema, en distintos graos de evolución, xa foi aplicado en dous hospitais, aquí na Coruña e nun de Georgia pero no campo clínico pasa bastante tempo desde que se proxecta até que se aplica. ♦

Mobilizados todos os sectores cidadáns, agás o PP, que di que é unha protesta artellada polo BNG

A sociedade civil de Pontevedra convoca unha manifestación pola defensa da comarca

O Venres cinco de Xuño ás oito e meia da tarde, parte da praza da Ferrería de Pontevedra unha manifestación polo futuro da cidade e da comarca e contra as agresións que padece. O que comezou como unha campaña en contra da segregación da Audiencia Provincial, rematou coa convocatoria dunha mobilización en defensa da comarca na que o ton localista é anecdótico. Todo tipo de colectivos cívicos e sociais participan nun acto no que se autoexcluiu o PP.

Hai tempo que Pontevedra acusa unha crise económica e política por mor da que moitos sectores amosaban o seu descontento, pero foi unha campaña de tintes pontevedresistas —como a oposición á disgregación da Audiencia— a que deu lugar á organización desta protesta. Ao final, a suma de colectivos á mobilización anulou o carácter localista do acto e converteuno nunha manifestación na que o ton que destaca é a defensa da comarca e a denuncia da crise na que está sumida.

Unha Plataforma Cidadá elaborou un documento titulado "En defensa de Pontevedra e da súa comarca" no que se enumeran as circunstancias que comprometen o futuro de Pontevedra. Máis que o documento conserva algúns elementos pro capitalidade, a maioría dos puntos do texto inciden en aspectos como o abandono do campus universitario, a falta de infraestruturas de comunicación, o recorte de servizos ou a



O pequeno comercio de Pontevedra apoia a mobilización. Esta ilustración procede de Merca Vedra, xornal dos comerciantes, e nela criticase a instalación de Continente.

desaparición de departamentos da Administración, a implantación do hipermercado Continente, a instalación da empacadora de Vilaboa e o alto paro na comarca (o maior da Galiza) debido ao desartellamento industrial. No mesmo documento citanse unha serie de causas entre as que destacan a incapacidade do Goberno local para impulsar alternativas, a inexistencia de investimentos por parte da Xunta non sendo en

obras de necesidade discutíbel —como a ponte dos tirantes—, e a tamén inexistencia de investimentos por parte do Goberno central.

Na Plataforma Cidadá conviven empresáries e sindicatos, asociacións de vicinios e comunidades de montes, partidos políticos, asociacións profesionais e comerciantes da zona monumental, e outras organizacións como a Plataforma

contra o Encoro do Umia, a Plataforma Pro Campus Digno, ou a Coordinadora contra a Empacadora de Vilaboa; pero está ausente o PP. O alcalde da cidade, o popular Xan Luis Pedrosa, entre as iras dalgúns dos seus correligionarios —que participan na convocatoria—, arremeteu contra a mobilización e dixo que é unha manobra do BNG e que todos están manipulados pola organización nacionalista. ♦

ENSINO

Diplomados, arquitectos e enxeñeiros técnicos discriminados a respecto dos europeos por non poder opositar ao grupo 1

Universitarios de carreiras medias mobilízanse en contra da reforma do Estatuto da Función Pública

♦ PAULA BERGANTIÑOS

Os campus de Ourense, Lugo e Pontevedra acolleron na última semana de Maio mobilizacións en contra do proxecto de lei de reforma do Estatuto da Función Pública aprobado polo Consello de Ministros. Os alumnos sinalan que o texto elaborado polo PP discrimina ás persoas que estudan algunha diplomatura, arquitectura ou enxeñaría técnica porque, a diferenza do que acontece no resto dos países da Unión Europea, fican incluídos no grupo 2 de funcionarios en troques do 1. Con este texto, que podería debatirse nas Cortes antes do verán, o Estado español pasaría de clasificar os funcionarios en cinco grupos a catro para igualarse a Europa.

A Plataforma Galega contra a Reforma do Estatuto da Función Pública —criada no mes de Maio e na que están integradas asociacións estudiantis dos diferentes campus— exige a modifica-

ción do artigo 31 deste documento en consonancia cos requisitos que se solicitan a nivel europeo para o acceso ao grupo 1 das Administracións Públicas. No anteproxecto do Goberno central establécese que os enxeñeiros técnicos, arquitectos técnicos e diplomados, a diferenza do resto dos alumnos con titulación universitaria, non poderán acceder ao grupo 1 de funcionarios. Estarian incluídos, coas persoas que teñan cursado FP III ou Bacherelato, no grupo 2.

A súa situación non variaría a nivel de Estado a respecto do que acontecía até agora. Nembargantes, segundo denuncia a Plataforma, á hora de opositar na UE estes titulados fícarían discriminados porque terían unha consideración similar a dun bacherelato europeo. Pola contra, calquer diplomado europeo si podería optar por unha praza que no Estado se ofertara para o grupo 1.

Neste sentido defenden que se

existe un regulamento xeral para a función pública na UE o lóxico sería ter elaborado un documento acorde ao marco no que, coa libre circulación de traballadores na UE, estarán inseridos os titulados. Na UE as condicións para formar parte do grupo 1 son ter cursado como mínimo unha titulación universitaria de ciclo curto, cunha duración mínima de tres anos e con carácter terminal.

Por esta razón as Coordinadoras que funcionan nos diferentes campus convocaron varias mobilizacións. En Lugo, os alumnos celebraron un peche nocturno o Mércores 27 e o Xoves 28 máis de dous mil acudiron a unha manifestación ao termo da cal entregaron 6.000 sinaturas ao subdelegado do Goberno, Xosé Antonio Labrada Losada. Estas sinaturas enviáronse tamén a ministra de Educación, Esperanza Aguirre e ao de Administracións Públicas, Mariano Raxoi. Similares mobilizacións

desenvolvéronse en Pontevedra e Ourense. Agora permanecen á espera de que o delegado do Goberno, Xan Miguel Diz Guedes, acepte unha reunión coa Plataforma.

'Un texto centralista e centralizador'

"O Estatuto impide ás Comunidades autónomas legislar a respecto das súas competencias —sinala Xosé Carlos Crespo da CIG-Administración— É un texto centralista e centralizador segundo o cal moitas cuestións, como a retribución dos funcionarios, quedan predeterminadas polo Estado". Este sindicato, que rexeitou o acordo asinado por CCOO, UGT e CSIF, sinala, entre outras críticas, que o documento consagra os principios de mobilidade xeográfica e funcional, nega o dereito á negociación colectiva, á xornada de 35 horas e inclúe medidas como a de ampliar a xubilación voluntaria até os 70 anos. ♦

O BICO NO CERNE



Manuel Soto, Presidente de ADEGA

'A Consellaría criou se para pór en marcha o plano de residuos'

Por que convocan a manifestación en Defensa da terra?

Constamos unha serie de proxectos moi impactantes como a incineración do lixo, os encoros do Umia ou do Sela, os problemas de contaminación das minas de Touro, da ría da Coruña e a progresiva eucaliptización que ameaza con entrar no interior de Galiza coa prantación dunha especie máis resistente ao frío, que provocará unha redución progresiva de espazos de vexetación autóctona.

Espérase que coa consellaría de Medioambiente se atendan os problemas ecolóxicos?

A consellaría era necesaria pero críase para pór en marcha os proxectos máis impactantes como o plano de Residuos. Na política forestal tampouco albiscamos unha mellora e máis ter falado no Consello Galego de Medioambiente deste problema, dubidamos que se dea un avance real mentres consideren ao eucalipto unha especie comercial que non provoca problemas ambientais.

Facilita os contactos coa administración?

Serviu para abrir unha base de diálogo e para saber a quen dirixirse. Tivemos, a principios de Marzo unha entrevista co conselleiro e antes non era factíbel. Un exemplo do seu papel vai ser a decisión que se tome a respecto dos parques eólicos do Xistral.

Pídese a paralización deses parques eólicos do Xistral.

Non ten sentido producir enerxía eléctrica se non é para substituír outros contaminantes ou se non vai acompañado de medidas de aforro enerxético.

En que centra ADEGA o seu traballo?

O tema dos residuos é ao que adicamos máis esforzos. Tamén o espazo protexido para as fragas do Eume e Caurel e zonas como o Xistral e outras ameazadas por minicentrales como o Baixo Miño onde o encoro do Sela vai ser de grande impacto ou as repercusións ecolóxicas das pizarreiras no caso do Caurel. ♦

COMARCAS



A beiramar de Cesantes non cumpre as excepcións previstas pola lei para urbanizar a costa.

Xesús Pérez Varela e Amado Ricón incitaron a urbanizar terreos afectados pola Lei de Costas Reclaman a golpes ao alcalde de Redondela licencias prometidas para especular en Cesantes

➔ G. LUCA

Un grupo de veciños de Cesantes atacou a pancadas e couces o coche da policía municipal no que tres axentes tiveran que protexer ao alcalde Amado Ricón. Os manifestantes son na súa maioría propietarios de terreos xunto ao areal da praia de Cesantes aos que o Partido Popular promete licencias para construír en altura. A irresponsábel promesa do PP dase de cabeza contra a Lei de Costas que afecta a estas propiedades.

A oposición coída que debe ser o Alcalde quen atenda as consecuencias do populista ofrecemento que garantía aos titulares das leiras da beiramar os beneficios da especulación en altura, sen mirar que no Plano Xeral de Ordenamento, en proceso de redacción, a beira da praia está calificada como rural.

Non podía ser doutro xeito porque estes terreos están afectados pola Lei de Costas que impiden edificar dentro de cen metros da liña da pleamar.

O concelleiro de urbanismo de Redondela Alonso Lemos asegurou aos propietarios que contaba co apoio do Alcalde e do actual concelleiro de Cultura Xesús Pérez Varela para burlar a Lei de Costas e promover a urbanización do areal. Para estes valedores da especulación, a Lei de Costas é un tres que se pode matar co as da Lei do Solo da Xunta que admite calificar como edificábel na beiramar o núcleo rural extenso tradicional. Tamén a Lei de Costas establece como excepción edificábel na beiramar a dos terreos que están consolidados como solo urbano, con auga, luz e alcantariñado, o que evidentemente non acae cos campos de Cesantes que están a millo.

Compra de votos

A Alcaldía sabe que o cumprimento da súa promesa podería significar un proceso perdido contra a Lei de Costas, co conseguinte custe político, polo que procura gañar tempo contra a indignación crecente dos donos das terras. Na oposición do Concello califican o caso de Cesantes como unha compra manifesta de votos a cambio de licencias para especular, que dispararían as terras de labor da beira de Cesantes á 10.000 pesetas o metro cadrado.

O mesmo concelleiro de Cultura que o Día das Letras gababa na Illa de San Simón a paisaxe do mar de Cesantes, diante dos escritores asistentes ao congreso internacional sobre os trobadores da Ría de Vigo, está a defender de feito que a praia se opaque cunha cortina de cemento. Neste desingnio especu-

lador conta coa intermediación activa de Amado Ricón, presidente da Comisión de Pontevedra da Deputación de Pontevedra, que fixo no seu programa para a Alcaldía, na moción de censura que descadeirara ao socialista Xaime Rei co voto do tráfuga Francisco Puch, promesa de manter a ferro e fouce o tesouro paisaxístico de Redondela.

A urbanización de Cesantes promovida desde a alcaldía do PP co apoio da Xunta, representa tamén unha proba trascendental para a Lei do Solo fraguista, redactada con ambigüidade calculada para abrir mediante o favor caciquil portelos administrativos que rompan a prohibición de urbanizar zonas de claro interese público. En todo caso, a Xunta remite o regulamento que debería desenvolver a Lei do Solo ás Calendas de Marzal para que o estrago da costa se poda cobrar baixo forma de votos. ♦

Francisco Bello (PP) asegura que todo é falso e que ten licencia de obras

Un concelleiro de Baltar derruba un valado do século XVI para ampliar unha casa

O concelleiro de cultura de Baltar, Francisco Bello (PP), derrubou un valado do século XVI do adro da igrexa de Vilamaior da Boulosa para edificar un muro de bloco sobre o que botou unha placa para ampliar unha casa. As denuncias formuladas diante da Dirección Provincial de Cultura foron arquivadas mála que un informe do arquitecto aseguraba que se trataba dunha agresión ao patrimonio.

Segundo algunhas fontes, o derrubamento de parte do valado da igrexa —seis metros— produ-

cíuse hai dous anos, pero as obras foran paralisadas polo propio autor das mesmas ante algunhas protestas veciñais. Hai unha semana reiniciounas e botou unha placa de formigón. Enriba constrúese unha parede con dúas fiestras que dan ao adro da igrexa. Previsiblemente outra nova placa dará un segundo piso ao edificio, cuxa cornisa quedará á altura igrexa.

A consecuencia das obras producíronse varias denuncias diante de organismos provinciais, pero a Administración autonómica na

provincia non deu resposta sobre o estado dos expedientes tramitados, que finalmente foron arquivados. Mesmo o personamento do bispado de Ourense non conquisou unha resposta positiva por parte da Delegación de Cultura.

Mentres as obras realízanse a marchas forzadas, o alcalde da localidade, Xosé García Sanmiguel (PP) dixo que as denuncias son infundadas e que hai licencia municipal. O concelleiro Francisco Bello afirmou que "todo é mentira", que "había un baixo detrás do muro e ali foi onde se fixo

unha placa con todas as licencias para facer unha vivenda". Bello explicou que o único valado derrubado tirouno o crego hai quince anos para ampliar a cimiterio "pero o povo non llo consentiu". En calquer caso, outros veciños con propiedades arredor da igrexa tentaron edificar pero non acadaron autorización.

Por outra banda, outras denuncias apontan que as pedras do valado do século XVI derrubado foron desprazadas a unha canteira que o propio Francisco Bello ten nun monte comunal. ♦

O ex alcalde de Boiro denuncia a agresión dun simpatizante do PP

Manuel Velo Velo, ex alcalde socialista de Boiro, daba unha roda de prensa o Sábado 30 de Maio para explicar a súa opinión sobre a agresión recibida o Xoves 28 de Maio na saída do salón de plenos. O PSOE local cre que a agresión débese á situación criada polo PP "para presionar ao voceiro da oposición". Velo sinalou que xa atopara ao agresor o pasado 14 de Maio cando foi expulsado polo alcalde, Xesús Alonso Fernández, pero que naquel día só foi insultado. Engadiu que o agresor "é un militante do do PP, ou cando menos unha das persoas que traballan activamente nas campañas electorais pegando carteis e reparando propaganda". Velo, que presentará denuncia no xulgado, indicou que a policía municipal non fixo nada para evitar a agresión e "incluso ríanse dos feitos". ♦

Denuncian a aprobación do orzamento da Deputación de Lugo sen pasar por comisión

O grupo do BNG na Deputación de Lugo anunciou que levará ao xulgado a decisión de Francisco Cacharro Pardo, presidente do organismo provincial, de aprobar os orzamentos sen ter pasado por comisión previa e por carecer do informe do secretario e interventor. No pleno do Venres 29 de Maio, PSOE e BNG manifestaron a súa disconformidade co xeito de actuar do presidente, quen explicou que dera por finalizada a comisión de contas "ao entender que se abstían (a oposición) como fan habitualmente e dixeran que o grupo do PP desestimaba as súas alegacións". ♦

Cámbios de sentido do tránsito nas ruas de Lugo e Vigo

Por razóns diferentes, o comezo do mes de Xuño trouxo consigo un cambio de sentido do tránsito nas ruas de Lugo e Vigo. Na primeira cidade as modificacións débense á peonalización do espazo interior da muralla e á necesidade, daquelas, de dar vías alternativas aos vehículos. No caso de Vigo, o concello reordenou o tráfico do centro e da praza de América nun intento de axilizar o tránsito, desconxestionar a comunicación coa autoestrada, potenciar o uso dalguns vias de comunicación e incrementar a oferta de estacionamento nas zonas afectadas. Nos primeiros días os cambios provocaron atascos. ♦

Implicaría un cambio na concepción das entidades e darlles unha consideración de sector público

O IGAPE anuncia a posibilidade de empregar a Obra Social das Caixas para promoción empresarial

⇨ P.C.

Diego Diz, Director Xeral do IGAPE anunciou, o pasado Martes 2 de Xuño no Parlamento, a posibilidade de que a Obra Benéfico Social das Caixas de Aforros galegas se empregue como mecanismo para subvencionar ás Pequenas e Medianas Empresas (PEMES). Deste xeito os fondos das entidades servirían como sistema de intervención através de participacións de capital nas empresas. A posibilidade de que se poña en marcha este mecanismo de intervención implicaría un cambio na concepción do papel que deben xogar as Caixas na dinámica económica do país. Un papel que podía terse explicitado na lei aprobada polo PP en Maio do 96.

Maioras competencias para o Goberno galego sobre os instrumentos crediticios e financeiros e unha definición clara dos criterios orientadores do investimento, foran as principais demandas presentadas polo portavoz do BNG, Xosé Manuel Beiras, no debate que sobre a Lei de Caixas tivera lugar no Parlamento en Maio de 1996. Daquela, o PP negaba todo intervencionismo nos mecanismos económicos e daba por aprobada unha lei que agora pon de manifesto a falta de definición coa que foi criada.

Proba disto era o anuncio do Director Xeral do IGAPE, Diego



Na anterior lei a Xunta negaba calquer posibilidade de intervención pública no sistema de investimento das caixas. A. IGLESIAS

Diz, quen na súa comparecencia na Comisión de Economía presentaba a posibilidade "en estudo" de botar man á Obra Benéfico Social (OBS) das entidades "para que teñan presenza" na economía. Esta presenza plasmaríase artellando novos mecanismos para subvencionar ás pequenas e medianas empresas (PEMES), cun sistema de intervención através de participacións no capital como fun-

dos de capital-risco.

Desta volta era o parlamentario do BNG, Xesus Vega, quen na súa intervención lembraba que "este é o recoñecemento implícito das graves eivas que ten a lei". Do punto de vista do deputado nacionalista, daquela "non se apostaba decididamente pola presenza das caixas na dinamización da economía do país entendéndoa como entidades pú-

blicas ou semi-públicas" e sen embargo agora anúnciase a posibilidade de botar man da Obra Social para que se empregue como "Servizo Público". Mála considerar que a OBS nace con fins diferentes Vega aseguraba que o BNG nunca se vai opor a que desde estas entidades se financie ás empresas galegas.

Non era esta a visión que defendía o deputado socialista, Abel

Caballero, quen pola contra, subliñaba a oposición do seu grupo a un virtual cambio de concepción ao "adicar a promoción económica" a Obra Social, "porque non sería tal". Co mesmo posicionamento presentábase o deputado do grupo misto, Xosé Manuel Pazos quen tamén insistía nos diferentes obxectivos da OBS.

Plano "Adiante"

Este anuncio integrábase na presentación dun plano aínda en proceso de análise pero co posíbel nome de "Adiante", que segundo o responsable do IGAPE estaría dirixido a apoiar a empresas de nova creación en base a proxectos presentados por empresarios novéis, de alto risco e en fase de proba. Proxectos que son precisamente os máis necesitados do apoio do "capital público" polo alto risco que presentan e que ao entender de Diz conlevaría tamén a "transformación de SODIGA nunha sociedade de capital-risco". Para levar a cabo esta transformación a pretensión do organismo é a de contar cun 51% de capital público e un 49% de capital privado, mentres que até o de agora o reparto mantense nuns dous tercios público e nun tercio privado.

Do punto de vista dos representantes nacionalistas este cambio de definición de SODIGA podería implicar unha perda das funcións actuais do organismo, nomeadamente a de servir como instrumento de promoción económica da Xunta de Galiza. Unha función que pésie á comparecencia e a cantidade de números presentados por Diego Diz "non permite coñecer o grao de acerto das políticas que levan a cabo" explicaba Vega, sobre todo á vista de que "non foron quen de producir, con esas actuacións, un cambio na situación económica do país".

Converxencia europea

Outro dos problemas fundamentais cos que se enfrenta a economía galega é coa capacidade competitiva que terán as empresas do país fronte ás europeas no momento no que se produza a converxencia económica. Para o parlamentario nacionalista o IGAPE debería estar avaliando, ou ter analixado xa, as posíbeis repercusións da futura reconversión, artellando ao tempo os mecanismos que permitan facerlle fronte ás novas situacións e sobretodo, definindo o conxunto dos instrumentos de promoción empresarial e económica que empregará cando se dea a converxencia. Uns mecanismos que polo momento se limitan a unha hipotética transformación en sociedade de capital-risco e á necesaria inclusión dos fondos sociais das caixas para que actuen de forma decidida na promoción e na vertebración das estruturas económicas do país. ♦

AS CERAMICAS DO
CASTRO  **AS**
SARGADELOS  **AS**
 ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS,
 AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO
 DE **FORMAS**  **DE GALICIA**
 E O **SEMINARIO**
 DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
 AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
 UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI
 TANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS



A. IGLESIAS

Nos criterios para a concesión non se ten en conta a realidade das explotacións A Consellaría de Agricultura elabora unha normativa que dificulta a obtención de axudas por parte dos gadeiros

♦ PAULA BERGANTIÑOS

A Consellaría de Agricultura ven de elaborar unha normativa que vai dificultar seriamente a obtención de axudas para ás explotacións agrogadeiras. Segundo denuncia o SLG fronte "a batería de informacións emadadas da Xunta que tentan presentar o agro como un sector superprotexido" este texto, que circula por organismos internos da Consellaría pero que non se fixo público, vai limitar gravemente a obtención das axudas estruturais que para o sector establece o Real Decreto 204.

De aprobarse o documento os titulares das explotacións só poderán recibir por cada 500 quilos de cuota axudas para un metro cadrado de estable. Por outra banda para saber o número de vacas polas que terá dereito a axuda, deberá dividirse a cuota da explotación por 4.300 quilos, e dicir pola vaca virtual.

"A normativa da Consellaría - sinala Manuel Dacal do SLG- significará que as explotacións de 40.000 quilos de cuota ou

menos non van poder pedir subvencións e que as explotacións con cuota suficiente non van poder ter infraestruturas coas dimensións mínimas que recomenda a propia Consellaría, que establece que unha vaca ocupa no estable 15 metros cadrados". O representante do SLG explica cal será a situación máis favorable que se poida dar nunha explotación. "A un titular con 140.000 kilos de cuota e 32 vacas, que sería o número de animais que debería ter segundo a media da vaca virtual, corresponderíanlle axudas por 280 metros cadrados. Sen embargo, segundo as recomendacións da Consellaría, por ese número de vacas, o estable debería ter 480 metros cadrados, polo que fícarían 200 sen axuda", sinala.

Os SLG denuncia que esta normativa non se faga pública e que a Consellaría siga negándose a manter contactos coas organizacións agrarias para negociar este tipo de medidas. "Terían que ter convocado aos sindicatos a unha reunión na que se explicara a normativa para poder transmitirla aos gadeiros -comenta Dacal- Pola contra non só non se

consulta ao sector senón que se oculta a información".

Dificultades para mellorar

As dificultades para facer mellores nas explotacións súmase a exigencia da licenza municipal. Segundo a normativa que circula pola Consellaría, para poder facer obras nas explotacións será necesario solicitar unha licenza municipal pola que haberá que pagar o dous por cento do total do investimento da obra civil. E dicir, nunha estable medio de 5 millóns de pesetas, só pola licenza habería que pagar 100.000.

Á hora de obter o cese anticipado, que pode producirse ao incorporarse un mozo á explotación ou por venda ou aluguer a outra que xa exista, tamén xurdirán problemas. En ambos os casos as explotacións de carne resultantes do cese anticipado terán que ter 8 Udes (Unidade de Dimensión Europea) ou o que é o mesmo 9.600 Ecus. "Para conseguir 8 Udes son necesarias 52 vacas, unha cantidade que é moi difícil atopar nas explotacións", sinala Dacal. A is-

to engádeselle outra limitación. Non poden existir máis de 2 vacas por hectárea, co que para poder ter 52 vacas sería necesaria unha explotación de 26 hectáreas. "E isto sen contar os becerros -engade Dacal- Cada becerro conta como 0,6 unidades de gando, polo que para catro becerros sería necesaria unha hectárea máis".

Outro das cuestións que preocupan actualmente ao sector e o da identificación da reses. A normativa europea establece que o gando bovino ten que estar identificado cun crotal en cada orella. Para facelo a Consellaría contratou veterinarios colaboradores, persoas que non son funcionarios e que cobran 400 pesetas por marcar cada animal. O SLG pon de manifesto que para os gadeiros do sector vacuín isto supón un novo gasto obrigatorio se queren colocar a súa mercancia no mercado e que para os do sector do leite supón menos axilidade na venda. Teñen que estar pendentes de que estas persoas acudan a marcar o gando e iso retrasa a venda, provocando un gasto suplementario. ♦

M. VEIGA

A importancia do IRPF

A reforma do IRPF beneficia ás rendas grandes, segundo o PSOE. O PP, en cambio, opina o contrario. Deixando a un lado a fiabilidade que cada quen lle outorga a cada partido e baseándose só nos argumentos que se ofrecen non resulta doado establecer un criterio propio. En primeiro lugar porque a información que provén das empresas de comunicación semella demasiadas veces unha cortina de fume, en segundo lugar porque a maioría dos expertos que poderían facer máis intelixíbel a reforma non son neutrais e poucas veces mostran interese en que a xente comprenda con máis claridade en que consisten os impostos. En terceiro lugar, porque críticos desde a esquerda como Borrell foron

antes ministros e tiveron xa boa oportunidade de realizar o que agora reclaman.

Deixando a unha beira os piores tecnicismos e as máis barrocas clasificacións, é un dado obxectivo que os impostos ás rendas altas foron elevándose nos primeiros anos da democracia, para frear despois, de modo que a presión impositiva no Estado español está aínda por baixo da da maioría dos países da UE. A reforma do PP rebaixou o tipo de gravame máximo, o que claramente beneficia aos máis ricos. Por outra parte as dificultades do pequeno comerciante e do asalariado cos impostos son o suficientemente visíbeis como para que non seña necesario desmiazar a lei.

A reforma fiscal e a rebaixa de impostos ás rendas altas custaralle ao Estado este ano 400.000 millóns de pesetas, perda só compensada pola venda de empresas públicas rendábeis. A factura virá dentro de poucos anos. Cómpre, en todo caso, ter en conta que o IRPF é un dos poucos mecanismos de solidariedade que existen, un dos poucos correctores da desigualdade que xera o denominado mercado libre. Defender un IRPF máis progresista debería ser unha urxencia para todas as forzas que non desexan que nesta sociedade as diferencias sociais cheguen a ser tan grandes como nos Estados Unidos, onde o 10% da poboación posúe o 45% da riqueza. ♦

Máis perigosos os sindicalistas dos piquetes que os alcaldes con escopeta

O Tribunal Constitucional non admitiu a trámite o recurso de amparo presentado contra a sentenza que condena ao secretario comarcal da CIG de Ourense, Etevlino Blanco, por coaccións na folga xeral do 27 de Xaneiro de 1994. Desta maneira queda confirmada a sentenza condenatoria da Audiencia Provincial e que constaba dunha pena de catro meses de arresto maior e 100.000 pesetas de multa. Con todo, non existe a obriga de cumprimento de condeas por reunirse os requisitos exigidos no Código Penal para obter os beneficios de suspensión da mesma.

Cabe lembrar que Etevlino Blanco fora absolto en primeira instancia polo Xulgado do Penal número 1. A CIG considera que a sentenza posterior da Audiencia Provincial constituía "unha aberración xurídica", por canto "se modificara o relato dos feitos probados que se recollían na primeira sentenza". A central nacionalista sinala ademais que non se tiveran en conta as declaracións de numerosas testemuñas.

"Contrasta esta condeas - sinala finalmente este sindicato- coa ridícula sanción económica de 150.000 pesetas, en xuízo de faltas, contra o alcalde de Pereiro despois de que el e o seu irmán recibiran con disparos a un piquete da folga do metal e demostrando no xuízo que colocou unha escopeta na cabeza dun compañeiro". ♦

O Goberno pide a redución de custos en Astano

Cómpre reducir custos en Astano para que a factoría ferrolana "acade o limiar de rendabilidade e competitividade necesario" afirmou o Goberno central en resposta a unha pregunta formulada polo deputado do BNG, Francisco Rodríguez.

Segundo o Executivo, "o futuro industrial de Astano depende da evolución que apresente o mercado de construción de plataformas petrolíferas e do resto das unidades flotantes". Rodríguez lembrou, neste sentido, que "Astano é o único asteroiro ao que se lle impide construír barcos", conforme advirte das medidas regresivas que prepara o Goberno e que poderían consistir na privatización dalguns departamentos ou na diminución de persoal. O BNG lembra tamén o importante número de subcontratas ás que xa recorre o asteroiro. ♦

Directivos e medios de comunicación presentan os seus particulares intereses como se fosen xerais

A hipocresía dos dirixentes do fútbol espectáculo

⇨ PUCHEIRO

No Celta láianse da marcha de Irureta, no Compostela ameazan ao Goberno municipal, no Deportivo non aclaran as contas e Baltar Pumar, presidente da Deputación de Ourense, merca parte do clube sen explicar de onde veñen os cartos.

Cando Maguregui deu por rematada a súa etapa no Celta e decidiu fichar polo Atlético de Madrid, en Vigo montaron unha churumicallada que facía chegar o mar a Bouzas. Tamén se mostraron abraizados cando Rojo, insultado unha tarde si e outra tamén polos de tribuna, decidiu marcharse ao Osasuna. Agora, con Irureta (outro basco) voltan os mesmos laios e os mesmos insultos: "peseteiro", "desagradecido", "traidor"... Nesta ocasión a aldraxe está agravado porque o treinador, ao que estiveron nun chis de cesar hai só tres meses, se vai ao Deportivo.

Comeza deste xeito unha batalla anticorufesista na que se implican directamente os medios de comunicación (algun con sé na propia Coruña), para aproveitar o localismo como motor das vendas uns e, outros, por non medir as consecuencias da súa visceralidade rediofónica. Sempre hai médio cento de persoas que se suman á cruzada local e realimentan a información, facendo aparecer a indignación cidadá como realmente existente.

Danlle un carácter de representatividade ás equipas de fútbol que non teñen máis alá do propio campo de xogo. Esquecen que é un espectáculo, tan profesionalizado e tan deturpado como pode ser o *strip tease*, no que os artistas teñen que buscar a vida como mellor poden, segundo a comenencia, non sempre económica (como explican no Celta que se lle marchen sempre os treinadores que triunfan?). A procura do localismo como motor é a da conciencia máis primixénica. E son estes directivos que se laian os que non teñen xénio



César Augusto Lendoiro, presidente do Deportivo da Coruña.

en encher de extranxeiros os clubes; os que, nun ano, queren facer *patrón* a calquera treinador e poñen na peana, como santo das esencias, a un xogador recién chegado; os que se esquecen da canteira, sacrificando as equipas das categorías inferiores, desfacendo as equipas da localidade que non controlan, demandando da Administración pública instalacións que non poden usar o resto dos cidadáns, mentres tiran os millóns en gorras de

imaxe. En suma, non se queren dar conta que son sociedades anónimas a todos os efectos. O seu carácter de ben social é cada vez máis discutíbel.

Compostela sen ximnásios públicos

Nesta guerra cos concellos é o presidente do Compostela o abandeirado. Arremete publicamente contra o maior accionista e, pola boca pequena, fala de pedir o voto para o PP nas próximas eleccións municipais se non o apoian. Unhas veces é pola pretensión de construír campos en terreos non aptos urbanisticamente, outra polo mal estado do terreo de San Lázaro, porque non ten campos de treinamento, non recibe a fama que demanda ou hai algunha crítica máis que xustificada por parte dos políticos. Tanto ten, igual dá. Pero o concello de Santiago gasta na S.D. Compostela máis de 4 millóns de pesetas ao mes, en aspectos como o pagamento da luz e a auga do estadio ou o mantemento dos distintos campos, desde os de treinamento, a San Lázaro ou Santa Isabel. Este malbarate social é máis criticábel por canto en toda a cida-

de non hai nen un só ximnásio municipal onde os cidadáns podan practicar deporte. E esa si que é a obriga dun concello.

As guerras de Lendoiro con Vázquez non foron obstáculo para que se remodelase o estadio de Riazor con cárrago aos erários públicos, inutilizando as pistas de atletismo e deixando aos atletas sen ter onde practicar. Pero Lendoiro, tamén presidente da Deputación, négase a dar conta detallada de quen son os accionistas do Deportivo, máis aos interditos legais. Lendoiro, que olla o clube como unha verdadeira empresa, procurando a rendabilidade, non se somete ás regras das sociedades públicas nen tampouco ás ansias dos siareiros. Lendoiro caeu na autosuficiencia.

Outro presidente da Deputación, Xosé Luis Baltar, mercou a maioría das accións do Ourense a Antonio Asénsio, 130 millóns de pesetas, pretendendo fusionar aos tres clubes da capital (o de baloncesto, fútbol e fútbol sala, o primeiro presidido por un seu fillo que, cando descendeu, se *deo conta* de que é incompatíbel co seu cárrago como Delegado de Agricultura). Baltar non explica de onde lle ven o diñeiro. As primeiras accións que mercara pretendeu logo venderlas á Deputación, ao que se opuxo o BNG. Despois decía que había moito quen estaba interesado nesa compra.

Pero se o BNG se opuxo en Ourense a esta operación, a maioría dos políticos, incluídos os nacionalistas e de esquerdas, déixanse levar polos intereses particulares dos medios de comunicación. Confundindo a opinión pública coa opinión publicada, están convencidos de que a maioría da poboación é mimética do localismo futbolero que rezuman a maioría dos medios de comunicación e non se atreven (ou non saben) contrariar a esa minoría localista e siareira, situando ao deporte na escada social de servizo básico e ao fútbol das primeiras división na dimensión do espectáculo deportivo. ♦

A. ESTÉVEZ

Pais, fillos, negros e fútbol

Imitan ao unísono o bramido dos monos cada vez que un xogador negro da equipa rival toca o balón. Son un pai e un fillo no estadio. Coma eles, miles de afeizoados corean o mesmo son. Ao tempo, o árbitro, que pitou ao equipo da casa unha falta dubidosa, é un "maricón" que seguramente "gosta de que lle den" nos vestiarios, comenta a voz en grito unha nai ao seu cativo de sete anos. "Me cagho no neghro de Dios", sinalaban noutra grada un par de xubilados referíndose ao xa condenado. E, por rumores, sábese que o dianteiro rival é un "cornudo" e que a súa casa é un "puticlub". Os nenos, que a miles convértese nos novos siareiros do fútbol, asimilan con rapidez, animados polo seus pais, que hai negros, maricóns e xanciños. Explicánlle que no fútbol todo vale para que o contrario amoleza. O difícil é explicar, cando o partido remata, que non hai que confundir o fútbol coa realidade. Ou se cadra, o comportamento do pai agacha unha forma de pensamento que non se limita só ás dúas horas de partido. ♦



Sen bolsas de axuda ao estudo por ter unha vaca ou unhas galiñas

Estudantes e partidos da oposi-

ción protestan polo recorte dos cartos destinandos ás bolsas de axuda ao estudo por parte do Ministerio de Educación. Ter un eido ou gado na casa poden ser obstáculos para recibir a axuda económica universitária? Segundo as denuncia, si. Medra o número de universitarios galegos e, en troques, descende a cantidade de beneficiarios das bolsas. Nos datos dados a coñecer polo deputado socialista Xosé Blanco, a redución de orzamento das bolsas de Galiza foi este curso 1997-98 dun 33%. Se no pasado curso, destináronse 5.053 millóns de pesetas, e no de 1995-96, 5.240, neste reducíronse a 3.380 millóns.

As bolsas compensatorias, aquelas que se destinan ás persoas con menos recursos económicos -aproximadamente cunha renda per cápita que non supera as

250.000 pesetas anuais- son das que sofren un maior recorte. Trátase dunha axuda para o curso de ao redor de medio millón de pesetas. A orde que as regula, publicada o 30 de Xuño do pasado ano, sinala que se denegarán estas axudas a quen dispoña de "elementos patrimoniais", sen contar a vivenda propia. Estos abranguen fincas urbanas, actividades comerciais, industriais e profesionais, explotacións agropecuarias, e títulos, valores, dereitos de crédito de fácil realización ou diñeiro en efectivo existente en depósitos bancarios a disposición de calquer membro computábel da familia.

Isto tradúcese en casos concretos: se os pais son pensionistas e posúen algunha finca ou un millón de pesetas no banco, os fillos perden o dereito á axuda ao considerar o Ministerio de Edu-

cación que ten recursos de abondo para costearse o curso universitario. Pero, ademais, segundo o BNG, que ven de presentar unha iniciativa no Congreso, no rural danse casos máis incongruentes. Os nacionalistas sinalan que ter unha conta corrente é "o máis normal" e que non pode ser un motivo de denegación de axuda "porque pode ter só 1.000 pesetas".

Por outra parte, segundo esta formación política, os criterios de adjudicación non teñen en conta as moitas explotacións agrarias galegas que contribúen á economía de subsistencia. "Así pode darse o caso de estudantes do rural galego que declaren que a súa familia ten algunha vaca, unhas dúcias de galiñas e algun cocho, e fiquen excluídos de percibir axudas compensatorias", din. ♦

A ANOC contra o Día das Forzas Armadas na Coruña

A Asemblea Nacional da Obxección de Consciencia (ANOC) amosou a súa repulsa ante a celebración con motivo do "Día das Forzas Armadas" na Coruña o Xoves 4 de Xuño, que conta coa presenza do Rei Juan Carlos. "Que Galiza sexa a nación do Estado español onde o rechazo ao exército aumenta -como o demostran as cifras de obxeccións superiores ás de quintos- cremos que ten moito que ver coa visita dos reis de España á Coruña para ensalzar os valores militares", sinalan.

Desde a ANOC convócanse mobilizacións por diferentes puntos do país contra os actos militares, que culminan nunha concentración na Praza do Toral de Santiago ás oito e media da tarde do día 4 baixo o lema "Galiza contra o exército español". ♦

Pregunta por unha empresa que asume funcións da CRTVG

O grupo parlamentario do BNG, a través do deputado Eduardo Gutiérrez, ven de interesarse pola empresa de recente creación *Retegal* a instancias dos tres membros do consello de Administración da CRTVG pola formación nacionalista, Tareixa Navaza, Francisco Pillado e Francisco García.

Segundo os nacionalistas, a creación desta empresa supón "a asunción das funcións que antes desenvolvían traballadores adscritos á CRTVG" e sinalan que "existe unha grande inquedanza entre o persoal da rede sobre o seu futuro laboral". O BNG solicita saber cal é o futuro laboral destes traballadores e, no caso de que se integren en *Retegal*, en que condicións o farían. ♦

Os parlamentarios cataláns peden o indulto para un condeado polo desaloxo de okupas

A excepción do PP, os partidos representados no Parlamento de Catalunya, CIU, PSC, IC, ERC, PI e PCC, solicitaron o indulto á ministra de Xustiza, Margarita Mariscal, para un mozo condeado a raíz do desaloxo do cine *Princesa* de Barcelona, acontecido en Outubro de 1997. A sentenza sinala dous anos de prisión por atentado e un ano por desordes públicos. É o único dos rapaces xulgados que pode ir ao cárcere, o cal é considerado unha "desproporción" polos parlamentarios cataláns que consideran os feitos de "pouca gravidade". ♦

Uns cumpriron ordes, outros loitaron contra ETA e Vera e Barrionuevo non se enteiraron

As tres liñas do xuízo Marey

⇨ A. EIRÉ

Nun xuízo non se busca a verdade, senón a *verdade procesal*. Pero no que se está a celebrar polo secuestro do cidadán basco Segundo Marey saen á luz argumentos das testemuñas que non só aparecen como verosímiles, senón que se converten en evidentes. Evidencias negadas até de agora incluso polos encausados convertidos e acusadores.

Existen tres posturas claras entre os 12 encausados. Os policías e gardas que realizaron a operación do secuestro afirman que "cumpriron ordes", acobhándose na obediencia debida. Os mandos e implicados políticos (Alvárez, Sancristóbal e Damborenea) apésentanse como "loitadores contra ETA" e nada menos que defensores das liberdades. Vera e Barrionuevo negan estar implicados, afirmando que eles non autorizaron o secuestro.

Tres son tamén as liñas de defensa existentes. A primeira, por parte dos directamente implicados, confesos da súa participación, é a de negar que se demandase nada a cambio da posta en liberdade de Segundo Marey. Esta liña de defensa non só non permitiría aclarar procesalmente os sucesos que se xulgan, senón que prescribiría o delito. O cerne da cuestión está en probar que existiu un comunicado remitido á Cruz Vermella no que se demandaba a posta en liberdade de catro *Geos* detidos en Fráncia cando quixeron atentar contra José María Larrachea, ou se o secuestro de Marey foi *unicamente* unha "acción" da policía española, unha "detención normal" en chan francés aínda que se violasen todas as garantías.

Se non se proba a existencia dese comunicado, non existirá "secuestro", polo que o delito prescribiu xa hai máis de catro anos (aos dez de cometerse), agás para Amedo e Domínguez por ter o fiscal aberto dilixencias con anterioridade á prescripción. Se houbo secuestro, o delito está en vigor, porque a súa prescripción non se produce até pasados 15 anos. Garzón apurou por iso as implicacións de Amedo e Domínguez tan pronto saíu do Ministerio do Interior.

A outra liña de defensa dos confesos, por iso asumen a súa autoría mesmo ideolóxica (Sancristóbal), baséase en implicar a toda a cúpula de Interior e ao mesmo Felipe González (no caso de Damborenea). Trátase de que apareza como un crime do Estado, cometido nunhas circunstancias atenuantes de "servicio á Pátria" para evitar a rebelión militar (Sancristóbal). O que procuran é un indulto colectivo, unha *Lei de Ponto Final* que esqueza a *guerra suxa*, como lles prometera Álvarez Cascos. Só apresentadas estas accións como *crimes do Estado* poderían librarse das penas por un indulto colectivo.



Amedo, á dereita co seu avogado e a súa dona, abriu as declaracións inculpatórias contra a cúpula de Interior.

Tanto Rafael Vera como José Barrionuevo negan toda implicación. Saben que é difícil probar a súa participación. Non hai documentos, nen fotografías (senón xa terían aparecido) e será a palabra duns implicados contra a doutros, que, ao ser encausados e non testigos, poden mentir. Como afirmou Rafael Vera nas súas declaracións, nen el nen Barrionuevo ordenaron "actuacións fóra da lei", pedíndolles aos demais implicados que non acochasan a súa responsabilidade nunhas

ordes que nunca existiron.

Recoñecemento explícito

Ao mesmo tempo que as disputas procesais, están a aparecer corroboracións de análises políticos realizados con anterioridade por *A Nosa Terra*, e negados pola maioría dos hoxe implicados e pola case totalidade dos medios de comunicación. Relátase por parte de Sancristóbal e Damborenea o clima existente no PSOE e en boa parte da sociedade española, que pedían

"acabar con ETA como fose". Tamén se pon de manifesto nas súas declaracións a "consonancia" destas medidas co que pedían os militares, aínda sen querer recoñecer que era unha imposición do 23-F (Vera quixo retrotraer os GAL, como sigla a 1979 confundíndos cos *Grupos Armados Revolucionarios*).

Outra das circunstancias que quedaron reflexadas axeitadamente nas declaracións, sobre todo de Damborenea, foi o motivo polo que saltou o escándalo dos GAL. Afirmaron, en coincidencia co escrito daquelas nestas páxinas, que Felipe González comisionou a Belloch (poñéndoo á fronte de dous ministerios para poder realizar a función) para que producise unha "voadura controlada" (palabras de Damborenea) da cúpula do Ministerio do Interior pola necesidade de facer unha limpeza para presentarse de novo ante a sociedade, tal e como prometera nas eleccións. Este efecto contou cunha forza inesperada, a de Mário Conde, que multiplicou a vaga expansiva producindo o derrumbe do PSOE e a chegada do PP, que usou a deflagración como arma electoral. O que pretenden agora os distintos implicados é tentar salvarse da cadea. Pero este só é o primeiro caso GAL. Seguirán máis xuízos que revelarán outros aspectos novos e ademais con mortos e non secuestrados.

M. VEIGA

Fraga contra Pujol

Manuel Fraga, o presidente da Rioja e o de Valencia veñen de facer fronte común contra a proposta de que o Senado recoñeza os "feitos diferenciais catalán, basco e galego". Os tres presidentes autonómicos do PP compareceron o pasado 2 de Maio ante a ponencia de reforma constitucional para opinar sobre a proposta de Joan Rigol de CiU que viña apoiada por PNV e BNG. A iniciativa nacionalista pretendía que as tres nacionalidades históricas tivesen dereito a veto no Senado, así como capacidade para establecer recursos de inconstitucionalidade.

Manuel Fraga, péis a representar a unha das tres nacionalidades históricas, foi o que máis afondo se empregou contra a proposta ao entender que "era un ataque aos principios constitucionais".

Este debate produciuse catro meses despois de que o representante de CiU presentase a súa proposta, o que levou a José Bono, presidente de Castilla-La Mancha, a opinar que "probablemente o Goberno non ten moito apuro en facer modificacións para que o Senado seña unha Cámara territorial".

O PP veta debater a lei do aborto

Ante a eventualidade dunha derrota, o Grupo Parlamentario do PP no Congreso rexeitou, na Xunta de Portavoces da Cámara baixa, incluír no pleno da semana vindeira dúas proposicións de lei do PSOE e IU para regular varios aspectos da interrupción voluntaria do embarazo, mediante os que se ampliaría o aborto dos tres supostos legais agora existentes a outros novos.

O veto imposto polo PP débese a que non ten votos dabondo como para impedir o triunfo destas proposicións de lei, xa que a maioría dos deputados do Congreso están a favor da ampliación dos supostos de aborto. O PSOE indicou que pensa exixir que se cumpra o Regulamento do Congreso para que se debatan estas dúas iniciativas.

Esquerda e dereita portuguesa a prol dun debate para legalizar as drogas

Un acto convocado pola Asociación Portuguesa Antiproibicionista celebrado o Sábado 30 e Domingo 31 de Maio en Lisboa, serviu para que partidos de esquerda e dereita pediren a legalización das drogas e a súa entrega de balde ou moi barata aos consumidores.

Malia esta manifestación a prol do fin do proibicionismo, o propio presidente da República, Jorge Sampaio, que tamén se manifesta pola legalización, terciu na polémica e dixo que é preciso o debate, pero que debe ser meditado. Abondando neste aspecto, outro ministro afirmou que a medida non pode ser unha decisión unilateral de Portugal.

Esquerda Unida i Alternativa referente de Izquierda Unida en Catalunya

Esquerda Unida i Alternativa é o nome da forza política que será referente de *Izquierda Unida* en Catalunya, despois de rachar esta última organización con *Iniciativa per Catalunya*. EUA naceu nun congreso constituente celebrado os días Sábado e Domingo, 30 e 31 de Maio. A nova organización, ideoloxicamente moi plural —hai militantes e dirixentes procedentes do *Partit Socialista Unificat de Catalunya*, do *Partit dels Comunistes de Catalunya* e mesmo de ámbitos libertários— aspira a algo máis que ocupar o espazo político de IC.


AS·PG
Asociación Sócio Pedagóxica Galega

Unha obra...
ART
Barroca
UNHA VIAXE APAIXONANTE POLA ARQUITECTURA, ESCULTURA E PINTURA NOS TEMPOS DO BARROCO.
redonda.

CD-ROM «Arte Barroca»

Unha viaxe apaixonante pola arquitectura, escultura e pintura nos tempos do barroco.

A arte barroca galega e a arte barroca universal en máis de 300 imaxes, animacións infográficas, vídeo e audio e xogos de aprendizaxe. Unha viaxe apaixonante pola arquitectura, escultura e pintura nos tempos do Barroco.



P.V.P.
3.900 ptas.

50%
Desconto a soci@s

Rúa de Laracha, 9 -baixo • 15010 A Coruña
Tel./fax: 981 278 259

E-mail
publicacione@as-pg.com
informacion@as-pg.com

www.as-pg.com

20 anos de experiencia
con especialistas
a tua disposición

BOLETÍN DE ASOCIACIÓN

NOME _____ D.N.I. _____

ENDEREZO _____ C.P. _____ LOCALIDADE _____

MATERIA QUE IMPARTE _____ CENTRO DE TRABAJO OU ESTUDO _____

TELÉFONO _____ SITUACIÓN En activo Estudante Parado

PAGAMENTO DOMICILIADO

BANCO/CAIXA DE AFORROS _____ TITULAR _____

CONTA OU LIBRETA _____

Sírvan-se tomar nota, e atender até novo aviso, con cargo á miña conta os recibos que ao meu nome lle sexan presentados pola ASOCIACIÓN SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (AS·PG).

DATA _____ SINATURA _____

Remitir a: Rúa de Laracha, 9-baixo • 15010 A Coruña • Tel./fax: 981 278 259

AS·PG
Asociación Sócio Pedagóxica Galega

AUDIOVISUAIS



Hispanas diante un mural do One Stop Immigration and Educational Center de Los Angeles.

A. IGLESIAS

Califórnia suprime o español das escolas

O fracaso do Melting Pot

♦ M. VEIGA

Los Angeles é unha cidade de casas baixas. Só no centro financeiro hai un grupo de rañaceos que serven de carátula a multitude de series de televisión. Os barrios hispanos son os máis extensos. Dise que un 40% da poboación é desta orixe étnica e a maioría sabe que aquilo lles pertenceu. Non por casualidade a orixe da urbe está en Pueblo Nuevo de Nuestra Señora de Los Angeles, hoxe o barrio antigo da cidade.

No One Stop Immigration and Educational Center, un edificio que pola súa concurrencia, taboleiros de anuncios nas paredes etc., semella o equivalente a unha das nosas asociacións de viciños, chaman a atención os avisos de clases de inglés. O seu director Juan José Gutiérrez, o líder da protesta máis numerosa de hispanos que se lembra nos Estados Unidos —un millóns de persoas en Nova Iorque hai un par de anos— exprésase en inglés, aínda que por suposto domina o español. No centro e nas palabras de Gutiérrez respírase conciencia étnica e mesmo se diría que de esquerdas, coa sutileza necesaria para non causar alarma nos bempensantes conservadores anglos. Pero todos consideran que o primeiro que debe facer o inmigrante, mesmo o ilegal —que eles chaman simplemente *indocumentado*, posto que xulgan que non co-

meteu nengun delito— é aprender inglés. Sen o coñecemento preciso dese idioma non se pode deixar de ser un marxinado.

As falsas noticias que se dan en España

O resultado do referendo celebrado o pasado 2 de Maio sobre o bilingüismo mostra o fracaso do cruxol étnico (*melting pot*) moitas veces voceado polas autoridades e os medios de comunicación norteamericanos. A maioría da poboación votou contra as escolas en español e inglés. Se o Senado dá o visto bon á lei emanada desta votación, 1,4 millóns de nenos español falantes deberán mergullarse nunha escola onde só se fala inglés. A experiencia bilingüe toca fin ou cando menos queda seriamente ameazada.

Os xornais de España pregoan a importancia do español en USA e prevén a existencia de 80 millóns de falantes naquel país dentro de trinta anos, contando a tendencia inmigratoria e o crecemento xeneracional, pero esquecen o dito ao principio: todo o inmigrante quere que os seus fillos aprendan o máis de contado posíbel o inglés. De feito, os hispanos de segunda xeneración apenas coñecen o español e os de terceira ignóranlo completamente. O Estado español tampouco fai nada por defender ou prestixiar o seu idioma nos Estados Unidos. Insístese moito na supos-

ta importancia do español en Norteamérica, pero só dentro das fronteiras peninsulares. En Califórnia, por exemplo, poucos saben sequer onde queda España e moito menos teñen noticia de algo chamado *Instituto Cervantes*, organismo destinado a promocionar o castelán en todo o mundo.

En Santa Bárbara, unha localidade tranquila, famosa pola súa praia e por contar no territorio do condado co rancho de Reagan, o restaurante do Hotel California está atendido por camareiras de rasgos hispanos. Das cocinas saen ecos de español, pero cando nos diriximos á camareira fai que ignora o que decimos e responde en inglés. Só despois de moita insistencia e unha vez que se decata de que somos europeos e polo tanto inofensivos para ela a efectos laborais ou sociais, acepta respondernos en castelán. A diglósia é un feito moi real e facilmente perceptíbel para un galego, acostumado a recoñecer a estigmatización social da súa lingua.

Claro que os perxuros contra o español en Estados Unidos son ben máis fortes que os que existen contra o galego hoxe en día. Pódese dicir que un equivalente habería que buscarlo na situación da nosa lingua nos anos coarenta ou cincuenta. Iso explica que unha boa parte dos votantes contra o bilingüismo fosen precisamente hispanos. ♦

EINSENSTEIN

CENTENARIO DUN CINEASTA REVOLUCIONARIO



A NOSA TERRA
Nº 833 • 4 • XUNO • 1998

Para moitos críticos o cinema nace e engrandécese con Eisenstein. Os seus máis sonados filmes son considerados como obras mestras do século XX. Unha etapa histórica que coñeceu tamén a Revolución de Outubro e dela o cineasta letón considerábase protagonista e debedor. Proceso revolucioná-

rio que arrastrou as vangardas literarias e artísticas e ao que Eisenstein dota dunha linguaxe renovada servíndose da arma do cinema. Unha ferramenta que utiliza en defensa das conquistas individuais e colectivas dos *soviets* e como denuncia radical a calquer forma de explotación do home polo home.

O sentido de Eisenstein

X. ENRIQUE ACUÑA

En plena guerra contra o nazismo, o antigo estudante de enxeñaría e arquitectura Serguei Eisenstein sentía os problemas estéticos relegados para mellor ocasión. Naquela confrontación bélica, a defensa das pátrias e da Humanidade viña a ser tarefa principal dos progresistas. Era unha loita épica contra a barbárie e el asumiu un papel de vangarda. De resistente na defensa da democracia e do socialismo.

Época para facer chamadas a non abandonar o traballo criador e teórico mentres os combates ameazaban a integridade dos territorios letón e ruso. Baixo o perigo dos bombardeos do exército alemán, Eisenstein escribiu o mellor e o máis compacto dos seus discursos, con vistas a ser divulgados en Occidente, sobre o sentido que tiña que tomar o cinema. E plásmalos infecto dun virus creativo derivado da irrupción do sonoro e a toma de consciencia por parte do cineasta da revolución audiovisual que sen dúbida ía significar. Os lectores americanos, os estudiosos do cinema sentiron o impacto das ideas de Eisenstein sorprendidos do seu coñecemento antolóxico da cultura occidental.

Para presentar os seus achádegos sobre a montaxe —un aspecto básico da práctica e da teoría do cinema— sèrvese experimentalmente dunhas leituras ás que lle concede unha base conceitual pola que sobardar os seus sentimentos artísticos; na narrativa de Dickens e Maupassant, na poesía de Whitman; nos clásicos españois Garcilaso e Góngora atopa sensacións que adopta no seu cinema. O mesmo no *Paraíso*

perdido de Milton, libro que consideraba escola de primeira orde para o estudo da montaxe e as relacións individuais, en Tolstoi, Gorki, na poesía de Pushkin e Maiakovski —con Machado aproveita para considerar máis comovedora unha vitória republicana que unha obra de Beethoven...— ou nos relatos de Lewis Carroll. Do mítico contista recolle o significado do azar e a dualidade na escrita para transmitirlos á montaxe cinematográfica.

Fontes que mesmo bebe na pintura. Na de Van Eyck e Delacroix. E concentra a disección en dous pintores e dúas obras mestras: o *Dilúvio* de Leonardo e a *Vista e plano de Toledo* de El Greco. Peza que Eisenstein consideraba un tesouro onde extraer constantes da montaxe fílmica. Chegada a cor ao cinema baséase nas simboloxías de Picasso e Van Gogh —o sol e a estrela— descubriendo

a correspondencia das cores coas épocas —ao igual que o jazz e o século XX— e os sentimentos —citando a Grosz e Rodchenko. En Machado e Whitman le o amarelo —nesa cor quer os traxes dos verdugos, dos traidores, dos enganados, dos sindicatos vaticanistas— e co vermello —contundente— sèntese fillo de Marx e de Zola.

Na tradición de Rimbaud sabe do todo orgánico que son a palabra, a música e a cor e reitera en 1929, con Pudovkin e Alexandrov, a impor-

tancia da presenza da música no cinema. Algo que se converte nunha obsesión.

Partindo dunha formulación musical clásica, o encontro con Prokofiev vai ser definitivo. Un irrepitíbel músico quen de comprender o universo eisensteiniano con só ver unha serie de fotogramas previos. Tradutor, o compositor, dos volumes, as frases e as intensidades dun cineasta que teimou coa atmosfera musical dos filmes de Eisenstein. O mito do cinema non tivo reparo en pór por escrito a súa admiración polos recursos musicais empregados nos filmes animados de Walt Disney. Aquel que representaba o outro sentido do mundo mais o dun mesmo camiño para o cinema. ♦

Serguei Eisenstein no ano 1928. Na fotografía pequena, xunto a Maiakovsky, Lili Brik e Pasternak na época da revista LEF, órgano da "Frente de Esquerdas da Arte" que dirixe Maiakovski.



2-3

O enxeñeiro das imaxes.
XOSÉ NOGUEIRA

3

Nadal Vermello na Terra Cha.
PEPE COIRA

4-5

A viaxe ao mundo exterior.
CELSO X. LÓPEZ-PAZOS

6-7

Os anos 30. Son e realismo socialista.
JOSÉ CASTRO DE PAZ

Despois de Eisenstein.
JAIME J. PENA

O encontro de Velo coa súa obra.
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

8

Una cronoloxía esencial.
CELSO X. LÓPEZ-PAZOS

Coordenación:
X. ENRIQUE ACUÑA



A NOSA TERRA
Nº 833 • 4 • XUÑO • 1998

EISENSTEIN

2 CENTENARIO DUN CINEASTA REVOLUCIONARIO

O enxeñeiro das imaxes

XOSÉ NOGUEIRA

Cúmpanse cen anos do nacemento de Serguei Mikhaïlovitch Eisenstein (Riga, 1898-Moscova, 1948). Unha conmemoración que ven de apontoar a condición do seu protagonista como un dos cineastas máis coñecidos, citados, estudados e revisados ao longo dos case setenta e cinco últimos anos (26 tiña Eisenstein cando rodou a súa primeira longametraxe, *A folga*), que é como dicir ao longo de toda a historia do cine desde que este medio acadara a súa primeira etapa de madurez expresiva. Cómpre entón, entre outras moitas cuestións, referir as causas da pervivencia dese universal interese, do porqué desa fascinación inesgotábel pola súa obra, da posición de S.M. Eisenstein no devir da evolución da linguaxe cinematográfica. Á -sucinta- exposición dalgúns deses aspectos adicaranse as liñas que seguen.

O cinematógrafo Lumière chegara á Rusia tsarista en maio de 1896, co obxectivo de filmar a coroación de Nicolau II. A partir daquela, a súa penetración como espectáculo presentou máis ou menos as fases acaecidas noutros lugares (á súa inicial condición de moderno e sofisticado entretemento para as clases elegantes seguiu o seu progresivo afianzamento como espectáculo popular), ben que neste caso desenvolvéronse cunha manifesta lentitude dado o estreito control oficial que se estableceu cara á súa explotación e temáticas. Daquela, a produción cinematográfica realizábase baixo o réxime tsarista -de forma regular desde 1907- non foi, desde un punto de vista cualitativo, grande cousa: tratouse na súa meirande parte dun cinema decadente e parasitario, debedor, por unha banda, dese modelo de *film d'art* (aquí coa adaptación fílmica dos clásicos da literatura rusa) do que tanto gostaban as clases acomodadas do occidente europeo, e, pola outra, colonizado polos novos imperios do celuloide como Pathé.

Esta situación mudou radicalmente co estoupido da Revolución de Outubro, que había traer unha serie de consecuencias inmediatas para o campo que nos ocupa. De entrada, houbo unha dispersión xeral -agás dalgúns excepcións, sobre todo na esfera da produción- das xentes que ata entón traballaran no cine, o cal demandou o acceso á cinematografía de novos creadores. É así como irrompe a nova xeración que había modelar o novo cine soviético e influír decisivamente na historia do medio: os Vertov, Kuleshov, Kozintsev, Trauberg, Pudovkin, Dovjenco ou, por suposto, Eisenstein. Todos eles, provenientes doutros campos técnicos ou artísticos -por entón tamén en plena época de renovación e experimentación nas súas técnicas e recursos, que non dubidarán en aplicar ás súas manifestacións cinematográficas- e inscritos nun momento no que unha nova sociedade demandaba novas formas expresivas. Un contexto que resulta fundamental para mellor entendermos esta explosión creadora: o



mesmo que as demais artes, o cinema na Unión Soviética concíbese, agora e despois, non como un negocio senón como un servizo prestado á sociedade. A non existencia dunhas leis de mercado, o adviemento dunha transformación social e política de semellante envergadura, a necesidade das expresións e medios artísticos como instrumentos políticos, comunicativos e educativos, abriron un terreo inédito para a experimentación cinematográfica, para a transición cara un novo tipo de cine (*"De todas as artes, o cine é para nós a máis importante"*, Lenin en 1922).

Comezaba unha etapa, coincidente coa do comisariado cultural de Lunatcharski, na que a liberdade para a vocación investigadora dos novos creadores chegou tamén ás artes escénica e cinematográfica. En 1919 entra en funcionamento en Moscova a primeira Escola de Cinematografía do mundo; dous anos despois fúndase a FEKS (Fábrica do Actor Excéntrico); nese mesmo ano -1921-, a aparición da NEP (Nova Política Económica) propiciou a estruturación dunha industria cinematográfica na que os novos cineastas puideron traballar nas súas ideas fílmicas. Unha nova situación política, económica e cultural da que van xurdir as propostas máis rechamantes, xunto ás do cine alemán, do mundo do cine en Europa durante a década dos 20.

E neste contexto agroma a figura do letón S.M. Eisenstein. Fillo da alta burguesía, estudou na Escola de Enxeñaría de San Petersburgo ao tempo que frecuentaba a Facultade de Belas Artes antes de se alistar no Exército Vermello en 1918. A súa definitiva vinculación co mundo artístico establécese dous anos despois, cando ingresa no Teatro Obreiro do Proletkult, onde comeza a traballar como decorador e escenógrafo para logo pasar á dirección, labor no que xa demostrou o seu seguimento das prácticas teatrais máis avanzadas (sobre todo a de Meyerhold e a súa teoría biomecánica) e unha vocación experimental na busca de audaces solucións para a posta en escena das historias do xeito máis verista posíbel. Nesa procura inscribíase as súas primeiras reflexións teóricas e o seu primeiro

achegamento ao cine, cando en 1923 publica o seu famoso texto *A montaxe de atraccións*: "A atracción (no seu aspecto teatral) é todo momento agresivo do espectáculo, é dicir, todo elemento que someta ao espectador a unha acción sensorial ou psíquica, experimentalmente verificada e matematicamente calculada para obter determinadas conmocións emotivas do observador, conmocións que, asemade, conduceno, todas xuntas, á conclusión ideolóxica final. [...] É un camiño que libera completamente ao teatro do xugo da 'figuración ilusoria' e da 'representatividade', ata o de agora decisiva e inevitábel, para pasar á montaxe de ' cousas reais', admitindo ao mesmo tempo a inserción na montaxe de 'fragmentos figurativos' completos e unha trama narrativa coherente, mais xa non como algo suficiente e determinante [...] Unha escola para o montador son o cine e sobre todo o music-hall e o circo". Vai ser precisamente a manifesta dimensión realista da toma cinematográfica (sobre a que estaba a traballar Vertov), mais tamén as súas potencialidades narrativas e comunicativas (demostradas xa por Griffith), as que despracen definitivamente a atención de Eisenstein cara ao novo medio tentando de superar as convencións teatrais.

A faceta de Eisenstein como teórico (que se delongará no tempo e a través da cal aportará reflexións moi importantes sobre a linguaxe do cine) permítenos recordar que, contra o que se quixo dar a entender moitas veces no pasado, a personalidade do cineasta de Riga non foi nin moito menos monolítica (Eisenstein = *Acoirazado Potemkin* = montaxe analítica). Daquela, a unha mentalidade técnica e matemática adquirida nos seus estudos de enxeñaría incorporábase unha ampla bagaxe de preocupacións culturais (a literatura, a pintura, a arquitectura, o movemento renacentista italiano, a psicanálise, o achegamento a outras culturas -é coñecida a súa paixón polo teatro Kabuki-, etc.) que fornecerán as súas actividades teatrais -primeiro- e cinematográficas -despois- dunha rica gamma de matices alén do dialéctico.

Máis arriba mentábase a D.W. Grif-

fith. Ao igual que os seus compañeiros de xeración, Eisenstein foi un gran coñecedor das aportacións do cineasta norteamericano, co que gardaba non poucos paralelismos, xa que logo ambos os dous formáranse no mundo do teatro e nel desenvolveran as súas ideas sobre os recursos escénicos, ben que por vieiros diferentes: o primeiro cara ao carácter narrativo da representación; o segundo cara ao carácter escenográfico e "excéntrico". Pola súa banda, Griffith xunxira as súas preocupacións narrativas co estudio e desenvolvemento dos recursos técnicos da imaxe, isto é, das posibilidades da planificación (diversidade de planos) e da montaxe (narración cada vez máis complexa), de todo o cal derivaran os seus principais achádegos: unha elaborada montaxe (coa que se presentaban varias historias á vez) que producía un impacto sobre o espectador (sobre o que se creaba unha tensión). O esquema arquetípico desta proposta sería o do salvamento no último minuto. Eisenstein tentará trascender estes logros por dous camiños fundamentais: a procura dun sentido máis profundo dalgúns elementos técnicos e, en concreto, da montaxe ("América -con Griffith- non comprendeu a montaxe. América mantense narrativa, non redistribúe as súas imaxes figurativas, amosa simplemente o que pasa", escribiu), e máis a xa aludida existencia verista da imaxe, a posibilidade de que sexa un reflexo da nova sociedade circundante.

O punto central vai ser, entón, a importancia da montaxe como base narrativa dun filme. De maneira que os seus estudos teóricos e filmes farán fincapé nunha serie de claves da mesma:

1. A POSIBILIDADE DE TRANSMITIR UNHA SERIE DE IDEAS A TRAVÉS DAS IMAXES. Ideas que en determinadas ocasións están inseridas dentro da propia imaxe, pero que noutras non están explícitas nunha primeira lectura, senón que xurden da xustaposición de dúas imaxes distintas (por exemplo, ollo+auga=chorar). Unha proposta tomada do estudio dos ideogramas xaponeses coa que abandona a montaxe clásica. Entón: *transmisión de ideas en base á produción de sentidos connotados*. Un exemplo: os planos de Kerenski enlazados cos dun pavo real mecánico (símbolo da vaidade) en *Outubro (Oktiabr, 1927)*.

2. AS POSIBILIDADES PARA A MANIPULACION ESPACIAL. A montaxe pode crear unha serie de relacións co espazo en *off* (espazo ausente pero suxerido, que está a incidir sobre o espazo físico que capta a cámara), incrementando o interese do espectador por coñecelo. Entón: *Espacio novo*. Exemplo: os soldados disparando na escalera de Odesa en *O acoirazado Potemkin (Bronenosoz Potemkin, 1925)*.

3. AS POSIBILIDADES PARA A MANIPULACION TEMPORAL. A montaxe pódese utilizar para dilatar o tempo da acción. Entón: *Tempo novo*. Entre outros moitos que se poderían

Escena de *Outubro* (1927).
Abaixo, secuencia das escalinatas de Odesa do *Acoirazado Potemkin* (1925).



EISENSTEIN

CENTENARIO DUN CINEASTA REVOLUCIONARIO 3



A NOSA TERRA
Nº 833 • 4 • XUÑO • 1998

an elixir, o exemplo máis senlleiro constitúe a secuencia da xa citada escaleira, a cal nunca se remata de baixar, creándose unha tensión psicolóxica no espectador.

Como é sabido, estes principios foron postos en práctica polo seu enunciador—coa inestimábel axuda do seu fotógrafo Eduard Tissé— durante os anos 20 en catro filmes: *A folga* (1924), *O acoirazado Potemkin* (1925), *Outubro* (1927) e *A liña xeral* (*O vello e o novo*) (1928). Neles, a épica revolucionaria e o protagonismo das *masas* (oposto ao concepto do *star system* norteamericano), constitúen os alicerces dun cinema entendido como arma revolucionaria, vencellado a uns planteamentos ideolóxicos nos que o criterio de verdade deriva das leis do materialismo dialéctico e histórico: a idea de "conflicto" xurde directamente do concepto de "contradicción". Así, o filme é considerado menos como representación que como discurso articulado que ten ao seu cargo influír, *modelar* ao espectador. Ben que non se pode discutir a centralidade do modelo narrativo institucional na posterior evolución do cine, o certo foi que, sobre todo a partir do *Potemkin*, a influencia—formal e ideolóxica—de Eisenstein no cine de entreguerras foi grande tanto en Hollywood (onde a aplicación das súas técnicas de montaxe e de construción de espazos foron asumidas colateral pero significativamente por unha serie de importantes cineastas) como en Europa (incluído o cine nazi), e mesmo foi inescusábel punto de referencia para os nosos máis significados realizadores (Román, Vello e Suárez). Supuxo, en definitiva, un elo fundamental na evolución da linguaxe cinematográfica.

Con todo, o citado conxunto de filmes non resultou homoxéneo. O mecanismo filmico dos dous primeiros, centrados na pre-revolución, funciona á perfección; pero con *Outubro* comezaron os problemas para Eisenstein, tanto políticos (o novo réxime de Stalin suprimiu do filme todas as secuencias nas que aparecía Trotski, mutilando salvaxemente 1.600 dos 3.800 metros da copia orixinal, isto



é, arredor de unha hora das tres de metraje) como formais (as investigacións lingüísticas e conceptuais de Eisenstein, e mais o carácter conmemorativo do filme, implicaron un afastamento cada vez maior do realismo a prol da metáfora visual e dun omnipresente simbolismo). Problemas que se repiten en *A liña xeral*, ben que aquí comeza a aparecer un personaxe protagonista (a campesiña Marfa Lapkina), no comezo dunha evolución que, polo demais, xa intuíran Dovjenko e Pudovkin con anterioridade. Nesta dupla dimensión realista e simbolista/expresionista da imaxe ci-

nematográfica inscribírase, polo demais, a tensión do cine eisensteiniano. Quizais o problema estribaba, como sinalou o teórico Jesús González Requena, en que o discurso de Eisenstein deixa de funcionar, empeza delirar, cando remata de expor o choque dunha violencia contra outra violencia e ten que representar o novo universo xurdido no lugar do anterior: o novo discurso é moi eficaz, moi racional, pero incapaz de encher o espazo simbólico (algo que poderíamos estender ás posteriores manifestacións artísticas soviéticas e ao proxecto político xeral).

Mais Eisenstein non quedou atoado aquí. Fronte á nova situación política e interesado pola nova técnica do cine sonoro, iniciará un periplo primeiro penoso por Hollywood e logo frustrante en México que o deixará marcado. Así e todo, aínda foi quen de levar á práctica, de volta na URSS, a súa famosa teoría do contrapunto orquestral en *Alexandr Nevski* (1938), na que a súa concepción da montaxe audiovisual como conxunción ou contrapunto de dous elementos de distinta natureza, a imaxe e o son (neste caso: as imaxes deseñadas por Eisenstein e fotografadas por Tissé e a partitura musical de Prokofiev), acadou as súas máis altas cotas. A súa filmografía pecharase con *Iván o Terrible* (*Ivan Grosni*, 1943-46), unha experiencia sublime e traumática á vez. Sublime no cinematográfico, porque con esta obra Eisenstein foi quen de superar o seu desaforado culto inicial pola montaxe así como a excesiva frialdade que irradiaban as súas—tecnicamente perfectas—propostas filmicas posteriores; sen renunciar á enxeñería artística que caracterizara a práctica do seu realizador, as dúas partes do *Ivan Grosni* amosan a posibilidade de conciliar dous dos estilos máis radicais da cinematografía (a vangarda soviética e mais o expresionismo centroeuropeo) nun discurso integrador de impresionante forza. Traumática no persoal, porque significou a súa definitiva condena ao ostracismo por parte do aparato estalinista: concibida como unha triloxía, a magna biografía do atormentado tzar non puido pasar da segunda parte (*A conxura dos boiardos*, 1945-46), dada a progresiva distancia que foi tomando o enfoque do cineasta con respecto ao tratamento (monolítico, exemplar) que para tal figura histórica desexaba Stalin.

Perdido o favor político, Eisenstein refuxiarase en diante nas actividades docente e teórica, prematuramente interrompidas polo infarto que lle sobrevén durante o inverno de 1948 no seu despacho moscovita, xusto cando reflexionaba por escrito sobre as posibilidades expresivas da última incorporación técnica ao cinema, a cor. ♦

Escena de *Outubro* (1927).

Nadal Vermello na Terra Cha

PEPE COIRA

A min quen me falaba mal de Franco cando neno era, sobre todo, un cura. Era, e que siga así por moitos anos, un cura bastante rebelde, amigo dos meus pais. Falaba moito de cousas coma o terceiro mundo, o capitalismo e a comunidade fronte ó individuo. Era un cura *rojo*. Eu estaba moi atento ó que dicía e creo que lle caía ben. Que eu saiba, o que menos lle gustaba de min era a miña afección polo cine.

Algunha vez chegou a poñerse diante da pantalla da televisión, interrompéndome e dicindo que deixase de ver aquela parvada. O cine, na súa opinión, non valía nada. O cine sempre contaba a mesma historia do home branco—John Wayne: odiaba a John Wayne— que é quen de saír adiante por si só e que está rodeado de seres inferiores, os indios. Se non fose tan perverso, o cine só sería un frívolo xoguete infantil. Eu non o daba convencido do contrario, ata un día de Nadal.

Aquel día, cando pasou pola casa, chaméino para que viñese ver algo que lle

había gustar. Un amigo deixárame unha copia en súper 8 de *O acoirazado Potemkin* para vela durante as vacacións. E cadrara a chegada do cura cunha daquelas proxeccións domésticas.

Empezou a dicir as súas típicas barbaridades sobre o cine, pero pedílle que calase e prestase un pouco de atención, porque aquela película non tiña nada que ver con John Wayne, sentou e mirou a película. Eu íalle contando algunhas cousas sobre Eisenstein, sobre a época e as condicións en que se fixera a película. Quedou entusiasmado. No que a el se refería, *O acoirazado Potemkin* abondaba para que o cine cobrase toda a dignidade ata entón insospitada. O seu entusiasmo foi tal que acordamos unha cousa: durante os días que tivese no meu poder aquela copia íamos proxeccionar a película nas parroquias que el atendía.

E aquelas vacacións de Nadal paseinas proxeccionando *O acoirazado Potemkin* pola Terra Chá adiante, en compañía do cura, e para uso e disfrute dos seus fregueses.

Foron catro ou cinco sesións, todas elas

moi semellantes. O cura facía unha pequena introducción ("sempre pensei que o cine era unha parvada, pero esta película..."), víamos o filme e logo discutíamolo. Sempre tocaba falar da indignante actitude dos oficiais do barco, da xusta rebelión dos mariñeiros, da solidariedade dos cidadáns de Odessa e da terrible maquinaria represiva lanzada contra eles. Moitas veces era o propio cura quen chamaba a atención sobre a figura do *pope*, o sacerdote ortodoxo que se pon ó lado da autoridade e fronte ós mariñeiros, entrando no tema da relixión como mecanismo non liberador, senón de control. E gustáballe explicar aquilo de que a película non tiña protagonista, que o protagonista era a *xente*, todos e cada un dos mariñeiros e cidadáns de Odessa por igual; entón adoitaba intervir eu para falar da curiosa economía interpretativa empregada por Eisenstein, a base de xestos únicos.

En fin, non me sentía cómodo de todo con aquelas sesións. Por entón, andaba tentando iniciarme na semiótica. A miña idea era dedicar as vacacións a esculcar naquel brillante texto filmico executado

por Eisenstein cando aínda era un rapaz. E, naturalmente, as discusións que *O acoirazado Potemkin* provocaba na audiencia non era especialmene enriquecedoras neste sentido, só falabamos do argumento.

Pero logo pensei se sería idiota. Había ben pouco que dicir. O público, sen dúbida ningunha, entendera a ira do mariñeiro que racha o prato, acompañara a nai seguindo coa mirada a terrible carreira do cochiño escaleiras abaixo, sentira renacer a esperanza e a necesidade de loitar fronte a tanta destrución.

Deus me libre, non é que aquel Nadal a Terra Chá se volvese revolucionaria (sobran motivos para cerciorarse de que non foi así), pero si foron días en que Serguei Mikhailovich Eisenstein andou por aquelas parroquias cos seu paso enérxico e exacto, co seu porte moderno, elegante e atrevido, coa súa voz nidia sobre palabras que se ensamblaban construindo formas novas, terriblemene expresivas. Aquel Nadal o seu acoirazado navegou pola chaira a toda máquina, como se os anos non pasasen por el. ♦



A NOSA TERRA
Nº 833 • 4 • XUÑO • 1998

EINSENSTEIN

4 CENTENARIO DUN CINEASTA REVOLUCIONARIO

A viaxe ao mundo exterior

CELSO X. LÓPEZ-PAZOS

Nos primeiros días de Agosto de 1929, animado polas novas posibilidades do son coma canle de renovación expresiva, Eisenstein solicita e obtén da Sovkino, organismo centralizador da cinematografía soviética, un permiso para facer unha viaxe indefinida ao estranxeiro. As autoridades acceden, entre outras cousas, porque precisan apuntalar unha industria demasiado suxeita ás dependencias das patentes foráneas en canto a cámaras e película virxe. O 19 de Agosto, acompañado polo seu fotógrafo, Eduard Tissé, e o seu axudante de dirección Gregori Alexandrov, Eisenstein sai da URSS. Inicia-se así un periplo de dous anos e nove meses que Domenec Font califica de "nomadismo intelectual" e que levaría ao autor de "A Follga" a percorrer Alemaña, Suíza, Franza, Inglaterra, Bélxica, Estados Unidos e México. Os tres cineastas levan 75 dólares no peto e terán que reparti-los a partes iguais.

A primeira etapa da súa viaxe será Alemaña e durante a súa estadia en Berlín Eisenstein entra en contacto con intelectuais e artistas da importancia de E. Piscator, W.L.Pabst, F.Lang, Einstein ou Brecht e acode ao Instituto de Sexoloxía coa idea de elaborar un estudo científico sobre a homosexualidade. En setembro Eisenstein e os seus colaboradores chegan á Suíza e entre o 2 e o 7 dese mes asisten en La Sarraz a un Congreso de Cine Independente. Na súa presidencia estaran, entre outros, Ramón Gómez de La Serna, Stefan Zweig, Pirandello, Marinetti e André Gide e nel van

participar boa parte dos máis importantes e inquietos cineastas de Europa: León Moussinac, Jean-Georges Auriol, Walter Rhutnam, Alberto Cavalcanti, Hans Richter, Bela Balasz, Ivor Montagu... Con eles SME asinará un filme experimental, colectivo e inconcluso, "Tempête sur La Sarraz", curtametraxe do que apenas quedan noticias certas (nunca foi montado e o negativo desaparecería pouco despois) e no que se produce unha crítica sobre o combate que ten que librar o cineasta independente contra as prácticas de produción cinematográfica que rexen no comercio monopolista. Tamén, durante o tempo que permaneceu na Suíza, dirixirá unha peza de teatro "No", colaborará nunha película sobre o aborto asinada por Tissé e polo operador suízo Emil Berta que SME nunca aprobaría totalmente e pronunciará unha serie de conferencias, antes de ser expulsado do país polas democráticas autoridades confederais.

En Outubro de 1929 e logo dunha fugaz visita a París, onde coñece a Joyce, Cocteau, Léger, Desnos, Cendrars, Colette... marcha cara a Bélxica, onde pronuncia conferencias en Bruxelas sobre o cinema soviético e visita a James Ensor. Invitado polo partido comunista inglés viaxa a Londres, onde fala na London Film Society e na Universidade de Cambridge. Ten 32 anos e xa lle chaman a Súa Maxestade Eisenstein. A finais de ano, no Nadal, regresa a París e amplía o abano das súas relacións. Coñece e trata a Éluard, Aragon, Gertrud Stein, Malraux, Abel Gance..., entra en contacto co Partido Comunista Francés e participa nas tertulias dos cafés coa plana maior da intelectualidade parisiense. Visita con frecuencia os núcleos fabris e non interrompe os seus estudos teóricos nen as súas leituras.

Tempo de fracasos

Nos anos trinta procura apoios financeiros para rodar "Le chemin de Buenos Aires" baseada nun texto de Albert Londres sobre a "trata de brancas" e unha versión do "Ulysses" de Joyce, quen semicego quixo ver "Potionkim". Tanto estes proxectos como a realización dunha biografía sobre o magnate do petróleo Basil Zaharoff, a versión de "A guerra dos mundos" de H.G. Wells e a montaxe da comedia de Bernard Shaw "Arms and the men", nunca poderán ser concretados e Eisenstein, que non encaixa demasiado ben os fracasos, sofre fondas depresións.

Mentres, Alexandrov e Tissé realizan, por razóns alimenticias, unha breve película musical "Romance Sentimental", filme experimental financiado pola cantante rusa emigrada Mara Griy para o seu propio lucimento. A única condición que a cantante imporará será que Eisenstein figure xunto a Alexandrov como director nos títulos de crédito. Eisenstein accede pero a súa contribución limitárase tan só a unha breve consulta sobre a montaxe do filme.

Durante o tempo que durou a ro-



daxe, Eisenstein, en compañía de Jean Mitry e de León Moussinac e a súa dona, percorre a Franza en automóbil. Desde Chartres até Bourges, desde Verdun até Limoges e a Costa Azul, nada escapa á ollada do realizador soviético.

México: epopeia do máis fermoso dos filmes inexistentes

Tan pronto como Eisenstein e os seus colaboradores poñen o pé en terra mexicana son arrestados pola policía nos seus cuartos do Hotel Imperial da cidade de México. Secuencia esta moi pouco coñecida na biografía do cineasta soviético, o seu paso primeiro e último por un cárcere parece que foi debido ás denuncias que os cineastas máis fascistas do universo hollywoodiano fixeron chegar aos despachos da policía azteca, a quen non se lle ocorreu nada mellor que reter por unha noite e de forma cautelara tan tembeis artistas bolxeviques.

Durante tres meses SME percorre México. Fanlle de guías o etnólogo Agustín Aragón-Leiva e o escritor Adolfo Best Maugard, dous "conselleiros" postos ao seu servizo polo goberno do país. Tissé, Alexandrov e Eisenstein mistúranse coa xente, falan, observan, estudan... ollan o país. Asimesmo entran en contacto cos grandes muralistas e artistas plásticos Orozco, Siqueiros, Rivera, Montezinos e Jean Charlot e Eisenstein descobre o libro de Anita Bremer "Ídolos detrás del altar", que habería de servirle como un dos elementos inspiradores do su filme.


Plantear aquí o relatório pormenorizado das vicisitudes polas que houbo de pasar SME para realizar a rodaxe de "Que viva México", longas, confusas e chea de sucesos pouco claros, así como a indagación sobre os conflitos mantidos co seu produtor Upton Sinclair antes de que este ordenase a paralización da rodaxe, é unha tarefa que escapa aos límites esencialmente divulgativos deste estudo. Mesmo os historiadores e especialistas non

se poñen de acordo sobre algúns aspectos esenciais da xénese e rodaxe do filme, máxime cando este foi obxecto de sérias mutilacións e manipulacións logo de que SME fose apartado polo produtor estadounidense do control personal do material rodado. Baste sinalar a este respecto que non existe acordo entre os expertos sobre a cantidade de metraxe rodada: Georges Sadoul fala de 35.000 metros; León Moussinac de 60.000, os mesmos que Marie Seaton; Rostilav Iurennev de 70.000 e Emilio García Riera desde México alonga a cantidade até 80.000. O mesmo ocorre cos títulos dos episodios e a súa división. Aínda que a maioría dos estudos falan dun prólogo, catro episodios (*Sandunga, Fiesta, Maguery e Soldadera*) e un epílogo, outros engaden un quinto episodio de título *Calavera* (caso de Leitão Ramos e Jerzy Plazewski). En todo caso, o lector sempre poderá recorrer á cronoloxía que elaborada por min mesmo acompaña este especial adicado ao autor de "O acoirazado Potemkin".

O proxecto de "Que viva México" vai ter todas as trazas de converterse nunha epopeia sen parangón na historia do cine. "A aventura de Eisenstein e o seu filme mexicano" —escríbe Marie Seaton—, sen dubida, unha das máis complicadas da historia do cinema. Non chegaría un volume inteiro para desenredar as dificultades de Eisenstein co seu produtor Upton Sinclair e ordenar os acontecementos que levaron a algunhas persoas, como eu mesma, a montar fragmentos do filme (...). Se Eisenstein tivese podido montar o seu filme e dar unha versión definitiva, é seguro que esta obra tería desempeñado na historia do cinema un papel polo menos tan importante como o seu famoso "O acoirazado Potemkin".

En efecto, no proxecto inicial de "Que Viva México", finalmente mutilado o mellor, asinado, como di Matías Antolín, SME, que tiña agora 35 anos, intentará profundizar no estudo e na investigación do son dentro das reflexións

Á dereita, en México no ano 1931 durante a rodaxe de *Que viva México*. Abaixo, en 1925, cando a filmación do *Acoirazado Potemkin*.



EINSENSTEIN

CENTENARIO DUN CINEASTA REVOLUCIONARIO 5



A NOSA TERRA
Nº 833 • 4 • XUÑO • 1998

sobre a arte audiovisual e a montaxe tonal e, ao tempo, proporá un estudo antropológico e etnolóxico empapado de constantes referencias, relixiosas, estéticas e psicanalíticas.

Através dun prólogo histórico, catro episodios arquetípicos *Sandunga*, *Maguey*, *Fiesta* e *Soldadera* e un epílogo contemporáneo, trátase de sintetizar a cultura mexicana e a historia do territorio através dos séculos, desde o pasado até o presente, desde a cultura milenária e precolombina até a ditadura de Porfirio Díaz e os sucesos da revolución mexicana. Será unha historia impregnada de catolicismo colonial e de tradicións precolombinas, de paganismo primitivo e misticismo cristián. En conxunto "Que viva México" conformaría pois un enorme fresco histórico, un ambicioso mural en imaxes (xa se citou a importancia dos grandes muralistas no primeiro coñecimento que do país tivo Serguei Mikhailovitch) que dá forma ao gosto eisensteiniano pola diversidade, polo exótico e polo épico pero todo transpasado pola cotidianeidade.

Eisenstein pretende falar do nacemento dunha nación através do desacougo dun povo, que fai a súa historia, como todos os outros, pero que tamén é a súa historia dun modo absoluto. Como anos máis tarde declararía Alexandrov, "queríamos amosar sucesivamente ao país dormido, asoballado, conquistador e, por fin, en revolta".

Os catro episodios citados estaban ambientados en épocas distintas xirando, dun xeito ou outro, en torno á natureza, os ritos pagáns, a exaltación festiva, a vida, a mor-

te, o amor, a sensualidade, o universo do cotián e os conflitos sociais. No meio de todos eles unha historia de amor dramático e apaixonado con personaxes individualizados pero situados ao carón dun trasunto coral.

Sandunga é un poema lírico referido á civilización primitiva e matriarcal combatida polo colonialismo español. Atópase nese episodio o matrimonio ritual dunha parella india cheo de sensualidade e simbolismo psicanalítico. O alento litúrxico de todo o episodio entrónca claramente con non poucos elementos presente en "O vello e o novo" ("A liña xeral").

Fiesta está consagrado á corrida de touros e a certos ritos de entroido



mexicano, moi cheos de paganismo indíxena. O cerimonial da corrida, o ritual da cruz e da espada (simbolismo da conquista española) e a procesión relixiosa de peregrinos saudando aos deuses aztecas e axoellándose diante do Gólgota (secuencia que figura nos plans de rodaxe e que non se rodaría finalmente) dan, ao episodio un alento evidente de evocación barroca e achégano a ese sentido litúrxico e místico de asociación ritual entre a morte e a vida.

Maguey, episodio inacabado, é un relato dinámico sobre unha revolta de peóns mexicanos en tempos da ditadura de Porfirio Díaz. O motivo é a vinganza. A noiva dun peón é violada polo seu patrón e amo cando aquel acode á facenda a pedirlle permiso para casar. Os peóns fracasan na súa revolta armada e son cazados como animais. Os patróns e facendistas entérranos até a cabeza na terra e cabalgan ao seu redor ata que os cabalos lles destrozan os cráneos. Estas escenas dos sepultamentos dos peóns e os cabalos trotando sobre eles quizá sexan as máis emblemáticas e coñecidas do filme, ou do que queda del.

A continuidade desta historia (individualizada) debería de ter proseguido no último episodio, *Soldadera*, o que lle daría

asi a ambos unha clara continuidade como reflexión social-histórica, non só nunha dimensión cronolóxica, a insurrección popular contra a ditadura de Porfirio Díaz, senón tamén política e revolucionaria (colectiva). Precisamente aquí, neste episodio, é onde habería que situar aquel México "en revolta" do que falaba Alexandrov, ese México non durmido, senón o México vivo que pretende construír o seu futuro e a súa historia. E é exactamente nese momento, cando ia comezar a súa rodaxe e cando aínda faltaba por rematar o terceiro episodio, "Fiesta", cando Sinclair decide, o 15 de xaneiro de 1932, suspender a realización do filme e cortar a entrega de diñeiro.

O material filmado queda sen montar, nas mans exclusivas de Sinclair (que o vendera pola súa conta e risco), e abortado un proxecto que non nunca vería a luz tal como foi concebido polo seu criador, senón adulterado e espido do contido primixénico con que o xénio de Riga quixo dotalo.

Decepcionado e deprimido, Eisenstein decide voltar aos Estados Unidos, pero as autoridades norteamericanas néganlle o permiso de entrada. Regresa a Moscova en Maio e unha vez ali, co ánimo moi dolorido polo cúmulo de fracasos forzados, de desexos non cumpridos e polas incompreensións das que fora obxecto, cos seus proxectos rotos, mutilados ou sinxelamente esquecidos e silenciados, unha certa soedade invade o seu ánimo e entra nunha fonda depresión. Ingresa no Centro Psiquiátrico de Kislovodsk, na Crimea, e ali permanecerá durante os meses de Abril e Xuño de 1933. ♦

Na rodaxe de
Que viva México (1931).

Un soviético en Hollywood

Durante a súa estada en París, e no mes de Maio, Eisenstein recibe a visita de Jesse L. Lasky, alto executivo da Paramount que lle ofrece un contrato para traballar en Hollywood xunto aos seus colaboradores habituais, Tissé e Alexandrov. Solicita autorización á Sovkino e asina un compromiso de traballo por seis meses a razón de 900 dólares semanais para os tres durante a preparación do filme e 3.000 durante o curso da rodaxe. O intento da industria cinematográfica norteamericana de contratar a SME non era novo. Antes que a Paramount xa a Metro e a Columbia barallaron a posibilidade de levar aos Estados Unidos ao recoñecido autor de "O acoirazado Potemkin". Era unha cuestión de prestixio intelectual e, ao tempo, unha moi estudada operación de rentabilidade económica que podería ser moi proveitosa xornalística e publicitariamente.

Unha vez nos Estados Unidos SME segue as mesmas pautas que tiñan caracterizado a súa estancia en Europa. Coñece a Chaplin, Fairbanks, Mary Pickford, Disney, Sternberg, Marlene Dietrich... entra en contacto cos intelectuais de esquerda e os líderes obreiros (estamos nos anos da depresión) e pronuncia conferencias nas Universidades de Columbia, Chicago e Harvard, instalan-



Con Marlene Dietrich e Josef Von Sternberg.

do a súa residencia en Hollywood nunha vila de estilo colonial español no 9481 de Readcrest Drive, en Coldwater Canyon.

Como seis anos máis tarde lle ia ocorrer a Luis Buñuel, ese período americano vai estar cheo de fracasos e frustracións criadoras. Ademais, como xa lle ocorrera en Europa, vai ser alvo de constantes ataques por parte da prensa de dereitas e polos sectores fascistas e máis ultraconservadores, só que aquí estes serán moito máis furibundos. Os insultos e

as descalificacións aparecen constantemente na prensa de dereitas máis belixerante. Como mínimo, ademais de homosexual e comunista, chámalle asasino bolxevique, espía roxo (insulto extensivo a Tissé e Alexandrov), bastardo asiático e "can roxo". Un a un todos os seus proxectos serán rexeitados polos altos executivos da Paramount: a adaptación de "A guerra dos mundos", "A casa de cristal" do ruso Zamiatin, "O ouro de Sutter", baseada nunha novela de Blaise Cendrars e "Unha traxedia ame-

ricana", segundo a novela de Theodore Dreiser, nunca serán realizadas. Porén, as preclaras mentes dos executivos hollywoodenses ofreceréncelle, a xeito de consolación, unha serie de proxectos absolutamente descabelados, como por exemplo un filme sobre "o martirio dos pais misioneiros da Compañía de Xesus polos indios de América do Norte", ou un filme sobre o xudeu Süß. Eisenstein rechazará tales ideas, sobre todo a segunda, nun ataque de hilaridade e, ao mesmo tempo de frustración.

Unha vez que o guión de "Unha traxedia americana" é rexeitado e xa transcorridos os seis meses de contrato, a Paramount, que está dirixida por unha asociación de produtores controlada por William Hays (o criador do código de censura que leva o seu nome), decide rescindir unilateralmente o contrato que o une a Serguei Mikhailovich. Esta situación vaine colocar nunha posición moi delicada, xa que diante do aparato cinematográfico soviético non resulta politicamente moi oportuno un período tan longo de ausencia e inactividade cinematográfica e, por outra banda, non desexa voltar de vacío ao seu país. Contodo, non será difícil supor que para Eisenstein e os seus colaboradores non debeu ser nada fácil ter que adaptar as

suas concepcións da arte cinematográfica, inspiradas nos principios do cinema soviético e nos avatares e nas urxencias da revolución triunfante (con todos os matices que se queiran) cos modelos xerarquizados e mercantilizados do aparato cinematográfico americano, quitaeséncia e paradigma máximo das fórmulas capitalistas de produción industrial.

Unha vez que Paramount e SME se separan, o Departamento de Traballo dos Estados Unidos négalle a prórroga de permiso de estancia no país, tanto a el como a Alexandrov e Tissé. Porén a casualidade ponse por unha vez da súa parte e, gracias á mediación de Charles Chaplin, que tiña polo autor de *Potemkin* verdadeira admiración, coñece ao novelista de tendencias socialistas Upton Sinclair e á súa muller Mary Graig cos que o 24 de Novembro de 1930 asinará un contrato para realizar en México un filme, aínda sen concretar, en catro meses de rodaxe e cun orzamento a cargo do peto do escritor por valor de 25.000 dólares.

Seis meses despois da súa chegada aos Estados Unidos, Eisenstein, Alexandrov e Tissé abandonan en tren Los Angeles para dirixirse á cidade de México, a onde chegan o 5 de Decembro de 1930. ♦



A NOSA TERRA
Nº 833 • 4 • XUNO • 1998

EINSENSTEIN

6 CENTENARIO DUN CINEASTA REVOLUCIONARIO

Os anos 30. Son e realismo socialista

JOSÉ CASTRO DE PAZ

Malia que a súa preocupación pola montaxe como célula fundamental da arte cinematográfica e unidade básica sobre a que esta opera as súas estratexias de sentido nunca deixou de ser central na teoría e na práctica filmicas de Sergei Eisenstein, mesmo nos hostís anos 30 e 40 soviéticos, reacios á experimentación formal (mal avinda, para a cultura oficial, co pretendido didacticismo do *realismo socialista*), é indiscutible que, desde 1930, se produce no cineasta unha ruptura —máis ou menos gradual— co cinema que tiña realizado, cada vez máis con maiores problemas políticos, na década anterior.

Simplificando moito, dita ruptura podería ser explicada sinalando o cambio que se produce cando as chamativas investigacións de montaxes entre planos (cuxa relación dará lugar a un concepto non presente previamente en nengunha das dúas *pezas*) da década anterior cedon o seu protagonismo a outras nas que, sen desaparecer a conciencia do heteroxéneo, Eisenstein gardarase de mostralo tan aberta —e arriscadamente— na superficie do texto.

A montaxe é aínda a rainha, mais non ten por que manifestarse violentamente nun primeiro visionado, ou á marxe da análise. Así, a unha primeira montaxe disruptiva que *Octubre* exemplifica á perfección, segue agora outra —que o mesmo Eisenstein denomina polifónica— que, de xeito máis *oculto*, goberna a coordinación, selección e organización de todos os elementos compositivos en xogo. E, especialmente visíbeis desde 1930, aqueles internos ao plano. En definitiva, se a súa poética do conflito non se refería só á relación entre planos, é agora cando outros aspectos da mesma (conflitos gráficos, lumínicos, compositivos, espaciais, sonoros...) semellan adquirir vantaxe. Calquer elemento novo que veña a enriquecer as posibilidades estéticas do cinema (son en *Alexander Nevski*, son e cor en *Iván o Terrible* e *A conxura dos bolardos*) poderán incorporarse á dialéctica da montaxe eisensteiniana.

De feito, a utilización do son —sobre a que Eisenstein, xunto a Pu-

dovkin e Alexandrov, tiñan asinado o seu manifesto do son, coñecido como "Contrapunto orquestral" —ia permitir a Eisenstein investigar aspectos da montaxe non tan visíbeis —nen tan molestas— para o espectador comun como nas complexas experimentacións visuais dos seus filmes dos anos vinte. Por iso, e malia a que para destacados analistas, como Noël Burch, *Alexander Nevski* e *Iván o Terrible* non son outra cousa que a versión rusa da máis académica montaxe analítica americana, Eisenstein intentou trasladar á relación son-imaxe no interior do encadre algúns dos efectos antes obtidos pola confrontación e choque de distintas unidades plásticas, buscando sempre influir emocionalmente no espectador. O son, na súa vinculación estrutural e rítmica coa imaxe, debe *afectar* aos diferentes componentes do plano, "mesmo —son as súas propias palabras— nos casos de invariabilidade e inmovilidade da imaxe", pondo en cada caso a acentuación necesaria en determinados elementos do encadre, incluídos na imaxe mesma, o que era para el o sentido derradeiro do concepto de contrapunto establecido xa no 1928.

Aínda que a simplicidade argumental —exaltación patriótica do herói nacional Alexander contra o invasor alemán e despois o non menos exaltado canto do labor histórico de Iván IV, trasuntos ambos da figura de Stalin— e a maior sinxeleza da montaxe con respecto a os seus filmes anteriores non ofrece dúbida, Eisenstein procura outras fórmulas para crear unha "extravagante simplicidade", que, sen facer desaparecer por iso algúns principios que lembran directamente os seus grandes filmes silentes, debe responder a unha situación da política e a cinematografía soviéticas totalmente diversa da de entón.

A partir de personaxes traballando, a xeito de iconos —como tallas de pórtico ou figuras de retábulo directamente vinculadas á rica tradición da arte figurativa rusa—, o interese da posta en escena desprázase ao interior do plano onde, ademais do son, o pictórico, o rítmico e o plástico, encerran na súa formulación conxunta unha reflexión sobre as máis arcaicas formas do espectáculo épico e folclórico ruso que a inspiran.



co e folclórico ruso que a inspiran.

Alexander Nevski constitue para Eisenstein a oportunidade de levar á práctica as súas ideas acerca do contrapunto sonoro, sen esquecer os ruidos diexéticos e os diálogos, que na súa dicción operística condicionan frecuentemente o cambio de plano de xeito diferente pero semellante ao modelo clásico, é na partitura musical de Prokofiev onde debe buscarse o miolo da construción sonora do filme. De feito, este depende en grande medida da propia estrutura da partitura —melodía e coros—, que organiza os diferentes episodios que o compoñen. É na célebre secuencia da batalla de xelo onde o cineasta, segundo os seus propios textos indican, desenvolve con maior intensidade as investigacións acerca da "montaxe individual". Así deben entenderse as constantes alternativas da banda sonora entre fragmentos musicais e protagonismo do son diexético (*obstinato* acelerado acompañando os primeiros movementos dos alemáns; desaparición da música e presenza dos ruidos da batalla coa chegada das forzas de Vassili, etc.), conxugándose todo iso cunha concepción visual de planos moi longos, primeiro estáticos, logo en rítmicos movementos de batalla (picados, amplísimos planos da batalla, xeométricas composicións con lanzas e escudos, división do campo en marcadas diferencias cromáticas e es-


paciais) para a formulación dun complexo, reflexivo e fortemente condicionado drama histórico soviético.

En *Iván o Terrible* (Ivan Grozny), 1944-48, unha lóxica marxista ven de permitir —dada a similitude formal das imaxes que acompañan os créditos coas de *Octubre*— relacionar a figura de Iván coa revolución bolxevique... se esta liberou Rusia do poder zarista, do mesmo xeito a constitución da nación rusa en torno a un poderoso monarca emanci-

pouna dos señores feudais. Mais tamén aquí os poderes patéticos e extáticos da escritura eisensteiniana, absolutamente presentes xa nos seus grandes filmes dos anos vinte mália a teórica *digitalización* da imaxe, desprégase moito máis alá do que González Requena chamou o "sentido tutor" do texto e non é de estrañar que Roland Barthes argumentase o seu concepto do *terceiro sentido* a partir da célebre secuencia da coroación do zar que abre o filme.

A interpretación dos actores —a todas luces sobreactuados desde unha certa perspectiva *realista*—, traballa, por exemplo, cunha xestualidade estilizada, de fonda pregnancia significante, modulada plástica e musicalmente, encadeándose por montaxe, á marxe de todo psicoloxismo. Non hai aquí, pois, renuncia nengunha con respecto aos principios últimos da montaxe de Eisenstein, apesar da aceptación dos actores profesionais ou a renuncia ao protagonista colectivo en favor do herói individual.

Se todo texto artístico leva inscrito no seu corpo as pegadas do contexto histórico que o viu nacer, *Iván o Terrible* semella alzarse en paradigma de dita afirmación e a traxectoria filmica de Eisenstein haberá de considerarse así, para a súa correcta comprensión, en directa relación coas transformacións históricas do réxime soviético. ♦



Debuxo de Eisenstein para fixar as posicións dos movementos de cámara en *Iván o Terrible*. Á dereita, un intre da rodaxe desta fita (1943-45)

O encontro de Velo coa súa obra

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

Unha das maiores ilusións do cineasta galego Carlos Velo sería ter coñecido á Súa Maxestade Eisenstein. Conformouse, autodidacta como foi, con aprender das súas películas e reflectir esas leccións máis tarde nos seus filmes. Quedoulle tamén a pequena satisfacción persoal de seguir moito do rastro deixado polo gran mestre letón na súa desafortunada peripecia en México. Velo atopárase por varias veces coa obra de Eisenstein. Aínda que tamén confesaría a influencia de Flaherty, Pudovkin ou

Dovjenko, o cineasta galego sempre lle tivo unha particular estima ao autor de *O acorazado Potemkin*. Non era para menos, pois foi esta película "a que decidiu a miña vocación" cando a tivo na súa casa, entre as mans, sendo un activo cineclubista nos anos trinta. "contéille os fotogramas un a un (...), foi unha revelación extraordinaria (...) porque o mestre Eisenstein cortaba un cadrño das súas esceas, púñao sobre un vidro con fondo branco iluminado e manexaba as esceas decidindo a súa secuencia para que producise un determinado efecto". Conta Velo

que Eisenstein traballou moito tempo sen moviola, a man como Flaherty, por iso fixo o mesmo no seu piso madrileño, aprendendo a "ver en que dirección vai a cámara para poder cortar e seguir o movemento". Foi cando Velo e os seus compañeiros do Cineclub Español presentaron a película en Madrid en 1931, con carácter de estrea en España porque non tiña autorización oficial para exhibirse nas pantallas comerciais. Houbera de todo, mesmo control policial. Máis tarde, cando era comisario xeral da Unión Federal de Estudiantes Hispanos

(U.F.E.H.) aínda tería que impor o seu criterio para que se proxectase en Valladolid en contra da opinión das autoridades académicas locais.

Por ese tempo sería un vello montador alemán fuxido do nazismo quen lle ensinou a Velo moitos dos segredos da montaxe, tomando como base a curtametraxe *Romance sentimental*, que Eisenstein fixo en 1930 durante a súa estada en Francia por encargo da cantante rusa emigrada Mara Griry e producida polo seu home, un acaudalado xoiereiro. Conta Velo que pasou "domingos enteiros

analizando a película, fixen gráficos, calculeina matematicamente (...) porque a miña obsesión era cómo expresar o paso do tempo, non me gustaba aquilo de mover as follas do calendario, que era o sistema da época". Feita esa aprendizaxe, complementada coa visión de dúas de filmes, Velo e o seu asociado Fernando Mantilla, afrontan en 1934 a primeira curtametraxe, *La ciudad y el campo*, para a que Velo tomou como referencia *La línea general*, de Eisenstein, "a historia dun tractor que se entrega a unha comunidade labrega despois da Revolución para

traballar a llante per ano seguinte mance sen idea para xe en *Alm* que os r dos por u "con moito da guitarr imaxes da foi unha r bilidades como Flah an a apare ro estaría *La línea g labores do rensás de go dos pla houbo crú a aparición nesa excel*



A NOSA TERRA
Nº 833 • 4 • XUNO • 1998

Despois de Eisenstein

JAIME J. PENA

Haberían de pasar dez anos, doce desde a seu remate para que *Iván o Terrible-A conxura dos Boiardos* coñecese por fin a súa estrea mundial. Aconteceu na Exposición Universal de Bruxelas, cando xa Stalin morrera e Khrushchev ascendera ao poder. Simultaneamente, a crítica internacional alí reunida, votaba ao *Acourazado Potemkin* como "a mellor película de todos os tempos". A reputación de Eisenstein, que tocara fondo na época da súa morte, fora recuperándose ao longo da década dos cincuenta. Contribuíra a iso a publicación de diversos traballos a cargo de anteriores colaboradores seus, como Marie Seton o Jay Leyda -que xa nos anos 40, recopilaran varios dos artigos do cineasta en *O sentido do cinema* e *A forma do cinema*, e que en 1960 publicaría *Kino*, a súa historia do cine soviético con Eisenstein como figura senlleira-, así como o lugar central que a súa obra pasou a ocupar en moitas historias do cinema -caso da de Sadoul, Manvell, Knight, etc.- ou a tradución sistemática en occidente dos seus ensaios teóricos. Así, no curso de tres décadas, Eisenstein pasou de ser un dos cineastas máis influíntes do mundo -so pode ser

comparado a Griffith e Chaplin- a ser tachado de "formalista" no seu país e de "vendido" a Stalin en occidente, para de novo ser repostado no seu trono. Non só o coñecemento da segunda parte do *Iván*, tamen a difusión masiva das súas ensinanzas teóricas constituíu un factor determinante para facer que a partir daquela a súa influencia se deixara notar en dúas vertentes.

Poucos cineastas teñen reflexionado tan certa e fundamente sobre o seu propio medio expresivo. Quizais só Godard sexa un exemplo comparábel, coa diferenza de que o director franco-suízo o fai case sempre, non sendo a súa primeira xeira como crítico, a través do cinema, o vídeo ou a televisión. É esta combinación de cineasta e teórico a que transpasa actualidade a Eisenstein nos anos 60 e a que o converte nun dos paradigmas da modernidade. De tal xeito venno escritores como Noel Burch, Roland Barthes ou Peter Wollen, entre outros moitos, que analizan xa indisociabelmente a praxe e a teoría filmica do que comeza a ser ollado como un dos primeiros antecedentes da semiótica contemporánea. E a raíz do maio do 68, *Cahiers du cinéma*, convertida ao marxismo-leninismo -en divertida confrontación coa maoísta *Cinébi-que*- proclamábase fervente seguidora das ensinanzas teóricas dos cineastas rusos dos anos 20, con Eisenstein á cabeza, do cal se traducen os seus ensaios. Moda continuada e propagada nos países anglosaxóns pola revista *Screen*.

En paralelo, a influencia directa sobre outros cineastas faise notar cada vez dun xeito máis explícito: Resnais no arranque de *Hiroshima mon amour*, por suposto Godard, e Alexander Kluge que retoma o concepto de "montaxe dialéctica", va-

rios dos novos cineastas latinoamericanos -Glauber Rocha, Fernando Solanas, Manuel Octavio Gómez- etc., etc. Non son alleos tampouco a esta influencia cineastas experimentais que, como é o caso de Stan Brakhage ou Bruce Conner, empregan moitas das técnicas de montaxe de Eisenstein. Mais non se recoñecen só desde a vangarda ou desde a práctica filmica de esquerdas. Con posterioridade, incluso dentro do cinema máis estritamente de consumo, directores como Woody Allen ou Brian de Palma, ou realizadores de vídeo, como Rybczynski, permitiránse citar -xa sexa desde a parodia, a emulación ou en homenaxe revisionista- a célebre secuencia da escalinata de Odessa, un dos iconos máis recoñecíbeis da arte do século XX.

Con todo, na propia Unión Soviética o seu influxo foi ben dispar. O realismo socialista impuxo un distanciamento dos grandes achádegos formalistas do período mudo, baseados primordialmente na montaxe. E isto rematou por afectar a case todos os seus compañeiros de xeración, os integrantes da gran escola soviética dos anos 20, que por unhas ou outras razóns non puideron desenvolver unhas filmografías moi estensas. Vertov, Pudovkin e Dovjenko, por exemplo, sobreviviron en moi poucos anos a Eisenstein e, aínda que o segundo e o terceiro seguiron rodando, con problemas, mais rodando ata a súa morte -acaecidas en 1953 e 1956, respectivamente-, Vertov -que morrerá en 1954- asinou a súa derradeira realización en 1947; Kuleschov, que viviu ata 1970, realizara a súa última película en 1942. Aínda que se lles seguiu estudando, non pode afirmarse que creasen "escola" entre as novas xeracións de cineastas soviéticos. No caso de Eisenstein, tras a súa rehabilitación post 1958, o seu grau de influencia foi moito maior no plano teórico que no filmico.

É por iso que resulta difícil atopar algún cineasta soviético, entre os xurdidos con posterioridade a 1950, que poida ser considerado un continuador directo do autor do *Potemkin*. De entre todos eles, o máis notábel, Andrei Tarkovski, plantexa un tipo de cinema máis

rosseliniano, que rexeita a montaxe en beneficio de planos máis longos e que, de xeito explícito nos seus escritos, opónse á concepción filmica eisensteiniana. Como el, en Paradjanov, no desde hai tempo afinado en Francia Ioseliani, ou nos máis recentes Klimov o Kanevski é pouco menos que imposible atopar sinais que nos lembren xa non a Eisenstein, senón ao cine silente soviético baseado nas investigacións da montaxe que, practicamente, foi liquidado non só polas imposicións estéticas de Stalin, senón tamén pola chegada do sonoro, que facía ata certo punto incompatíbeis os diálogos e a hipertrofia na fragmentación dos planos. Poida que por iso, esta concepción do cinema, que nós saibamos, só ten un continuador verdadeiro, o armenio Artavazd Pelichian, que, desde comezos dos anos sesenta, non realizou máis de unha ducia de cortametraxes, todas elas de carácter documental, carentes de calquera tipo de texto ou comentario, sen asomo ningún de diálogos e cuxas imaxes só se apoian na música.

Inicio (1967), por exemplo e non por casualidade, está dedicado ao 50 aniversario da Revolución de Outubro; *O Noso século* (1982-1990) constitúe unha meditación sobre a conquistas do espazo; *Nós* (1967), quizais a súa obra mestra e unha das mostras máis pertinentes do que debe de ser un filme nacionalista, no que se presenta a historia do pobo armenio desde o presente, a partir da filmación dun enterro, por aquilo de que a dor é o que máis une aos pobos... É entón Pelechian o herdeiro de Eisenstein? Ben, non exactamente. Pelechian, como non podía ser menos, tamén se opón a Eisenstein e, na súa dobre faceta de realizador e teórico, desenvolveu a súa propia teoría da "montaxe a distancia", que explica así: se a montaxe ao Kuleshov xustapón o plano do disparo dun canón e o dunha explosión, a montaxe a distancia constitúe unha especie de reacción en cadea: unha glorificación do movemento que sobarda e arrastra consigo ao espectador. Quizais non estamos diante do máis puro e aplicado seguidor de Eisenstein, pero Pelechian demostra que, aínda que só sexa desde a polémica, as súas ensinanzas seguen vivas e teñen continuidade. ♦



Con Serguei Prokofiev cara o ano 1938. Abaixo, Eisenstein montando *Outubro* (1927).

Iván o Terrible.



traballar a terra. Fixemos algo semellante pero coa incubadora...". Ao ano seguinte sería a mentada *Romance sentimental* a que lle daría a idea para sincronizar música e imaxe en *Almadrabas*. Di Velo que naquela os ritmos visuais viñan marcados por un nocturno de Chopin e "con moito medo acoplei os acordos da guitarra de Sáinz de la Maza ás imaxes da miña película. Para min foi unha revelación das novas posibilidades da montaxe". Eisenstein, como Flaherty ou Dovjenko, voltarían a aparecer en *Galicía*. O primeiro estaría novamente presente con *La línea general*, na filmación dos labores do campo polas paraxes ourensás de Cartelle e Lobeira, no xogo dos planos, nos contraluces. Pero houbo críticos que volveron celebrar a aparición de *Romance sentimental* nesa excelente curtametraxe sobre o

noso país, agora parcialmente desaparecida. E pouco despois, a comezos da primavera de 1938, cando estaba no centro de recollida de Saint-Cyprien e escoitou as verbas do presidente mexicano, xeneral Lázaro Cárdenas, ofrecéndolles aos internos a man amiga do seu país, Velo confesa que lle viñeron á mente as imaxes de *Tormenta sobre México* resultantes da montaxe que fixeron en Hollywood con boa parte do segundo episodio, anacos do prólogo e do epílogo da lamentablemente inconclusa *¡Que Viva México!*, que visionara en Madrid o 13 de xullo de 1936, data que lembraba ben porque fora o día que mataran a Calvo Sotelo: "Magüeyes e pirámides, caveiras de azúcar, rebozos e cananas, os rostros impasíbeis dos peóns e ollos profundos das mestizas, galos de prata e serpes de pedra volcánica

ao pé dunha fachada barroca ou perdidas na selva impenetrábel". Quizais foron estas imaxes de Eisenstein as que o levaron a decidirse polo exilio en México renunciando á alternativa da Arxentina.

Pronto descubriu no país azteca a poderosa influencia que Eisenstein e o seu operador Tisse deixaran no gran fotógrafo Gabriel Figueroa, posteriormente amigo e tamén colaborador de Carlos Velo en *Pedro Páramo*. O uso dos primeiros planos, a foto de intensos brancos e negros contrastados, os planos angulados, impresionistas ou expresionistas, serán os elixidos por Velo no seu *Noticiero Mexicano* e despois no memorábel *Cine-Verdad*, para os que percorría o país cos seus camarógrafos como fixera Eisenstein de xaneiro a decembro de

1931 por encargo do escritor de esquerdas e produtor norteamericano Upton Sinclair, ata que finalmente ordenara a suspensión da rodaxe, negándose despois a cederlle as imaxes a Eisenstein para a súa montaxe. A sombra de *¡Que Viva México!* perseguirá a Velo para o seu frustrado *México Mío* que lle escribirá o neorrealista Cesare Zavattini a mediados dos anos cincuenta, como antes estivera presente xa na salientábel *Raíces*. Non é complicado prolongar ambos filmes nos temas e nas imaxes filmadas por Eisenstein.

Pero é importante salientar que na época da aprendizaxe de Velo, naqueles intensos anos trinta de nacemento dos curtametraxistas, mentres os outros ficaban nos segredos da linguaxe cinematográfica practicada polos mestres soviéticos -Eisenstein,

Dovjenko ou Pudovkin- e outros como Flaherty ou Grierson, o cineasta galego engadía ás leccións a importante componente política desprendida do traballo dos primeiros. Había unha formulación ideolóxica que non pasaba desapercibida para aquel mozo ourensán formado nos segredos da terra, entre labregos e galeguistas, que xa comezaba a ter conciencia de país e de fala propia, un matiz diferenciado que escapaba ao resto dos seus colegas cineastas. Compartira co seu paisano Antonio Román a mesma paixón xuvenil polo cine, a mesma admiración por Eisenstein ou Flaherty, as mesmas ganas por filmar. Pero na *Galicía* de Carlos Velo hai xa toda unha declaración de principios que ninguén soubo reflectir do mesmo xeito en imaxes. Eisenstein non foi alleo a eses principios. ♦



Eisenstein no ano 1920.

Bibliografía

Aumont, Jacques: "Eisenstein avec Freud, notes sur 'Le mal voltairien'", *Cahiers du Cinema* nº 226-227. Paris, 1971

Eisenstein, S.M.: *Reflexións dun cineasta*. Lumen, Barcelona, 1970 (Prólogo, edición e notas de Romá Gubern).

Font, Domènec: *Cóñecer Eisenstein e a súa obra*. Dopesa 2. Barcelona, 1979.

Fdez. Cuenca, Carlos: *S.M. Eisenstein*. Filmoteca Nacional de España. 1965.

González Requena, J.: *S.M. Eisenstein*. Cátedra. Signo e Imaxe/Cineastas, Madrid, 1992.

Sklovski, Viktor: *Eisenstein*. Anagrama, Barcelona, 1973

Leitão Ramos, Jorge: *Serguei Eisenstein*. Livros Horizonte. Lisboa, 1981

Morandini, Morando: *Eisenstein*. Los Hombres de la Historia. Centro Editor de América Latina. Buenos Aires, 1985.

Sadoul, Georges: *Dictionnaire des films*. Editions du Seuil. Paris, 1978.

Leyda, Jay: *Kino: historia del filme ruso y soviético*. Eudeba. Buenos Aires, 1965.

Paoletta, Roberto: *Historia del cine mudo*. Eudeba. Buenos Aires, 1967.

NOTAS

(1) Co negativo rodado por Eisenstein para "Que viva México", que Upton Sinclair, propietario do mesmo, vendeu sen escrúpulos ao mellor postor, (as autoridades soviéticas negáronse a mandar o diñeiro que Sinclair pedía para remitir o material a Moscova) fíxéronse varias montaxes fragmentarias onde se utilizou de forma ignominiosa o nome publicitario de Eisenstein, sendo os máis coñecidos "Tormenta sobre México" ("Thunder over Mexico", 1933) con produción de Sol Lesser, montaxe de Don Hayes e Howard Koss e cunha duración de 72 min, e que ten como apoio a fraudulenta manipulación do episodio "Maguy" planeado por Eisenstein, "O día dos mortos" ("Kermesse funèbre", 1933) tamén de Lesser, "Tempo ao sol" ("Time in the sun", 1939) segunda montaxe de Marie Seaton e Roger Burnford, sonizada e cunha duración de 55 min, e "Eisenstein's mexican film: episodes for study", ordenación cronolóxica do material filmado realizada por Jay Leyda (discípulo de SME) e o Museo de Arte Moderna de Nova Iorque en 1957. Eisenstein só podería ver as dúas primeiras en Moscova dous meses antes da súa morte. Nunha carta dirixida a Georges Sadoul en 1947 dirá das montaxes de Lesser e Seaton: "o que fixeron coa montaxe é mais ben doloroso". Logo do *asesinato* perpetrado por Sinclair contra o filme, este foi desmembrado e algúns dos seus fotogramas e secuencias foron empregados en documentais científicos, divulgativos e mesmo como material de documentación dalgúns filmes de ficción (de infima calidade) de tema mexicano. En 1979 e despois de máis de catro décadas de esforzos e de búsquedas, Grigori Alexandrov, co-realizador con Eisenstein ao longo de case toda a súa filmografía e protagonista tamén do periplo mexicano, pudo por fin recuperar o material rodado en México -ou parte del- e montar en Moscova para Mosfilm unha versión que pode considerarse como a máis achegada ao proxecto inicial eisensteiniano. "Unha fita honesta", di dela o historiador francés Georges Sadoul.

(2) Segundo Jacques Aumont, un dos seus biógrafos, nestes meses de reclusión habería que situar a súa correspondencia con Wilhelm Reich e a súa tentativa de suicidio.

EISENSTEIN

8 CENTENARIO DUN CINEASTA REVOLUCIONARIO

Unha cronoloxia esencial

CELSO X. LÓPEZ-PAZOS

1898 Nace en Riga o 10 de Xaneiro (quer polo calendario Xuliano vixente en Rusia) ou o 23 (quer polo Gregoriano que entra en vigor en 1918), fillo único de Mikhail Osipovich Eisenstein, enxeñeiro e arquitecto municipal de familia xudeo alemá e de Xulia Konezkaia, membro dunha familia da burguesía eslava.

1905 Cando Serguei Mikhailovich Eisenstein (SME a partir de agora) ten sete anos os pais deciden separarse. O pai queda en Riga e a nai trasládase a San Petersburgo. Eisenstein vive entre ambos. Ademais do ruso, SME fala co pai en alemán e coa nai en francés.

1908 Outono. SME ingresa na Escola Real de Riga para realizar os estudos de Ensino Secundario.

1910 Tras unha reconciliación non moi duradeira, os pais sepáranse definitivamente. A nai marcha cara Franza e fixa a súa residencia definitiva en París.

1915 SME e o pai viven en San Petersburgo e en Setembro ingresa no Instituto de Enxeñeiros Civís para seguir a carreira de arquitectura. Acóde tamén á Escola de Belas Artes e apaixónase polo Renacemento italiano e pola figura de Leonardo así como pola Commedia dell'Arte. Descubre a Freud.

1917 Estala a revolución e ingresa nas Milicias Populares. Comeza a colaborar como caricaturista satírico na "Petersburgskaia Gazeta". Dese ano son os seus primeiros bocetos e *graffiti* para decorados teatrais.

1918 Alistase voluntario no Exército Vermello. O seu pai faíno cos contrarrevolucionarios e anos máis tarde exiliárase en Alemaña.

1919 Lenin asina os decretos nacionalizadores dos teatros e das industrias fotográfica e cinematográfica. Serguei fai amizade cun comisario político que lle aprende xaponés e coñece os principios do teatro "kabuki". Pinta e debuxa carteis de propaganda.

1920 Desmobilizado ao finalizar a guerra instálase en Moscova e continúa os estudos de xaponés. En Outubro ingresa, en calidade de decorador xefe e director artístico, no Teatro Obreiro do Proletkult (Cultura Proletaria).

1921 Como decorador e cenógrafo participa na posta en escena de "O rei fame" de L. Andreev, "Macbeth" e "O mexicano", versión teatral dun relato de Jack London. En Setembro incrébese como alumno no curso superior de dirección cénica dirixido por Meyerhold.

1922 Prosegue os cursos de Meyerhold e con el deseña as montaxes de "O precipicio" de Valeri Pletnev e "A casa dos corazóns rotos" de G.B. Shaw. Nengunha das dúas obras chegará a estrearse. Traballa como decorador, figurinista e axudante de dirección no Teatro do Proletkult e no Teatro-Taller-Experimental de N. Foregger, coñece a Grigori Alexandrov e en Outubro remata o curso con Meyerhold.

1923 Dirixe para o Proletkult, "Mudrech", versión libre dunha obra de Ostrovski, nunha pista de circo segundo os principios biomecánicos de Meyerhold. Para esta obra realiza unha curtametraxe de dous minutos, "O cine diário de Glumov", o seu primeiro encontro coas imaxes en movemento. Publica na revista da "Frente de Esquerdas da Arte" que dirixe Maiakovski, o artigo "A montaxe de atraccións", primeira pedra do seu edificio teórico. Dirixe para Proletkult, "Moscova escocita", espectáculo de "agit-prop" escrito por Serguei Tretiakov

1924 Na Fábrica de Gas de Moscova representáse "Máscaras antigás", de Tretiakov, interpretada por obreiros e con dirección de Eisenstein. A fins dese mes colabora con Esther Schub na montaxe da versión rusa de "O Doutor Mabuse", de Fritz Lang e escribe con Valeri Pletnev, G. Alexan-

drov e Esther Schub o guiño de "A Folga" ("Stacka") a súa primeira longametraxe, concebida como o primeiro episodio dunha serie de sete que co título "Cara a ditadura do proletariado", debería recoller os aspectos esenciais da actividade revolucionaria anterior a 1917. De todos eles só "A Folga" chegaría a realizarse. En Decembro abandona o Proletkult.

1925 Proxecta un filme sobre as xestas do Exército Vermello baseado nos relatos de Isaak Babel. En Abril ten lugar a primeira proxección pública de "A Folga" e pouco despois recibe o encargo de rodar a película "O ano 1905", para celebrar o vinte cabodano do primeiro intento revolucionario. Debería estar composto por oito episodios, con guiño de Nina Agadjanova-Chutko. Unha serie de circunstancias adversas farán que só se poda realizar un deles, "O acorazado Potemkin" ("Bronnoze Potiomkin"), que comeza a rodarse en Odessa en Setembro e que se presenta oficialmente o 21 de Decembro no Teatro Bolshoi. A pesar da calurosa acollida que tiivo, a Sovkino, organismo centralizador do cinema, só decide aprobar a súa exportación a partir do apoio decidido dos intelectuais encabezados por Maiakovski. SME publica un dos seus textos fundamentais, "Para un achegamento materialista da forma".

1926 O 18 de Xaneiro ten lugar a primeira exhibición pública de "O acorazado Potemkin". Eisenstein, xunto con G. Alexandrov, o seu colaborador en "Potiomkin", escribe o guiño de "A liña Xeral" ("Generalnaia linia") sobre a colectivización do campo. A Sovkino encárgalle a realización dun filme comemorativo da revolución de Outubro. Nos derradeiros meses dese ano continúa a rodaxe de "A liña xeral" e xunto a Alexandrov traballan no guiño de "Outubro" ("Oktiabr").

1927 Ano adicado integralmente á rodaxe de "Outubro", que acapara toda a atención e obrigas de SME quen, por indicacións da Sovkino, veuse obrigado a abandonar a rodaxe de "A liña xeral". Rodaxe de "Outubro" en Leningrado. Participa a poboación, que dez anos antes fora protagonista dos feitos narrados na fita. O 7 de Novembro estréase con toda solemnidade "Outubro", no Bolshoi. O filme é recibido con aberta hostilidade polas autoridades, que o obrigan a realizar unha nova montaxe onde quedarían suprimidas todas as secuencias onde aparece Trotski.

1928 Logo dunha nova montaxe, principia en Marzo a carreira nos cines de "Outubro". SME é nomeado profesor de dirección na Escola Técnica Cinematográfica de Estado. En Xullo reanúdate a rodaxe de "A liña xeral", agora co novo título de "O vello e o novo". Con Alexandrov e Pudovkin redacta o artigo "Manifesto do son".

1929 Aparecen algúns textos fundamentais de SME: "A cuarta dimensión do cinema", "Perspectivas", "O principio cinematográfico e o ideograma". Con Alexandrov e Tissé emprende unha viaxe ao estranxeiro co fin de estudar as posibilidades do son. Esta saída ao mundo exterior levarao a visitar Alemaña, Suíza, Franza, Inglaterra, Bélxica, os Estados Unidos e México. En Setembro intervén no Congreso de Cine Independente de La Sarraz-Lausana (Suíza) xunto a Leon Moussinac, Alberto Cavalcanti, Hans Richter, Walter Rutmann, Bela Balasz, Gimenez Caballero, Ivor Montagu... Entre todos fan un filme colectivo, inconcluso e perdido "Tempête sur La Sarraz". Durante a súa estada en Suíza colabora nun filme sobre control de natalidade asinado por Tissé e polo operador suízo Emil Berta (nunca aprobado por Eisenstein), ademais de dirixir unha peza de teatro. En setembro expúlsano do país. Viaxa á Franza, Bélxica e Inglaterra, dando conferencias en Bruxelas, Londres e na universidade de Cambridge. Estréase en Outubro no Bolshoi "O vello e o novo". Pasa o Nadal en París e, nunha xuntanza con membros do PC francés anuncia o



Edward Tissé, á dereita, e Serguei Eisenstein rodando A pradeira de Bezhin (1935-36)

seu propósito, nunca realizado, de levar ao cinema "O Capital" de Karl Marx.

1930 Pronúncia conferencias en Rotterdam, Bruxelas e Berlín. En París fala na Sorbona pero as autoridades prohiben a proxección de "O vello e o novo", que debía ilustrar a súa intervención. Traballa no proxecto de levar ao cinema "A guerra dos mundos" de H.G. Wells e na adaptación cinematográfica do "Ulysses" que nunca chegarían a realizarse. En Marzo expúlsano da Franza. A intervención de numerosos intelectuais (Malraux entre eles) paralisa a devandita orde. O 4 de Abril Maiakovski suicidase en Moscova. En Maio Jesse L. Lasky, produtor executivo da Paramount ofreceulle un contrato para traballar en Hollywood. Previa autorización da Sovkino, asina un contrato por seis meses a razón de 900 dólares cada semana mentres durase a preparación do filme e de 3.000 durante o curso da rodaxe. Unha vez nos EEUU pronúncia conferencias na Universidade de Columbia, Harvard e Chicago e instálase en Hollywood, nunha *villa* de estilo colonial. Os proxectos presentados por Eisenstein aos executivos da Paramount ("A guerra dos mundos", "A casa de cristal", "O ouro de Sutter", "Unha traxedia americana"...), son sistematicamente rexeitados. O 23 de Outubro a Paramount anuncia unilateralmente a rescisión do contrato con SME. En Novembro o Departamento de Traballo dos EEUU negase a prorrogar o permiso de residencia de Eisenstein, pero grazas á mediación de Charles Chaplin asina un contrato coa esposa do escritor socialista norteamericano Upton Sinclair para realizar en México un filme en catro meses de rodaxe e cun custo aproximado de 25.000 dólares. O 5 de Decembro Eisenstein e a súa equipa chegan a México. Hospedados no Hotel Imperial son detidos, pasan unha noite en prisión e son liberados ao día seguinte.

1931 Entre Xaneiro e Marzo SME e a súa equipa percorren México para documentarse e buscaren títulos para o filme que debere titularse "Que viva México". Establece contacto cos grandes muralistas mexicanos Siqueiros, Orozco, Rivera e Montenegro. Entre Abril e Decembro Eisenstein roda 35.000 metros de negativo para o seu filme e envía o material a Hollywood para ser impresionado.

1932 En Xaneiro e sen ningún tipo de explicacións Upton Sinclair decide suspender a realización de "Que viva México", cando aínda quedaba por rematar o episodio terceiro, "Fiesta", e comezar o cuarto e último, "Soldadera". Eisenstein acode desde México a Hollywood, para entrevistarse con Sinclair, negánille o visado de entrada. Grazas á intervención de 22 senadores, concédelle un vi-

sado de tránsito para circular polo país. Nun almorzo de despedida que se lle ofrece en Nova Iorque, chega a un acordo con Sinclair para este lle enviar á URSS o negativo de "Que viva México". En Maio está de regreso en Moscova. Cando o barco que transportaba as caixas co negativo da película fai escala no porto de Hamburgo, Sinclair envía un telegrama ordenando que devolvan a fita aos Estados Unidos. O material rodado para "Que Viva México" nunca chegaría a Moscova (1).

1933 Traballa nun proxecto de comedia e nun filme sobre a revolución do Haiti. En Abril sofre unha forte depresión e decide internarse nunha institución psiquiátrica en Crimea durante tres meses (2).

1934 Imparte clases de estética e dirección no Instituto de Cinema de Moscova e en Outubro casa con Pera Attaseva a quen coñece desde 1926.

1935 Celébrase a Conferencia Construtiva do Plenum dos Traballadores da Cinematografía Soviética e é nomeado Presidente, ao tempo que é obxecto de duras críticas por parte da delegación do PCUS, que censura "a inexactitude das súas teorías" e "a súa tendencia intelectual". Só Lev Kulechov sai na súa defensa. Boris Chumiaski, director xeral de Cinematografía, ofreceulle o proxecto de "A pradeira de Bejin" ("Bejin Lug") traxedia campesina baseada nun conto de Ivan Turgueniev que comezará a rodar en Maio.

1936 A rodaxe de "A pradeira de Bejin" é moi conflitiva, ben polas inxerencias oficiais, ben polos constantes problemas de saúde que padece SME (varicela, gripes).

1937 En Marzo por unha decisión de Chumiaski, suspéndese definitivamente a rodaxe da fita e Eisenstein redacta unha autocritica que, co título de "Os erros de A pradeira de Bejin", aparece no número 8 da revista "Internationale Literatura". Tras serlle rexeitados varios proxectos, recibe autorización para realizar "Alexander Nevski". Publica na revista "Itsvutsko Kino" a versión definitiva do "Programa de ensino da teoría e técnica da realización".

1938 En Xaneiro Chumiaski é desprazado do seu posto á fronte da Dirección Xeral de Cinematografía. Eisenstein decide abandonar varios proxectos, entre eles "A organización do Exército Vermello en 1917", "A guerra civil en España" e "A condición humana", segundo o texto de André Malraux. En Maio comeza a rodaxe de "Alexander Nevski" que a finais de ano estréase no Bolshoi.

1939 O día 1 de febreiro o Presidium concédelle a Orde de Lenin.

Recebe o grau de doutor *honoris causa* da Academia de Artes e Ciencias e é nomeado membro da Comisión Directiva dos Estudos de Mosfilm. En colaboración con Tissé, comeza unha viaxe por Asia. O obxectivo é estudar o futuro trazado do gran canal de Fergana, sobre o que pretende rodar unha película. V. Meyerhold e Serguei Tretiakov son arrestados. Ambos desaparecen. En Outubro roda planos de ensaio de "O canal de Fergana", pero os traballos de realización quedan interrompidos debido á grave situación internacional.

1940 Traballa nun proxecto, abandonado pouco despois, sobre un filme biográfico sobre Alexander Pushkin que ia ser rodado en cor. En Maio inicia as memorias e comeza a escribir o guiño de "Iván o Terrível" ("Ivan Grozni"). O 21 de Novembro ten lugar a representación no Teatro Bolshoi de "A Walkiria" de Wagner. SME é o director, o cenógrafo e o autor do vestuario. Nese mesmo ano "Alexander Nevski" é retirado de circulación como consecuencia do pacto xermano-soviético.

1941 Autorízano a abandonar a dirección de Mosfilm mentres dure a realización de "Ivan Grozni". O 14 de Outubro diante do avance das tropas alemás as autoridades deciden trasladar as equipas de Mosfilm a Alma-Ata, en Kazaxuistán e recibe o encargo de organizar o envío do negativo de "Iván o Terrível" ("Ivan Grozni"). Escribe o ensaio "Dickens, Griffith e mais eu", texto capital sobre a metáfora cinematográfica. Roda o documental bélico "Moscova resiste" e "Alexander Nevski" volve aos cines.

1942 Remata a redacción do guiño e comeza os traballos preparatorios de "Ivan Grozni". Mentres en Nova Iorque publícase o seu primeiro libro orgánico sobre o cine, "The film sense" ("O sentido do cinema").

1943 En abril iníciase en Alma-Ata a rodaxe de "Ivan Grozni". Prokofiev encárgase da música da fita.

1944 Entre Xaneiro e Xuño proséguese e remata a rodaxe de case todo o material necesario para as dúas partes de "Ivan Grozni" (a segunda parte levará por título "A conxura dos boiárdos"). No verán volve a Moscú e monta a primeira parte de "Ivan Grozni".

1945 En Xaneiro prodúcese a proxección pública da primeira parte de "Ivan o Terrível" no cinema Udamik. O éxito é absoluto. Falta na radio sobre o que vai ser a segunda parte de "Ivan Grozni", e no inverno roda en Moscova algunhas secuencias para este filme con película Agfa-color tomada aos alemáns. A finais de ano reanuda as mesmas as súas clases no Instituto Cinematográfico do Estado e comeza a preparar a terceira parte de "Ivan Grozni".

1946 O 26 de Xaneiro recibe o Gran Prémio Stalin pola primeira parte de "Ivan o Terrível". Sofre un infarto de miocárdio e ten que ingresar na clínica do Kremlin. Os médicos obríganlo a un repouso absoluto. A primeiros de setembro unha resolución do PCUS condena e prohibe a segunda parte de *Ivan*, que non chegará a estrearse até 1958. O filme é acusado de "anti-histórico". Publica unha nova autocritica na revista "Cultura e Vida". Remata a redacción do seu libro autobiográfico.

1947 É nomeado membro do Consello directivo da Sección Cinematográfica do Instituto de Historia das Artes. Ordena textos escollidos para seren publicados en francés, ao tempo que prepara appointment para outros escritos ("A arte do director de filmes" e "Teoría da montaxe cinematográfica").

1948 Febreiro. O día 10 pasa todo o día e parte da noite escribendo un texto falto de corrección e inconcluso, "Da color no cinema". Na madrugada do 11 falece en Moscova vítima dun ataque ao corazón. O día 13 danlle terra no cemiterio de Novo-Devitche rendéndolle honores de herói nacional. ♦

O 99% dos ensaios atómicos realizados desde 1945 son responsabilidade dalgunha das 5 grandes potencias

As probas nucleares da Índia e Paquistán mostran a invalidez do sistema da guerra fría

◆ M.V.

"Cómpre negociar unha nova convención nuclear que poña fin á desigualdade e inxustiza do Tratado de Non Proliferação vixente e conduza a un verdadeiro desarme nuclear global", ven de afirmar Atal Behari Bajpayee, primeiro ministro da India.

Para Robert O'Neill, profesor de *História da guerra* en Oxford, as probas nucleares realizadas en días pasados na Índia e Paquistán "demostran que o réxime nuclear vixente desde a Guerra Fria fracasou e representan unha oportunidade para establecer un novo acordo".

O sistema de non proliferación herdado da Guerra Fria e prolongado indefinidamente en 1995 baséase no principio de que as potencias nucleares son responsábeis e poden ter armas atómicas. Os demais países non poderían telas porque son irresponsábeis. O gran debate que se agacha tras o conflito é o da ampliación do Consello de Seguridade.

Sancións occidentais

Poucos analistas vulgan que a idea de sancionar á India e Paquistán resolva nada. A asimetría entre as grandes potencias e os países emerxentes do terceiro mundo é tan notoria e difícil de soportar que de seguir así as cousas ben pronto o mundo podería encontrarse con probas nucleares tamén en Irán, Israel, Brasil, Arxentina e mesmo Suláfrica ou calquer país árabe.

A prepotencia dos cinco grandes: Estados Unidos, China, Reino Unido, Francia e Rusia,ponse de manifesto ao comprobar que das 2059 explosións nucleares efectuadas no mundo desde 1945, incluídas as once últimas de India e Paquistán, aos países mencionados correspóndelle a responsabilidade de 2047.

Até primeiros de Abril deste ano, Grande Bretaña e Francia non ratificaran o acordo de



O xefe da equipa científica paquistaní, Samar Mubarak Mad, foi recibido con honores en Islamabad.

1996 que proibe novas probas e os Estados Unidos seguen se facelo. De todos modos, aínda que o ratifiquen, só están renunciando a unha forma de probar as súas armas, dado que os ensaios de laboratorio continúan febrilmente. Por outra parte, os orzamentos da Axencia Internacional de Enerxía Atómi-

ca, encargada de inspeccionar as plantas nucleares, leva quince anos conxelado en cen millóns de dólares, e nengunha das potencias nucleares permite a inspección das súas plantas militares. Ademais está o arsenal de armas biolóxicas e químicas destes mesmos países que, en moitos sentidos, pode

ser considerado tan ameazador como o material nuclear.

A sorpresa actual das grandes potencias pola actitude de Nova Delhi non está xustificada, porque a India viña denunciando sistematicamente desde hai moito tempo o *apartheid* nuclear internacional. ◆

Setenta mortos

nun accidente

ferroviario en Alemaña

A colisión dun tren de alta velocidade cunha ponte en Alemaña o Mércores 3 de Xuño causou un accidente no que se rexistaron setenta mortos e douscentos feridos, ademais de que cen persoas sufriron algun tipo de lesión de carácter menor.

O sinistro produciuse cando o tren que facía o percorrido Munich-Hamburgo, circulando a douscentos quilómetros por hora, descarrilou e chocou contra unha ponte en Eschede, vila do Norte do país. A causa do accidente débese a que un automóbil cruzouse na vía. Todos os servizos de socorro da zona foron chamados para o traslado dos cadáveres e os traballos de rescate dos feridos. ◆

A unionista

Orde de Orange

provoca enfrontamentos

no Ulster

A *Orde de Orange* volveu a provocar aos republicanos do Ulster o Sábado 30 de Maio cando a súa sección xuvenil pretendeu facer pasar unha marcha polo bairro católico de Portadown.

A policía norirlandesa, *Royal Ulster Constabulary*, denunciaba moitas veces por pro-unionista, non interviu para deter a provocadora marcha, pero si o fixo cando se manifestaron os republicanos. Esta intervención provocou un enfrontamento que rematou con catorce feridos.

Estes son os sucesos máis graves ocorridos desde o asinamento do Tratado de Stormont para a pacificación de Irlanda do Norte. ◆

Os Estados Unidos

recoñecen

que Iraq cumpre coa ONU

Os Estados Unidos xogan á cerimonia da confusión. Un día animan a continuar co bloqueo de venda de petróleo sobre Iraq e ao outro din que o país do Golfo Pérsico cumpre os acordos asinados coa ONU para permitir o traballo dos inspectores que controlan a presenza de material para producir armas bacteriolóxicas e químicas.

Ao tempo que recoñecían que o Iraq cumpria, os EEUU dician que responderán "a calquer provocación". Pola súa banda, o chefe dos inspectores da ONU dixo que no outono presentará a Kofi Annan un plano para o levantamento das sancións. ◆

M. VEIGA

Para que serve a UE?

Un dos argumentos máis usados polos apologetas da actual Unión Europea é o de que tal unidade conseguirá formar unha masa crítica que nos convertirá aos europeos en poderosos competidores dos outros dous impérios, o estadounidense e o xaponés (o resto do mundo simplemente non existe). A cidadanía europea ofrécenos un paraguas para estarmos no mundo e garante: nivel de vida alto, soberanía e, moi pronto, un aparato de seguridade propio. Para iso cómpre —insisten as mesmas fontes— un esforzo unitario e o esquecemento das contradicións menores entre os países membros do continente. Todo isto foi posto sen embargo en solfa o pasado día 25 de Maio, cando os ministros de

Asuntos Exteriores da UE asinaron un acordo para a "protección dos investimentos en Cuba", eufemismo que supón a aceptación da lei Helms-Burton que, como se lembrará, está baseada na extraterritorialidade e na ameaza a terceiros países, dous principios que contradin todos os acordos legais internacionais en vigor.

O escándalo é tan maiúsculo que varios eurodeputados do Estado español, entre eles Ignasi Guardans de CiU, acaban de afirmar que tal acordo supón "a voadura da posición común da UE sobre Cuba" e entra en contradición "con tratados internacionais vixentes suscritos por España, Reino Unido

e Francia con Cuba". "A partir de agora cada un dos membros da UE, sinala Guardans, comprométese a impedir os investimentos alí onde un cidadán norteamericano considere que aquilo é seu". A actitude de CiU ven xustificada pola defensa dos intereses hosteleiros dos empresarios cataláns na illa que agora poden quedar baixo a potestade arbitraria dos norteamericanos. En Galiza aínda lembramos como nos defendeu a UE cando a guerra do fletán co Canadá. Postos a estar no mundo dos grandes conglomerados nacionais quizá sería máis apropiado pedir directamente á cidadanía estadounidense, no canto da desta devaluada e submisiva Europa. ◆

Tínhamos un problema e xa está solucionado

J. M. Aznar

O neoliberalismo

é o futuro, gritan. Privatizar é o moderno, privatizar incluso en anacos a seguridade social. Non lembran que a telefónica foi americana, os ferrocarrís ingleses e que a medicina privada era até hai poucos anos a única existente. Calquera día descubren que o máis *in* é suprimir o parlamento e que o rei se traslade en carroza.

Voces honestas, pero desmemoriadas, claman contra o traballo infantil. Recentemente en Xenebra, na Asamblea da Organización Mundial da Saude, Fidel Castro lembrou que cada ano morren 33 mil nenos por fame e 500 mil quedan cegos por falta dunha vitamina que custa menos ao mes que unha caixa de cigarros.

Pasou polos cines, como un raio, o filme *Mambí*, relato da guerra de independéncia de Cuba. Fálase de Cánovas, o presidente do goberno español, sobre todo pola súa célebre afirmación: "Defenderemos Cuba até a última

A Suso de Toro

Lín varias veces o teu artigo: "A ver si ahora", na revista *Ajoblanco* e cada vez alucino máis. Das tres páxinas de artigo eu só tiro tres conclusións:

a) Que os de sempre aínda non se enteiraron de que estamos nun país soberano que escribe nun idioma normalizado.

b) Que os fillos noviños dos de sempre xa son tan burócratas e reaccionarios como os seus maiores e por iso montan unha asociación para matar ao pai.

c) Que os de sempre son todos profesores de instituto, autopromocionados en *A Nosa Terra* e reaccionarios, resentidos contra ti porque trunfas no estranxeiro.

A ver se agora nos situamos. Neste momento ou fai uns meses estaban en distribución tres obras de teatro baseadas en textos teus; *A sombra cazadora* é lectura recomendada para milleiros de escolares; *Tic-Tac* segue entre os libros máis vendidos, e deron-che o premio *Blanco Amor*. Estou certo de que o mérito é teu, do teu traballo. Pero ese éxito sería imposible no panorama que ti debuxas no artigo de marras.

Só quero dicir-che que me parece moi mal que desaproveites a oportunidade de analizar (xa non digo promocionar) a literatura galega actual e, sen embargo, aproveites para soltar esas neurais egocéntricas e infantís.

Sinceramente Suso, saian-che mellor as croquetas de mómia. ♦

LUÍS REI NÚÑEZ
(OGROBE)

A Suso de Toro, sobre un artigo de *Ajoblanco*

Esta é a primeira vez que escribo en *A Nosa Terra* e, créanme, dóeme ter que facelo polo asunto que me ocupa. Procurarei ser breve: no número 107 da revista *Ajoblanco*, asinado por Suso de Toro, aparece un artigo de opinión sobre a nosa literatura. Non entrarei en consideracións discursivas sobre o tal artigo: a categoría intelectual do autor non as merece. Só aclarar e desmentir unhas apreciacións crueis, insultantes e calumniosas, que nel se afirman. As seguintes: "A xente de letras, hoxe, aquí, cada día é menos diversa e se coñece máis entre ela. Só así se comprende que un xoven crítico dixese hai unhas semanas do libro dun compañeiro de facultade que, aínda que algúns resentidos non o cresen, aquel libro era tan bon

Estou certo de que o mérito é teu, do teu traballo. Pero ese éxito sería imposible no panorama que ti debuxas



como o Quijote, e así continuou debuxando adxetivos até que ao final da reseña, xa quente, afirmou: "e aínda digo máis: é mellor que o Quijote". E o mundo ignorante de todo iso". Como imaxino que este parágrafo fai referencia á miña novela *Un xogo de apócrifos* e á crítica de X. M. Eiré aparecida en *A Nosa Terra*, en defensa da miña dignidade e da dignidade do crítico quero manifestar: non coñezo de nada a X. M. Eiré e, ademais, tampouco fun compañeiro seu de Facultade. Ata o momento no que escribo esta carta (25 de Maio do 98) non crucei unha palabra con el e, polo tanto, as aseveracións do señor Toro definen perfectamente a súa inícuca personalidade: propia da máis absoluta malicia e perversidade.

E agora, Toro, para marcar distancias, permítame unhas breves puntualizacións entre o meu *Estado Permanente de Fracaso* (título da miña autoría) e o seu presuntuoso "éxito relativo" (sic. *Ajoblanco*). Saiba pois, dunha vez por todas, ao que se dedica o que asina a presente mentres vostede, experto en pose e cosmética, quita e pon gafas negras diante dos fotógrafos: eu escribo. Correcta ou incorrectamente, pero sen preocuparme polos avatares comerciais nos que vostede parece estar tan interesado (un pode pretender unha certa imaxe de escritor e, sen embargo, quedarse nun petulante cromo de revista). Escribo, en Verín, consciente de que na escrita vai a miña propia vida e manténdome á marxe, na periferia, dos grupos e correntes e capelas que circulan polas vías literarias do Estado. Escribo e acato escrupulosamente os olvidos e xuízos, positivos ou negativos, que as miñas obras merecen

recen aos homes e mulleres que desde a crítica pretenden normalizar as nosas letras (aínda que o meu criterio e estima, en moitas ocasións, non coincide coas argumentacións dos especialistas e das especialistas). Escribo perseguindo a idea de Literatura que levo na memoria, e no corazón. Escribo (e leo) sen desfalecer, con fanatismo, a pesar de que algúns, como vostede, quixeran ver fundidos e aniquilados aos que profesamos ambicións diferentes ás súas: o importante é intentar escribir ben, non exercer de papanatas profesional (eu tamén quero vivir da literatura —da literatura, non do sucedáneo literario— pero, mire que curiosidade, os profesores e profesoras licenciados en galego que vostede denosta en *Ajoblanco* non recomentan os meus libros; as profesoras e profesores que, por innumerables razóns, merecen o respecto que vostede lles nega). Pouco favor, por outra parte, lle fan as súas opinións á nosa literatura, levantada, e orgullosa, grazas a outros e outras ben distintos a vostede e á súa pésima escrita, outros e outras que se negan a admitir, como Su Excelencia afirma, que "Galiza é un país derrotado". Ou "a Literatura galega foi utilizada como propaganda de ideas galeguistas e progresistas. Isto foi comprensible en momentos de opresión política e persecución cultural, pero desde hace años es una lacra pesadísima". ¿En que país vive vostede? ¿Como é posible que teña os ollos pechados? (porque lle interesa, evidentemente: xogar ao cosmopolitismo resulta sempre beneficioso). Pero, como dixen arriba, non vou entrar en consideración sobre o seu pensamento, propio da mediocridade na que frecuentemente habitan os seus xuízos: a idiotex como norma.

Nada máis, só desculpas á *A Nosa Terra* ao vela, por culpa miña, mesturada nesta polémica; e para vostede, *torito de escasa bravura*, o meu contundente e permanente desprecio. ♦

XOSÉ CARLOS CANEIRO
(VERÍN)

O poder do Euro


Desde hai uns anos, en todos os medios de comunicación, os políticos veñen falando do beneficioso que vai ser o Euro para nós. Os representantes do goberno fixeron unha política monetaria orientada a reducir o gasto público, coa fin de cumprir os requisitos económicos que impuxera a Unión Europea, para poder entrar nesta última fase de converxencia monetaria. O obxectivo máximo de España, desde que Aznar acedeu ao poder, foi conseguir ter uns índices económicos que nos fixeran posible, aos españois, equipararnos ao resto de países, que segundo o presidente do Estado ían acceder por méritos propios.

A semana pasada viuse como cumprir esas condicións non era tan importante como algúns pensaban. A/determinados países permitiúselles non cumprir unhas condicións xa rebaxadas no ano 1996 na Conferencia de Amsterdam. Non se trataba tan sequera dos postulados iniciais propostos en Maastricht. Aínda así, houbo países que non foron capaces de cumprir estas novas condicións máis flexibeis. Sen embargo, o único país que pagou as consecuencias foi Grecia.

España, pola súa banda, pode sentirse orgullosa. Foi un deses once países que querendo acollerse á moeda única, cunha posición privilexiada (segundo o goberno), conseguíuno. Pero o que non se tivo en conta, desde un primeiro momento, foron os custos. A privatización de empresas que lle producían grandes beneficios ao Estado é unha consecuencia directa. *Repsol, Telefónica* ou

Alguén ten que dicirle ao PP que unha familia que chega xusta a fin de mes, non ten demasiado interese en que os índices bursáteis suban ou baixen

Que pensa do xuízo dos GAL?



Manuel
Dentista

Non teño unha opinión moi elaborada porque se está desmandando todo por un lado e polo outro. Todo o mundo quer presionar aos xuíces, desde o PSOE a certos medios informativos. O que fixeron estivo mal, o secuestro de Segundo Marey e o resto, pero estáselle dando unha importancia maior da que ten. Hai que xulgar a Barrionuevo, pero iso teñen que facelo os xuíces. ♦



Maria
Estudiante

A verdade é que non estou moi enteirada, pero en certa forma paréceme un pouco lóxico o que pasou aí. O que non se pode consentir é unha equivocación como a de Segundo Marey. Aí, no de Marey, están metidos todos os políticos e as cousas son bastante graves. Non sei se nos asasinatos tamén houbo erros. O do GAL normal non foi porque é terrorismo, pero foi lóxico. ♦



Xosé
Locutor

Creo que ao final terán que pagar todos os que están implicados. Creo que todos teñen culpa. Creo que todo estivo mal feito, falo do secuestro de Segundo Marey, pero tamén me refiro aos asasinatos que se atribuen a ese grupo. Non se poden facer as cousas ás bravas, como fixeron. As responsabilidades teñen que chegar ao máis alto, é dicir a Felipe González. ♦



Ana
Psicóloga

Non teño demasiada idea de política, pero a do GAL paréceme a típica historia de sempre: Acusacións dunha banda, acusacións da outra... e a xustiza aí no médio, sempre lenta, sempre polémica. Son todos criterios moi subxectivos... Non me parece ben o que fixeron e menos con fondos públicos e dunha maneira un pouco oculta, pero tampouco me parece ben o que fai a ETA. ♦



Eduardo
Xestor

A verdade é que estou totalmente en contra dos GAL e creo que se debe facer xustiza, aínda que dubido que se faga. O do GAL foi negativo en xeral. Era un grupo terrorista, estaba á marxe da lei, mataban, usaban fondos reservados para facelo... todas son razóns contra os GAL. A culpa debe recaer en todo o Goberno central anterior, que presidía Felipe González. ♦

agora *Endesa*, só son algúns exemplos claros dos intereses reais deste goberno: favorecer ao capital financeiro.

Os custos laborais que estas medidas trouxeron, ou as repercusións sociais, non lles importan aos que sentan na Moncloa. Se o Estado non ten cartos para cubrir os custos dos medicamentos, é igual. Se as taxas de ensino suben, se os recortes sociais son máis grandes cada vez, que máis ten! O fin de contas, como di Aznar, "España va bien". A razón de que o Estado vaia ben, é que a bolsa crece cada día un pouco máis. As accións aumentan o seu valor de seguido. Isto é realmente interesante. Sobre todo, para un traballador industrial, un agricultor, un parado ou, en xeral, para todo aquel (a maioría da xente) que non ten diñeiro para mercar participacións bursáteis e xogar-se os seus cartos no mercado de valores. Alguén ten que dicirle ao PP que unha familia que chega xusta a fin de mes, non ten demasiado interese en que os índices bursáteis suban ou baixen.

Un capital que ao mellor pode ser investido durante segundos ou minutos nunha empresa española, e ao pouco ser vendido para entrar noutra empresa, non xera emprego. O diñeiro electrónico que circula as 24 horas do día polos mercados financeiros do mundo, non fai que o paro baixe en España. Polo tanto, habería que pedir unha maior atención social por parte dos nosos dirixentes, demasiado preocupados en que uns poucos obteñan grandes beneficios co Euro. Hai que lembrarlle a Aznar que en España somos 40 millóns e todos temos as mesmas necesidades. ♦

RUBÉN VALVERDE ALONSO
(VIGO)

Campaña contra os pobres en Santiago

O concello de Santiago leva adiante unha campaña contra os pobres con este eslogan: "Non lle des máis voltas, hai alternativas". Parece que non chega con que o concello nos mate de fame senon que os servizos sociais tamen queren que as xentes das ruas nos dean as costas. Que alternativas nos dá o concello? E as outras institucións? O meu caso é o seguinte, sufro unha enfermidade mental e recibo unha pensión de 36.000 pts. Entón fun ao concello a pedir algunha axuda e ali estaban as alternativas, unhas funcionáreas con total falta de educación que se negaban incluso a completar as solicitudes de xente que non sabían ler, a asistente aos dous minutos de eu entrar xa me botou da súa oficina con moi maos modos, por que eu non tiña dereito a nada.

No centro de saúde ao que vou, o psiquiatra díxome que falara coa asistente do centro do Sergas, esta con moi boas palabras díxome o mesmo: que eu non tiña dereito a nada por que cobraba unha pensión, díxome que me pasase pola cociña económica da igrexa. A igrexa sempre pide para os pobres, pero no menu da cociña non se nota ese amor que predicán a diario

cara aos máis necesitados. E unha auténtica desgracia de comida mal feita, escasísima e pagando 200 pesetas ao día comida e cea. Que fan coas aportacións da renta? A famosa x na declaración. Que comen os da COPE?

O concello di que hai alternativas, eu xa as encontrei: comer no lixo, seguro que, se me colle un municipal, me mete unha multa. ♦

X. A. C.
(SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Aquela sobreira

Xa nos roubaron a outra sobreira que quedaba (tiña tres anos), non é un caso illado, preto de aló, na mesma parroquia, hai uns tres anos, sacáronlle a couda aos castiñeiros máis bonitos que tiñamos coa intención de que non lle corra a savía e morran, o meu tío fíxolle unha cura e salváronse todos menos un. Haberá cousa de dous anos, a un veciño da provincia de Lugo matáronlle arredor de 40 castiñeiros.

Busco as causas de semellante tírria ás árbores autóctonas e ocórrense ben poucas, moi pouca xente anda polos montes onde a maioría dos camiños están intransitábeis, só algún pescador, os que o traballamos e os que sacan a rendabilidade do noso traballo de limpar e rarear os comareiros.

Pero hai causas máis globais, penso, o conto de acostumar á xente a esperar pola subvención sen traballar, desnatura as persoas, faulle perder o contacto tan antergo coa terra e os seus produtos. A imaxe de que vale

todo dada polos nosos gobernantes na Xunta, nas deputacións, nos concellos. A xustificación da corrupción porque xa o fixeron outros, xustificar desde o poder o comprar concelleiros para facerse cunha alcaldía, xustificar o agachar os gastos de cartos que son de todos, xustificar o amaño de oposicións para colocar aos amigos, en fin a xustificación da inmoralidade nos nosos gobernantes estamos levando a que até no rural, onde hai 20 anos casos coma os que denuncio poñerían encarnados aos veciños de toda a parroquia, agora non se lle dea importancia.

Estamos a perder algunha das cualidades máis importantes do povo galego: a súa hospitalidade, a súa solidariedade, o seu amor á terra

Agora co conto de xustificar a inmoralidade, o non traballar; "... traballar nas leiras é de parvos é millor chupar unha subvención, a pensión dos vellos e marchar para o bar; ... o padriño xa falou co alcalde e disque ten un choio para min este verán".

Gracias que moitos sabemos

pinga de sangue e até a última peseta". O cal, como se sabe, foi verdade no segundo e mentira no primeiro. Está claro que os que o ano pasado celebraron o centenario da morte do lider conservador non foron ver a película.

Declara o cantante Alejandro Sanz que el non pensa no público ao compoñer as cancións. "Venda moito ou venda pouco, interésame sempre facer algo serio". Menos mal que a afirmación é de Sanz falando de música, se iso o di alguén aquí a respecto da literatura acúsano de panfleteiro, de decimonónico e de espía soviético.

A maioría dos policías implicados no GAL pertencían á Brigada Político Social franquista. Só é un dado para contextualizar.

Un señor con título de conde, presentouse hai un par de semanas ante Fraga e díxolle: "Presidente, non podemos permitir que Vigo caiga en mans do Bloque". A solución apalabrada foi darlle unha patada por elevación ao actual alcalde e presentarlle unha terna a Fraga de candidatos alternativos. O problema é que un non quere ser, a outro non o quere o partido e do terceiro

non están seguros de que o vaian votar os eleitores.

X. L. Vilela, subdirector de *La Voz de Galicia*, quéixase no congreso "xornalismo e poder", convocado pola Asociación de Xornalistas de Galiza, de que agora os xornalistas non san á rua e pasan o día sentados na mesa, ollando o fax. Ter, ten moita razón, o que resulta difícil de crer é que a culpa seña dos empregados e non dos donos dos periódicos. Porque, se por un acaso, o xornalista sae á rua e atopa unha manifestación contra Fraga, que fai?

Para dar crédito ao anterior, cómpre lembrar que Mayor Oreja dixo no Congreso a pasada semana, en resposta a unha pregunta da oposición, que o ano pasado houbo en Galiza 50 manifestacións por semana. Se se consultan as hemerotecas non san reflexadas máis de cinco. ♦

Eupido

Asencia Matrimonial
¿Quer casar? ¿Busca parella estábel? ¿Desexa bons amigos? Axudámoslle eficazmente, trato personalizado, atende psicóloga experta, prezos módicos. O maior ficheiro de Galicia. Solteiras ata 34 anos. Inscripción completamente gratis. Praza de Lugo 23 - 1º C telf. 981 229 702 A Coruña

ANUNCIARSE EN
A NOSA TERRA
É VENDER.
CHAME AO
986 433 830 E
INFORMARÉMOLO
DAS NOSAS TARIFAS
PUBLICITARIAS.

que todo isto degrada ao home é convérteo nun ladrón e un amoral sen nengún tipo de ilusión agás; o de satisfacer o seu apetito animal. O home depravado do que xa falaban Platón e Aristóteles, este é o home que quere o poder hoxe en día, un home que non pense, que se emborrache ou se drogue, que fale pouco cos demais, que desconfíe, que teña medo a perder o favor político.

Moitos vivimos aquela sabiduría popular aquela ética apegada á terra que nos infundian os nosos maiores. Era unha lección sen discurso, co exemplo, unha lección que non se esquece; o mellor da vida dao a terra, o traballo e o seu produto é o que fai ás xentes felices e realizadas neste mundo.

Estou convencido que esa lección é máis forte que todos os cartos do mundo, e virá o día en que, como fan os países cultos, rexeitaremos as subvencións e defenderemos a produción da nosa terra, voltaremos a producir mobles con madeira nobre coma fan os suecos, producirémos cortiza das nosas sobreiras como fan os portugueses, pescaremos racionalmente como fan os noruegos, comerciaremos con calidade os nosos produtos como fan os franceses. Claro está nos postos claves da administración estarán os máis preparados ou sexa os galegos máis eficaces, daquela a ninguén lle fará falta estragar as nosas árbores autóctonas; terán un traballo honrado e cultura. ♦

C. A. M. C.
(ARZUA)

Sobre a AGLI

Tudo un concepto de país, o que se pode apreciar nas cartas, notas de prensa, declaracións públicas dos seus membros... no discurso, em definitiva da *Asociación Gallega por la Libertad de Idioma*. Aí se vê quem está com o povo e quem nom. Aí se vê quem está com a liberdade, com a convivência, com a democracia... e quem nom.

Esta gente nunca se move por nada. Nom dizem nem mu se queren construír umha barragem num val da nosa Terra. Importa-lhes pouco o da quota láctea, total o leite francés é mais barato. O desmantelamento industrial do nosso país dá-lhes igual, como a eles nom há quem os mexa dos seus postinhos na administración... e de ir a concentracións polo traslado à Terra dos presos, nem falar, claro, que essas cousas som de terroristas.

Mas, isso por suposto, que ninguém lhes toque o castellano. Eles dizem que a normalización do galego ameaza os direitos da comunidade hispano-falante na Galiza, e dizem aliás que esta comunidade é maioritaria no nosso país. Nada mais longe da realidade; para comezar, dizer que a Lei de Normalización Lingüística nom se cumpre, a dezasete anos da sua aprovação no Parlamento por unanimidade, nem de longe. E em segundo lugar, qualquer pessoa que conheza um pouco a nosa realidade saberá que de facto no ensino, por exemplo, um eido chave na normalización do galego, o espanhol segue a ter prio-



ridade é que a maioría real de estudantes galego-falantes têm que suportar que a Consellería de Educación lhes envíe profesorado castelano-falante aos seus centros de estudo, que rara vez se presta a cambiar de idioma.

Um dos grandes argumentos da AGLI em contra do galego no ensino é o de que o galego nom serve para atopar traballo fóra da Galiza. Entom tenho

que entender que isso é o que queren eles; que as escolas se convirtem em canteira de emigrantes em potência em lugar de ser um instrumento de culturización e socialización da infancia e a mocidade, onde tenham acceso à sua língua e cultura comuns e onde apreendam a História do seu Povo, para assim nom cair mais nunca nos erros dos seus antergos e poder construír umha naçom galega onde a emigração passe a formar parte da lembrança. De todos os jeitos, tenho a sensación de que nos países de fala hispana nom andam muito melhor do que nós no tema de atopar traballo. Grandes defesores do povo estes da AGLI, sim senhor! ♦

RAMIRO VIDAL ALVARINHO

Sobre o galego desde a emigración

Eu, que sou argentino, e que pi-sei por primeira vez a Terra Galega en 1980, cando voltei a Bos Aires, púxenme a estudar a nosa língua. Isto foi por atopar unha familia que é unha glória, e facerme de amigos que me fi-

xeron sentir un galego máis, e non me discriminaron. Logo de receber tanto agarimo, díxeme: "Cando volte a Galiza, teño que falar galego", e púxenme axiña a estudar no Centro Galego de Bos Aires. O curso estaba a cargo dos Mestres Antónia Luna e Ixíño Martínez Estévez. Eles daban o curso do reintegrado galaico-portugués, eu aprendín a escribir deste xeito, e nunca xamais me esqueceré deles. Tampouco dos que andaban no curso, Ricardo Flores, o primeiro cumpriu 95 anos e está feito un mozo, e Xosé Bieito Abreira, que para min foron meus pais no galego, pois con eles lanzeime a falar.

Por iso, cando nos artigos que se publican na ANT sobre a normativización da lingua, fan-me pensar que esa teima non ten que ser para dividir aos Galegos, nada diso. Os Galegos temos que estar xuntiños loitando para que a Terra estea gobernada polos verdadeiros galegos e non polos que naceron aló, pero que son os lambucus dos que turran por derrubar a Galiza desde o poder central, e desde hai cinco séculos tratan de colonizar a Terra. Nunca o lograrán! O pobo

FE DE ERROS

No nº 831 de ANT, na información sobre as intervencións dos presidentes nos parlamentos autonómicos, sinalábase que Manuel Fraga comparecera cinco veces na pasada lexislatura cando, en realidade, esas foron as peticións do Grupo Socialista que se publican no boletín do Parlamento. O presidente da Xunta compareceu só dúas veces ao marxe dos Debates de Estado da Autonomía: en Maio de 1994, con motivo da dimisión de Xan Fernández como conselleiro de Industria e, en Xuño de 1996, para explicar as remodelacións feitas na Xunta. ♦

galego é un povo de herois, e por mais que mallaron nel e condenaron á emigración, tivo forzas para manter a sua língua, cultura e historia.

Coido que o futuro da lingua será o reintegrado, pero primeiro que sexan os Galegos quen gobernen Galiza, e nas escolas ensinar aos cativos no reintegrado, que primeiro se poñan de acordo os intelectuais e lingüistas que coido é o máis doado. As casas fanse desde abaixo, non desde o teito.

Cando estiven no 90 o día que comenzo o Congreso da AGAL en Vigo, deume moita tristura que uns rapaces daban a todos tarxetinas amolando aos intelectuais que non escribían no galaico-portugués. Eu pergunteime: Se vivisen Castelao, Suárez Picallo, Alonso Ríos, Otero Pedraio, estarían tamen eles na tarxetina? Non! Primeiro temos que estar xuntos coma un puño para botar aos que queren destruír a Galiza, despois, entre nós, chegara o mellor.

O 24 de Marzo, en Bos Aires, o Pobo Argentino saíu á rua lembrando a data do golpe militar xenocida. Tamén estabamos nós, os compañeiros da CIG, UGT, CC.OO, BNG, cunha bandeira galega na que decía "Os galegos tamén temos desaparecidos-Galiza en contra da impunidade". Deste xeito, ademais de loitar para que siga adiante a investigación, estabamos acaron das nosas benqueridas Nais da Praza de Maio, e deciamos ao Povo Argentino que os galegos non pensan como o Presidente da Xunta que uns días antes, estivo en Bos Aires e apoiou ao Presidente Menem en contra do xuíz Baltasar Garzón.

E rematando, quero decirlles que, cando eu comenzei a escribir á miña familia no reintegrado, non me entendían, por que eles non o coñecen. Ali decateime do que xa escribín máis arriba: A casa faise desde abaixo e non desde o teito. ♦

HEITOR YEBRA
(BUENOS AIRES)



A. PANARO

Manuel Álvarez Torneiro

‘O poeta cumpre un papel que ninguén asume, o da comunicación’

◆ CARME VIDAL

Con González Garcés participou na “toleada divina” de *Amanecer*, un grupo poético que animaba a cidade da Coruña nun tempo no que a represión ocupaba todos os espazos. Agora Manuel Álvarez Torneiro séntese orgulloso de recibir o premio que leva o nome do escritor que o iniciou na poesía. *Luz de facer memoria*, o libro premiado pola Deputación da Coruña, atende ás teimas poéticas do escritor, aquelas que o fixeron ser inclasificábel. Do tempo das *Festas Minervais*, Torneiro comezou a publicar tarde -por volta dos cincuenta anos- e a súa obra está agora a ter o recoñecemento de poetas de todas as xeracións.

“Aquele época na que comecei a escribir era terriblemente difícil, a censura constriñía, os parafusos apertados e nós adicabámonos a facer aqueles poemas. González Garcés foi o animador de todo aquilo. Dos que ali participabamos só seguimos Avilés de Taramancos máis eu” anota Álvarez Torneiro, o escritor desclasificado por non se atrever a publicar até os anos oitenta. “Non creo nas xeracións e se encontro algo incoordinante é falar da poesía porque só se pode explicar por si mesma. Non me dá a gaña de facer auto-poéticas. Que se a miña obra ten algo de socialrealismo? Pois si, porque tes moitas vivencias e o mundo que hai por diante intéresache menos que o que deixas detrás” comenta o escritor, sempre á marxe dos cenáculos literarios e que sorri cada vez que se lle menta unha boa crítica. Cos da súa xeración comparte “unha postura espiritual de fondo que era renovación xunto cun desexo grande de liberdade de expresión, tirar a

poesía das cavernas e abrir camiños, non só expresivos senón de ideas que era o que faltaba”.

Os poetas Manuel Forcadela e Anxo Angueira son algúns dos que teñen reivindicado a presenza de Torneiro entre os grandes da nosa literatura. O poeta comezou a publicar canda eles, pero daquela tiña xa unha mancha de poemas almacenados que a súa autocritica non permitía tirar do caixón. Desde o primeiro libro publicado no 1982 co ánimo dos íntimos e o empuje definitivo de Isaac Díaz Pardo, polos andeis das librerías pasaron xa nove obras co seu carimbo. A súa pode ser así unha obra-ponte, a camiño entre distintas poéticas, diferentes momentos definidos ás veces polas urxencias de cada tempo. “Hai unha ruptura porque a poesía da miña xeración estaba imbuida polos problemas sociais, non te podías arredar diso. A longa noite de pedra chegou un día que comezou a amencer, abríronse luces e non se podían tocar os mesmos temas. Os ollos comezaron a mirar para dentro dun, era un mundo moi rico e desatendido, apareceu esa mirada interior que deu obras realmente fermosas, que agardaban o seu momento”, analiza o autor de *Habitante único* (Espiral Maior, 1997) que entende a querencia que por el teñen poetas máis novos por estar “nunha situación esteticamente falando, non tan lonxada deles, había unha aproximación sentimental, non fomos tan estranos. Negueime a defender a case prohibición que había nos senta para escribir poemas de amor, ou cantar á beleza do crepúsculo. Era terríbel, diciase entón que quen iso facía non estaba na realidade, estaba alonxado do mundo”.

Fóra da moda

Basilio Losada ten dito que lle gustaría vivir cen anos máis para comprobar como a crítica valora a obra de Torneiro. A súa é unha poesía fóra da moda, escrita baixo o signo da autenticidade -“hai que ser honrado, sincero, cando escribes, non podes dar gato por lebre” puntualiza- traballada na súa arquitectura e coidada na linguaxe. Tense falado do culturalismo de Torneiro, das referencias á arte, música ou literatura que povoran os seus libros pero as citas flúen del con tanta naturalidade que lle permite ironizar sobre a observación na que teñen caído máis dun comentarista: “traballo moito o verso e a palabra, non creo nesa poesía de circunstancias para saír do paso, é un traballo como outro calquer. Se fago memoria dunha cousa véñenme ideas, relaciono un cadro ou con algunha peza de música, complementa a miña imaxe, remato nesa vivencia. Non busco nunca a cita culta, agroman por si mesmas, todo o mundo pode recurrir a un libro na busca do fragmento para encher, pero iso é un fraude. Non cito para me distinguir, para me poñer nun chanzo de petulancia. Son referencias que forman parte da miña vida”.

A memoria está no cerne da súa obra, poetiza o cotián e as vivencias volven para se converter en material lírico. Unha pinga de auga pega nunha tina de cinc. Torneiro escribe o extraordinario poema “Aula de posguerra” (*Habitante único*): “En canto escribía via aquela aula co retrato de Franco e José António ao pé dun crucifixo. O profesor Don José pegábanos cunha regra cando estábamos de xeonllos por riba dunha capa de area traída de Riazor. No inverno había unha luz

leitosa, como tamizada que se notaba cando facíamos unha copia ou un dictado. E caía unha pinga na tina de cinc, iso quedou para sempre. Por que vas escribir sobre o aquí e o agora cando tes ese poema detrás de ti, machacando e dicendo: ti fuches este, ti estivesches ali, é a tua historia”.

Torneiro non entende a desmesura da crítica. Tal vez por ser sempre un poeta que ten experimentado estar na “aceira oposta, na rebeldía de ir sempre por libre e iso tamén se paga”. Cando se lle nomea algunha bondade dita da súa obra responde: “Que bonito. Quen o dixo? téñollo que agradecer.” Alégrase, en especial, ao lle lembrar o comentario de Baixeras escrito arredor da publicación de *As voces consagradas* cando di que “a poesía de Torneiro ensina a vivir”. “Fico sorprendido, é extraordinario que alguen pense iso da miña obra. Son temas eternos, o amor, o paso do tempo, a perda de valores... unha poesía que ven da soidade, da reflexión e vai cara a comunicación”, afirma. Aponta tamén un lema que rodea a súa creación e mostra o esforzo estético por dar forma ás ideas: “Se podes dar unha metáfora boa non fago unha frase prosaica”.

Para que poesía neste tempo? “Para cumprir un papel que ninguén asume, a comunicación. O poeta di: vouche contar as miñas cousas e ti cóntasme as tuas; xa Alexandre dicía que a poesía é comunicación e aí vai outra cita... Todo poeta intenta botarlle unha man ao semellante, quere levar confianza, esperanza, comunicarse con valores que perduren fronte aos pseudo-valores que esta sociedade nos impón de maneira devoradora. Que haxa unha herencia que deixar e expresalo coa maior beleza que se poda”.

O hermetismo e o tedio

◆ JOSÉ Mª COSTA

A poesía tradicional, elaborada coa turbación e o sentimento, feita con moldes máis ou menos convencionais, pero capaz de acadar a vivacidade e a harmonía, o ritmo e a sensibilidade necesarias en determinadas épocas, deveu, no curso do tempo, perante a reiteración de formas e sons e os cambios históricos e sociais, unha uniforme sucesión de esquemas repetitivo, insignificantes lugares comúns sen vitalidade, nervio nin forza expresiva: simple reprodución de palabras con sentido pero carentes de emoción.

Fartos da rutina, novos poetas, escuros e esquecidos, uns, na memoria de todos, outros, comezan a aportar ideas propias, a facer versos arredados do rigor formal, do ton declamatorio ou do preciosismo ornamental, das abafantes normas dominantes, en suma, buscan o ritmo, a intensidade e a precisión, a suxerencia e a evocación, a liberdade, a sensualidade e a paixón, creando, así, a sensibilidade que, con todas as desigualdades, alternativas, tendencias e matices que se queiran, acompañou á poesía até as últimas correntes: algunhas aportacións, entón, déronlle un aire ditinto que parece consistir nunha secuencia formal de simple enumeración de palabras, con frecuencia un galimatías de ton máis ou menos sincopado no que a linguaxe quere ser, máis que o reflexo da realidade, a súa destrutora.

Lucede así moitas veces que versos ou poemas deslumbrantes acompañan a insustanciais series de palabras, a beleza e o vacío, a capacidade a incontinenia, a sensibilidade e incongruencia danse a man: á procura da emancipación formal, caen na servidume dunha nova retórica tan escasamente atractiva como extravagantemente limitada.

Deste xeito a inandade de moitas proposas e o cansazo resultante conducen de novo a un tipo de composición no que algo teñen a dicir a claridade, a emoción e a harmonía, o ritmo e a forza evocadora da palabra: pasados os primeiros momentos de excitación, o exceso de algarabía só leva ao aborrimiento, cando aparece o fastío e só fica o ruído e a monotonía, no mellor dos casos a furia e a paixón, cualidades vitais non especialmente despreciables, pero, literariamente, por sí soas, escasamente estimulantes, teño para min que desaparece todo interese.

Se ben a poesía apela á dimensión inconsciente do poeta e do lector, a súa linguaxe non é convertíbel en proposicións completamnte lóxicas, empregar palabras afanosa e apaixonadamente asociadas sen utilidade visíbel algunha non é, probablemente, o mellor dos pasatempos posibles.

■ Denúncian

o uso arbitrario dos informes lingüísticos da CTRVG

Sen cuestionar a necesidade de que existan os informes lingüísticos e mesmo solicitando un maior aplicación das súas recomendacións en toda a programación, as asociacións de Actores e de Guionistas de Galiza veñen de denunciar o seu uso arbitrario para xustificar despedimentos. Xosé Antón Porto, actor e secretario de Audiovisual da asociación de Actores, estaba proposto como presentador para o concur-

so, "Todos a bordo" cun contrato verbal da produtora compostelana CTV. Sob pretexto de que nun informe lingüístico interno da TVG facíase mención ás súas "dificultades" para o uso do galego, e logo de ter feito ensaios e probas de vestiario, recibiu a notificación de que estaba despedido, un día e medio antes do inicio da gravación do programa. Alén de reclamar maior seriedade nas prácticas de contrata-

ción da produtora, as asociacións demandan que eses informes sirvan para "corrixir os problemas lingüísticos e non sexan empregados de forma arbitraria", explica o presidente da asociación Xabier Estévez. Porto asegura que o caso presenta "múltiples irregularidades", porque nunca viu o informe e entende que serviu como simples xustificación para colocar no seu posto a outra persoa. ♦



Xosé Antón Porto denunciou o seu despedido dun programa da TVG.

o bretón Patric Molard, o asturiano Manuel Fernández "Guti" e o galego Xesus Baamonde ofreceron o seu xeito de tocar a gaita. Ao final do repertorio de cada un, interpretaron un tema composto en conxunto. ♦

■ Galardón para a "elección da palabra poética" de Valente

O poeta ourensán Xosé Anxel Valente ven de ser nomeado gañador do premio internacional de poesía *Reina Sofia*, dotado con seis millóns de pesetas. O galardón concédeuse a Universidade de Salamanca e *Patrimonio Nacional*. O xuri, do que formaban parte os escritores latinoamericanos Carlos Fuentes e Álvaro Mutis, reseñou que "só coas mellores palabras na mellor das ordes posbeis pódese dar a visión do mundo que o poeta está obrigado a dar". Tamén foi recoñecido o poeta Rafael Alberti como voz vivada xeración do 27. ♦

■ Apresentan os versos de Ramón Sampedro no Porto do Son

Cando eu caía é o título do libro de poesía que deixou escrito Ramón Sampedro antes de morrer e que se apresentou o Sábado 30 de Maio na Casa da Cultura do concello de Porto do Son. A homenaxe contou coa presenza e apoio da asociación de viciños Sartaxas de Xuño, amigos, familiares e Manuel Bragado, director de Xerais, que publica o libro, Xosé Chao Rego e o duo *Oestrimmia*. Os versos de *Cando eu caía*, libro prologado por Manuel Rivas, teñen como referente o dereito a vivir e morrer dignamente que perseguiu Sampedro, finado en Xaneiro. ♦

■ As fotografías galegas de Ruth Anderson en Compostela

Inaugurouse na Igrexa da Universidade de Santiago o Domingo 31 de Maio a exposición "Ruth Anderson: Fotografías de Galicia 1924-1926", cuxos fondos atópanse na estadounidense Sociedade Hispanica de América, cuxo arquivo sobre Galiza chega ás dez mil imaxes. Anderson morreu en 1984 e, desde hai anos, a Xunta intentou traer a obra da fotógrafa, a Galiza. ♦

■ Expóñense imaxes das agresións á ría de Arousa

Agresións á ría é o título dunha mostra que se expon até o 10 de Xuño na Casa da Cultura de Vilagarcía. Organizada polo Colectivo Ecoloxista do Salnés, o Grupo Ecoloxista "Gaia da Illa" e a Plataforma Anticontaminación de Vilagarcía, a exposición amosa os verquidos incontrolados, as extraccións ilegais de area e

construcións que danan o entorno. A mensaxe das fotografías incide na necesidade de intervir para preservar o medio ambiente. A exposición emmárcase tamén dentro das *Xornadas en Defensa da Ría de Arousa*, que se desenvólven os días 4, 5 e 6 de Xuño. ♦

■ Fallado o premio de contos infantís "O Facho"

A narración *Carlota, a marmota que non podía durmir*, de Miro Villar, foi a gañadora da 2ª edición do premio de contos que convoca a asociación cultural "O Facho". O premio está dotado con corenta e cinco mil pesetas. O xuri, que reseñou a construción do conto en versos rimados, estivo formado por Maria Xesus Blanco, Luis Maças López e Manuel Rodríguez Castro.

Tamén se fallou recentemente o premio Ourense de contos, que convoca a Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros da cidade, resultando gañadora Xon-

xa Fernández, de Allariz co conto *Curriculum Vitae*. Receberá oitenta mil pesetas e a publicación da obra que a autora define como "unha fabulación irónica, unha reflexión con certas doses de humor, amargura, resentimento e resignación encol dun problema social e persoal tan dramático como é o acceso a un posto de traballo". ♦

■ Primeira Liña traduce o Manifesto Comunista

Para conmemorar o 150 aniversario do Manifesto Comunista, o movemento *Primeira Liña* ven de traducir ao galego o libro de Marx e Engels a través de Abrente Editora. A presentación da obra, dentro da campaña "Significado e vixencia do Manifesto Comunista", tivo lugar en Compostela o 3 de Xuño e seguirá na librería Couceiro da Coruña o 10, na Caixa de Pandora de Vigo o 11, na Librería Torga de Ourense o día 17 e na Galería Sargadelos de Ferrol o día 25. ♦



■ Xa hai programa para o Festival de Ortigueira

Do 17 ao 19 de xullo celébrase o XIV Festival internacional Celta de Ortigueira coa organización do departamento de cultura do concello para a que se destinan 14.800.000 pesetas. A programación do festival, que cumpre vinte anos, foi apresentada o Sábado 30 de Maio e conta coas actuacións de *Old Blind Dogs* e *Neilston & Distric Pipe Band*, ambos desde Escocia, *Danu*, de Irlanda, *Felpeyo*, de Asturias e os galegos de *Berrogüetto*. Ademais cóntase coa participación de *Bágoas de Raiña*, *Domine Cabra*, *Ransel*, *Airiños dos carris*, *O son do Sor*, *O Barqueiro* e a Banda bretona de *Bagad*. ♦

■ Celébrase a I Mostra de Danza na Galiza

A primeira Mostra de Danza Galega comezou o día 2 de Xuño e remata o día 6 no Auditorio de Congresos de Pontevedra. Once compañías que traballan no país presentaron o seu traballo dentro da mostra, que organizan conxuntamente a consellería de Cultura e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais ademais do departamento de cultura de Pontevedra. As funcións corren a cargo do colectivo de Boston, *Prometheus Dance*, *Druida-Danza*, da Coruña, *Ballet Studio*, de Santiago, *Dobre Xiro*, de Vigo e o grupo do coreógrafo ferrolán Xesus Quiroga. Estas compañías participan no maratón de peche da mostra, no que participan ademais a Compañía Artística Teatro da Danza, o Xoven Ballet da Coruña, o conservatorio de danza da Deputación da Coruña, a Escola de Danza *Vaganova*, a Escola *Fita Novas* e a Escola *Deborah*. ♦

■ En Sarria homenaxeán a Fiz Vergara Vilariño

A asociación cultural *Monte Oribo* de Sarria pechou os actos do Día das Letras Galegas cunha homenaxe ao poeta de Samos Fiz Vergara Vilariño. Nun acto celebrado o Domingo 31 de Maio no instituto de FP de Sarria, lembráronse aspectos da súa biografía e da súa obra, da que se leron varios poemas incluíndo os do seu último libro *Animal sen fel*. Representouse ademais a peza teatral escrita por Vergara Vilariño *O muño vello*. ♦

■ Xira de gaiteiros europeos

Comezou en Lugo o 27 de Maio a xira de gaiteiros europeos e pechouse o día 2 de Xuño en Vigo tras pasar por Lugo, Ortigueira e A Coruña. O irlandés Michael O'Brien, o búlgaro Petko SDepehanov, o escocés Rory Campbell,



Olga Novo.

■ Publican en Portugal as poetas galegas

Mulher a facer vento é o título do libro, que publicado por Edicións Tema de Portugal, foi presentado en Lisboa no marco das Xornadas de Literatura Galega, que se celebraron na Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova. O libro, de sesenta páxinas, conta con poemas inéditos de sete escritoras: Anxos Romeo, Enma Couceiro, Ana Romani, Luisa Villalta, Luz Pozo Garza, Olga Novo e Iolanda Castaño. ♦

■ Siniestro Total e Amparanoia no Festival de Palas de Rei

Xa está ultimado o programa para a terceira edición do festival Rock no Camiño, que organiza o concello lugués de Palas de Rei e cuxos concertos son gratuítos para o público. Celebráronse os días 24 e 25 de Xullo contando coas actuacións de 7 notas 7 cores, B-Violet, M-Clam e Hamlet na primeira xornada, e con *Siniestro Total*, *Amparanoia*, *Sexy Sadie* e *Os tres sudamaricones* no segundo día. ♦


Leituras

Atlántica
venatória

Título: Xeografía do medo.
Autor: Francisco Duarte Mangas.
Editorial: Galaxia.

Eixo Atlántico. Tamén existe un Premio de Narrativa Galega e Portuguesa Eixo Atlántico. E un felicítase sempre; se se peneirou ben, a fariña será boa, garante de correcta levedadura para acadar gorentoso e espelido pan. Cántas máis peneiras haxa mellor fornada teremos? É unha maneira de ver as cousas; e acreditar nesa fórmula ou non, potestade do teu ánimo, lector. Pero benvida sexa toda tentativa de aproximación entre dúas literaturas que se descoñecen tanto (moito máis do que se pensa, e moito menos do que algúns quixeran) aínda que compartan común diastema lingüístico e sexan veciñas de porta con porta. Iso si, con traducións pouco imos facer, ademais de mentirosos; ou nos presentamos tal e como somos ou estaremos criando unha necesidade irreal (pero moi ao gusto de algúns) e falsa que xoga á contra enfatizando no diferencial desde a inercia da preguiza. Tantos séculos afastados, é lóxico que de primeiras nos custe recoñecernos, pero pouco adiantaremos na convivencia se non nos atrevemos a presentarnos desde o soporte que nos une.

Pero váiamos coa novela que nos ocupa, a *Xeografía do medo*, da autoría do escritor portugués Francisco Duarte, un dos novos narradores (tamén poeta) alén Miño. De incio, o título pode resultar equívoco se inferimos o



xénero da novela a partir de el. Non se trata, nen moito menos, da típica literatura de terror. En realidade o tema ten máis que ver coa cinexética, coa venatória. Coa caza en toda a amplitude semántica do termo. Nada hai de sobrenatural, nengún demoníaco ser deforme ou similar. Pero si atmosfera tridimensional e vertiginosa co fondo e trasfondo dunha actividade cruel. Terreo ben propicio para unha historia desas que nos mostran o/a..... (póñase o nome que se desexe) profundo/a. É no fondo do interior do ser humano onde latexa agachada a ameaza, pódense facer todas as excursións teóricas que se queira que só el é realmente salvaxe. De non respectar a natureza é fácil agardar que se chegue a non respectar cousa, nen a vida humana, que o home é o seu principal predador.

O que primeiramente eran competicións sen máis, dexeneran en confrontacións, guerras, traizóns, xa presentadas desde a primeira páxina. O narrador sabe ben manternos á espera do desenlace fatal, pasenñamente vai fiando desde a comunidade cinexética as historias de Joao de Amea, Tetónio Coutinho, Silvio... a súa mesma historia. As personaxes móvense pola montesa raia, lugar esquecido, matogueira constante, ou mesmo se sitúan en ultramar, na sufrida Angola, alá nas primeiras déca-

É obvia a ousadía, a ambición deste novo narrador portugués

das do século, reflectindo enfrontamentos entre colonizadores e colonizados, monárquicos e republicanos, republicanos e franquistas. Os homes identifícanse (é notábel a pouca presenza feminina) coas súas armas, cos seus mellores amigos (os cans) e con calquera instrumento que coadxuye a querencia que os anima. Nen a pesca se libra, que caza é a fin de contas.

O engado de tal tentativa é evidente, prestémonos a ser presas nós tamén a medida que imos devorando palabras. En períodos curtos, rotundos, claros. A ambigüidade sérvenola o narrador facendo confusas as historias. De pouco vale que as personaxes estean rexamente construídas, a sensación de caos irá pouco a pouco adonándose do lector atrevido. Unha pena que esta estratexia poida levar ao abandono, porque resta o golpe de efecto final do narrador, atraínte, espectacular.

Remate. É obvia a ousadía, a ambición deste novo narrador portugués, amparada nunha fórmula tradicional que se lle vai das mans, quizá por un exceso de experimentalismo. Hai quen acusa a moitas obras narrativas galegas, de teren un fio de unión moi feble —sempre mantiven que non temos todos por que obedecer ás mesmas regras de tensionado nas cordaxes— entre as diferentes peripécias; pero a debilidadade narrativa tamén pode proceder do extremo oposto. Boa ocasión para contrastar os novos narradores portugueses coa valia dos nosos. Apostamos a que na vindeira, xa anunciada, edición gañará un autor galego? ♦

XOSÉ M. EIRÉ

conta de libros

O premio Esquio de Ignacio Chao

O teu corazón traballo con segundas partes/Dixéchesmo un día de grises verbenas/No que andaban perdidas as luces da cidade. Os versos son de Ignacio Chao, que con *Corazón de segundas partes* gañou o premio Esquio de poesía o pasado ano. Segundo Ramiro Fonte, membro do xuri que o avaliou e autor do limiar, Chao constrúe a poesía atopando "ese tipo de dicción que fai que un poema pida ser lido a uns amigos, arredor dunha mesa, buscando nos seus ollos a complicidade". Publícase á vez *Equinoccio de primavera*, de Miro Villar, quen mereceu o accésit do premio. Editaos a Fundación Caixa Galicia. ♦

Ilusións esquecidas na Costa da Morte

Extremoduro, *Black Sabbath*, *Sobrekarga* ou *Suaves* son algúns dos grupos musicais cuxos temas poboan a novela *Flores Negras*, de Rafael Lema, incluída na colección *Docex/Intedous* de Sotelo Blanco. Eva, a protagonista, filla de emigrantes en Suíza, chega á Costa da Morte para descubrir o inútil das ilusións e a provisionalidade da vida. Lema, de Ponte do Porto, gañara en 1993 o premio Espiral Maior de poesía con *Cemiterio de gaivotas*. ♦

Matemáticas para interpretar a realidade

Xenaro García Suárez realizara en 1986 a edición crítica de *Os manuscritos matemáticos de Karl Marx* e presenta agora *Fendas na caverna*, na colección *Ferros de Xerais*. Ao tempo que as matemáticas sérvenlle para interpretar temas como a demografía galega, o mercado ou o sistema xudicial, no libro tamén se amosan as súas limitacións como lexitimadoras do discurso moderno. ♦

Galeguismo na II República en Redondela

Lois Barros recorriu a documentos, coleccións privadas, prensa, tstemuñas orais etc para escribir *Galeguismo e sociedade na Redondela da II República*. Barros é das terras de San Sadurniño pero chegou a Redondela hai máis de vinte anos, onde é profesor. Constre o seu traballo con nomes propios e os seus feitos nunha traxectoria que ramata o 19 de Xullo, cando os xornais anunciaron que un levantamento militar iniciárase en Ceuta e Melilla. ♦

GASTRONOMÍA



A cociña galega de montaña

Gloria Gallego

Con máis de 100 receitas

Desde as patacas ó cocho ou desde as castañas ós grelos, a cociña de montaña está marcada polo seu carácter temporeiro. Tradicionalmente unha gastronomía de arca e artesá, a cociña montañesa segue a ser hoxe de elaboración sinxela, pero de grande riqueza.

O caldo de feixóns verdes, a zorza, as sardiñas con cachelos, o guiso de xabarín, as filloas, a androia, as patacas asadas no remol, o leite con castañas, as chulas, o licor de amorodos e o viño quente están, daquela, servidos na mesa.

XERAIS



Cinema

Un esforzo
de Kiarostami
para contar
o Iran
por dentro

Título: O sabor das cereixas.
Director e guionista: Abbas Kiarostami.
Intérpretes: Homaion Ershadi, Abdolseïn Bagheri e Afshin Bakhtiari.
Película de 1977 excluída dos circuitos comerciais.

Hai anos que Abbas Kiarostami, o director iraniano, quer facer unha reflexión cinematográfica sobre o que está a pasar no seu país, propósito no que ten todas as dificultades das culturas non directamente homologadas por Hollywood e todas as avantaxes poéticas dos independentes.

Desde a nosa perspectiva podemos comprender o anxeo de Kiarostami por conectar coa cultura dominante sen deixarse contaminar polos seus códigos, recoñecer a universalidade crescente do imperialismo da comunicación sen reproducir o seu discurso. Se para facer este camiño arrancam os magros macutos de Almodóvar, podemos acabar como os picados pola mamba dos sete pasos, que gozan de cinco segundos de gloria mundial antes de ser devorados pola becha.

Kiarostami leva algo máis nas costas, como ben demostrou no seu denantior *Atraveso das Oliveiras*. Se o cine de banda transportadora fai por cocifalo, o

persa pode tirar do peto algún dos brillos de toda unha galaxia poética, na que non é menor Omar Kaian. A poesía como antídoto contra os idiotas e a certeza de que non se pode contar nada se non se conta con alento poético. En *O Sabor das Cereixas*, o cineasta quer relatar o que hai baixo o fume do Irán en guerra contra o imperialismo. O esquema para a reflexión en *Atraveso das Oliveiras* eran os sismos que conmovían o país na década dos oitenta, metonímia óbvia da revolución islámica que podía entenderse nos límites estritos da aparencia ou na fronda de alusións e reflexos paientemente construídos polo cineasta arredor dela.

Nesta nova fita, o aparente é un home da clase média urbana que quer deixar de vivir o que nos pode levar a moitos lugares da memoria parecidos ao cine do existencialismo. O que pasa é que Kiarostami narra coma un labrego do romanceiro, sen respecto nengún polos convencionalismos e coa potencia dunha cultura vella cando rebusca no seu mellor faidado poético para contar algo que considera vital. Non pode haber nada máis distante da complacencia coas formas de narrar do cine imperial que o traballo de

O sabor das cereixas de Abbas Kiarostami conta en imaxes poéticas como é a agonía do Irán por entenderse a si propio e por dialogar co resto do mundo



Manifestantes queiman a bandeira norteamericana sobre o muro da embaixada dos EEUU en Teherán.

Kiarostami e deste aparente non afinar os perfíles despréndese o vento da poesía en imaxes.

O home con vontade suicida, que contrata as condicións do seu enterramento, ten o seu momento humano máis alto cando volve para pedirle ao sepultoreiro que pete ben antes de deitar a terra, non sexa o caso de Caronte embarcalo vivo. O suicida ten o valor dentro do sistema alegórico de Kiarostami do racionalista que non sabe como sobrevivir no novo país que está a construír Irán, cercado polas escavadoras de fora e as de dentro. Co corazón na man, conta o seu problema a un kurdo, pero como era previsible, o home das montañas dille que o seu proxecto non está en construír un estado das autonomías iraniano senon en coroar a independencia do Kurdistan. Se morres, señorito de Teherán, non é asunto meu. E os afganos? O home das montañas do Leste de Irán é un seminarista islámico que lle

lé a carta completa sobre o que di o Profeta, que deus teña na súa grória, sobre a morte ben entendida e libre de pesimismo e suicidio. Mellor morrer de morte rápida, baixo unha escavadora, que tomar un té cun arcediano chiita.

Tamén están os turcos, os islámicos do Oeste que occidentalizou pola brava Mustafá Kemal. O turco é unha porta aberta para aliviar o problema do protagonista, sequer expresada por aproximación poética. O turco pasara antes pola desesperación pero cando estaba a piques de aganarse nunha cerdeira comeu unhas cereixas que cambiaron o seu destino, estampa dun platónico que lambe algo de epicureísmo e levanta a cabeza. O turco é aquí un taxidermista que ama aos paxariños, un país islámico que está a inventar unha maneira de vivir nas correntes da Revolución Francesa sen enterrar a súa cultura. Non ten unha solución máxica que ofrecer ao racionalista iraniano

pero si que pode encender nel a ilusión poética. Por este excuro de parábola, Kiarostami conta que pode haber un mence para Irán e ten ben coitado de precisar que o futuro non pasa por afogar a historia e a cultura na que naceron senon por vivir con ela doutra maneira. A alienación está representada polo encargado das obras que ve como removen a terra pero só está preocupado por preparar un almorzeto.

O chiita, que só pensa en deus, acaba tomando con el a parva.

Fixo que o ben dotado departamento de Irán da CIA, na monumental sección de países terroristas, ten fichados a moitos iranianos que queren acabar co demo occidental. Aproveitáballes mellor o tempo vendo *O Sabor das Cereixas* de Abbas Kiarostami: cine do mellor que conta en imaxes poéticas como é a agonía do Irán por entenderse a si propio e por dialogar co resto do mundo. Admitamos que aos norteamericano pode interesarle menos saber como pensan os occidentalistas do Irán (Kiarostami é un deles) que desenvolver armas intelixentes para fumar islámicos. Tamén non entenderon o cine de Losey e apostaron por afondar no ofuscamento, faise que padecemos nestes tempos escuros pero que non vai ser eterna, ben se comprende. ♦

GUSTAVO LUCA

O CINEMA EN
A NOSA TERRA

Carlos Velo. Cine e exilio

de Miguel Anxo Fernández

COLECCION O FARDEL DA MEMORIA



O cine en Galicia

de Xosé Nogueira

COLECCION HISTORIA DE GALICIA. MONOGRAFIAS



Da historia do cine en Pontevedra

de Xosé Enrique Acuña

COLECCION CAMPUS



Reunindo o folclore
do mar Cantábrico

Título: Britonia.

Grupo: Britonia.

Edita: Zoma Records.

Argallado e rematado en Villaviciosa, en Asturias, pero coa ollada e as letras postas na Galiza, o primeiro traballo do grupo *Britonia* reúne tradición e frescura. *Britonia* era un antigo bispado pertencente á diocese de Lugo até o século X. Despois, no século XII, unha parte pasara á diocese de Asturias; hoxe en día *Britonia* sería a parroquia de Bretoña, no concello da Pastoriza, e as terras do Navia-Eo adscritas politicamente ao occidente asturiano. A maxia da

conta de discos

música tradicional que percura este grupo non só se cingue ao folclore galego e asturiano senon que busca e atopa nas raíces basco-navarras como en *Idiarena*, canción popular para txiste, na *Herriko polka* e *Kontuz Ibili Mary Pili*. Os temas *Tremor*, cantado por María Vidal e adicado ás xentes do mar, e *Muñeira de Bartolo*, son os únicos cantados neste disco de *Britonia*, formado por Modesto Refojo Pipo, Iñigo Agerri, Giuseppe, Moisés Álvarez e X. Lois Ron. Aínda que os instrumentos tamén falan, caso do asubio do *Son de Amalia* ou as flautas de *Sono e Desacougo*. *Britonia* quer ser "unha fusión de diversas músicas de toda a cornisa cantábrica, en definitiva, unha música sen fronteiras onde poidan reunirse unha muñeira e unha danza típica de Navarra". ♦

El Camino Real. Para espallar as súas ideas, o grupo arxentino recorre ao hip hop, reggae e aos ritmos caribeños, ademais das colaboracións de Fermin Muguruza -canta en *Dignidad e Te vamos a quemar*- do saxo do ex compoñente de *Fabulosos Cadillacs*, Sergio Rotman, de Martín Lorenzo, membro dos *Auténticos Decadentes*, e tamén do xamaicano Little Roxie. Temas como *Políticos*, *Gringo Maligno* e *El Camino Real* poñen de manifesto a forte crítica social da que o grupo arxentino fai bandeira: a estratexia colonialista dos Estados Unidos, as ansias de poder e corrupción dos políticos, e a ferida que produce a miseria en Latinoamérica. Xa amosaron a contudencia das súas denuncias na súa pasada visita á Galiza. ♦


Rastas da Arxentina

Título: El camino real.

Grupo: Todos tus muertos.

Edita: Esan Ozenki Records.

Fidel, Félix, Horacio, Pablo Reuben e Pablo Potenzi, ou o que é o mesmo, *Todos Tus Muertos*, editan o seu cuarto disco de estudio despois do traballo en directo *Argentina te asesina*. "Dignidade porque esperanza é a palabra dos brancos para negros, indíxenas e explotados", é o berro de



Un día de festa para celebrar os 20 anos de Muxicas

Naturalmente, o seu sétimo traballo, recria unha xornada de troula popular

♦♦ A. ESTÉVEZ

O grupo *Muxicas* celebra o seu vinte cumpreanos cun día de festa. *Naturalmente* é o título do seu sétimo traballo como grupo no que recrian unha xornada festiva -"desde que sae o sol até que chega á noite"- en calquer aldea ou vila do país. De *O cuco*, coa xeadá aínda na herba, até o *Pasodoble do ano*, cando a xente marcha rindo para casa, pasando polas *Pernas da Maria*, momento de probar o polbo á feira, é *Lembranza*, o intre do café, a copa e a partida despois de xantar. "Góstanos estar coa xente nas festas; no verán son o noso principal destino. Despois xa prepararemos unha presentación para o disco en teatros e auditórios, e temos en mente levalo a Madrid e Barcelona", sinala o gaiteiro Xosé Manuel Fernández, que forma *Muxicas* xunto a Manolo Vázquez, Liño Figueroa, Xurxo Cabaleiro, Emílio Pichel "O Sisto" e Magoia Bodega.

"Coido que se hai unha palabra para definir os vinte anos de *Muxicas* é a evolución. Nós comezamos como un quinteto tradicional pero fomos modificando os obxectivos que tiñamos e recollendo fórmulas que estaban abandonadas. Os grupos de gaitas de sempre ían perdendo a súa función social aínda que fosen os que mantiñan acesa a



chama da tradición. O importante para nós, como grupo de

reelaboración, era poñer a música galega a altura doutras do mundo e non copiar estilos, facer unha música inequivocamente do país", conta Xosé Manuel. No seu último traballo, hai unha mensaxe para o público e un tema adicado "aos terroristas culturais que non teñen o máis mínimo reparo en suplantarse as nosa percusións

tradicionais por percusións alleas". Xosé Manuel Fernández sinala que "estamos a sufrir situacións anómalas e o que queremos é que o público non se chame a engano. Reclamamos claridade e non imos comungar con rodas de muíño sinalando que é música galega o simples intento de aproveitarse do seu auxe".

Nesta festa na que se converte *Naturalmente*, tamén ten lugar unha exhibición da banda de música, neste caso a de Beade, bairro de Vigo, de cuxa comarca saíu *Muxicas*. A orquestra é imprescindible para o *Pasodoble e medio* que acompaña aos foguetes. "Desde un par de discos atrás tiñamos gañas de introducir a banda de música. Noutros países os grupos de folclore mestúranse con orquestra sinfónicas: por rigor histórico as bandas teñen máis arraigo e son unha peza fundamental da música popular".

Calquer escenario é bon para *Muxicas*, mesmo facer composicións para teatro ou cinema, e perciben un cambio esperanzador de público. "Cando comezamos saíamos a tocar coa roupa tradicional, coas nosas faixas e polainas. Había que ter unha forte dose de autoconfianza porque axiña eramos etiquetados. Hoxe en día hai máis respecto e, incluso admiración", di Xosé Manuel Fernández. "Afortunadamente hai grupos que chegan xa a un nivel artístico que permite a profesionalización. Nós seguimos tendo ocupacións aparte da música. Isto permítenos independencia da música e, tamén, a procura dos nosos vieiros sen ter que bailar ao son de ninquén", engade. ♦

O CO RDEL

Andaina

Revista galega
de pensamento feminista

Nº 20. Maio, 1988. 500 pta.

Enderezo: Apdo. 1058 Santiago.

"Quen lle pon saias ao agro?" é o informe central do número que recolle unha ampla entrevista cun grupo de mulleres de Cesures, un artigo que analiza por que as mozas non quedan no rural, un estudo das consecuencias e problemas en relación co estatus xurídico da muller labrega ademais dunha crónica dunha traballadora da sanidade que vive nunha pequena vila que afirma: "Eu para a aldea non

vou". Dan conta tamén de dúas mulleres que son case descoñecidas máis a súa relevante obra e as súas interesantes biografías: a escritora Erika Mann e a física Lise Meitner. Analísase asimismo a participación política feminina despois do 19-O e a celebración do 8 de Marzo xunto coas súas habituais seccións de celebracións, denuncias e comentarios e "o falar... non ten cancelas", unha chea de novas e comentarios sen desperdicio. ♦



Fouce

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Nº 164. Maio, 1988. 300 pta.

Coordenación: Lúcia Senra. Telf. 981 588 532.

A convocatória da manifestación que se vai celebrar o sábado día 7 de Xuño en Santiago "En defensa da Terra" abre este número do periódico cun chamamento á participación contra, entre outras cousas, a forestación de terras agrícolas e as sementes manipuladas xeneticamente. Notíciase a



Primeira Asemblea Nacional sobre a reforma da Política Agraria Común que se celebrou o 18

de Abril en Compostela coa asistencia de labregos de todo o país e as acusacións dos principais implicados na estafa do Ribeiro. A carne ocupa as páxinas centrais nas que se analizan as problemáticas que afectan ao sector xunto coas propostas do SLG. O sindicato denuncia asimismo o silencio que están a sufrir nos medios de comunicación de masas. No apartado "Escola de Labregos" recupérase un artigo de Manuel García Barros e a reflexión de Xosé Ramón Freixeiro Mato "Ten que haber unha lingua universal?". ♦

Esculca

Órgano da Sociedade Cultural
'Museo As Mariñas dos Frades'

Nº 5.

Edita: Concello de Culleredo.



Máis de cen páxinas que percorren diferentes temas culturais e históricos do concello de Culleredo, entre eles, un achegamento aos museos Etnográfico Torre de Celeas e dos Muíños da Acea da Ma. A proclamación da Segunda República e o nacemento do concello son outros dos aspectos de interese histórico que se recollen neste número. A relación do escritor Alexandre Pérez Lugín con Culleredo e as Pinturas de Urbano Lugris na Igrexa de Vilaboa aparecen estudados en dous artigos que recatan a pegada de escritores e artistas no concello. ♦

A TRABE DE OURO
PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

33

TOMO I/ ANO IX/ 1998
Xaneiro • Febreiro • Marzo

FILOSOFÍA E POESÍA: NO PUNTO DO INNOMEABLE
Alain Badiou

O REINO DE GALIZA NA DELIMITACIÓN
DOS ESTADOS ESPAÑOL E PORTUGUÉS
Camilo Nogueira

NACIONALISMO: IRONÍA E COMPROMISO
Terry Eagleton

FIN DUNHA VIAXE
Ignacio Castro

O FRACASO DA POLÍTICA DE ESTADOS UNIDOS
CARA A CUBA E A LEI HELMS-BURTON
Carlos Alzugaray Treto

gotelo blanco

Recebe o premio por *Abecedario da desolación*, unha homenaxe aos seus poetas preferidos.

É curioso que a obra tivese maior recoñecemento fóra que na Galiza, en boa medida pódese entender pola controversia que existe na literatura galega. O libro foi finalista do premio *Martín Codax* e a editorial que publicaba o primeiro premio negouse a sacar este libro, o mesmo aconteceu con outra editora até que finalmente Fernán Vello publicouno en *Espiral Maior*. O libro ten estrutura dun abecedario no que cada letra parte dun dos meus poetas amados e a partir de aí fago unha reflexión que ten moito de catarse persoal. Adoito escribir a modo pero neste caso foi rápido, en apenas vinte días, froito dunha crise persoal. O feito de estar artellado como abecedario dá moito máis idea de conxunto de libro.

Vintecinco poetas citados e nengun galego.

A homenaxe aos poetas é unha constante na miña obra. Galegos hainos pero en pequena medida, no primeiro libro aparecen alusións a Carvalho Calero, Álvaro Cunqueiro e Manuel Antón, pero non é habitual. Supoño que será unha cuestión premeditada para non confesar as miñas leituras de poesía galega pero, de todos xeitos, eu leo todo o que sae de poesía no país. Tamén é unha maneira de dialogar con outras culturas máis distantes.

Fai entón poesía implicado nunha tradición poética?

Son lector antes de poeta. Un bo poeta ten que ser antes lector, se non cumpre esta condición dificilmente poderá escribir boa poesía. Son dos que penso que cada poema que les vai deixar unha pegada, unhas durarán máis tempo que outras, hai paixóns poéticas doutroa que agora están enfriadas e tamén ao contrario. Trátase sempre de dialogar coa poesía de todo o mundo e de todas as épocas, e non só coa poesía senón tamén coa música, a pintura e todas as artes. A poesía é oficio e diálogo, interior e cos outros.

Ten vostede unha militancia persoal en moitas causas pero defende que non se ten que traslucir na poesía.

Trato de diferenciar eses dous aspectos. Fixéronse tantos excesos que hoxe facer un poema con tanto compromiso é difícil, ademais non é a miña maneira de escribir. Hai obsesións grandes que non reflexo, por exemplo, o independentismo. O poema, aínda falando de compromiso, ten que ter beleza de seu, vese por exemplo na obra de Gioconda Belli. Participo nas causas nas que me comprometo pero non quero que iso apareza nos meus poemas.

Por que reivindica o soneto na súa obra?


Sonetos hainos en todas as literaturas do mundo. É curioso porque foi unha estrofa que odiei por causa dun profesor de literatura -a poesía segue sendo mal ensinada nos centros escolares- e logo saltei ao amor via Dario Xohán Cabana que me indicou lecturas e fixo que me achegase de novo a esa forma

Miro Villar

'O soneto é tan actual como o verso libre'

♦ CARME VIDAL

A súa obra *Abecedario da desolación* (Espiral Maior) vai ser traducida a nove linguas despois de ter gañado a primeira edición do premio Tivoli-Europa que a destaca como mellor obra publicada en Europa dun autor menor de 35 anos. Miro Villar (Cee, 1965) participa activamente da poesía desde o *Batallón Literario da Costa da Morte* e en diversas plataformas nas que intenta "que se lle dea voz aos poetas novos". Defensor do soneto entende que estamos nun óptimo momento para a lírica - "Temos 300 poetas vivos con libro publicado", di- e pensa que, aos poucos, o diálogo entre as diversas xeracións irase facendo máis fluído. Acaba de publicar *Equinoccio de primavera*, que fora galardoado cun accesit do Premio Esquio.



A. PANARO

de facer poesía. Din que non está na moda pero non é un *haboutade* afirmar que neste momento hai alguen facendo un soneto en calquera das literaturas do noso entorno. Fánse coa linguaxe do noso tempo e cos temas de hoxe. Un soneto acaído a estes tempos é tan léxítimo como o verso libre. Outra das razóns é a propia música do soneto, hai xente que facendo verso libre non se preocupa pola musicalidade.

Non limita a creación poética?

Se traballas cunha estrofa e con rima está claro que limita, pero tamén obriga a traballar máis e a un coñecemento profundo da lingua. Ao se tratar dunha técnica, unha vez que se consegue

destreza ven practicamente feito o endecasílabo. O ritmo interiorízase e xa vai levando a creación. A quen non ten querencia por esa estrofa custaralle moitísimo, igual que se pos a traballar a pedra a unha persoa que non é canteiro. Calquer persoa que utilice sonetos pode dicir que non é máis difícil que o verso libre.

Levou mesmo esta defensa da estrofa á propia creación. Acontece en *42 décimas de febre*.

Ese libro é unha brincadeira. Saiu a raíz dalgúns críticas que rexeitaban que hoxe se fixeran sonetos e tamén como homenaxe a Severo Sarduy e Francisco Añón, un poeta galego que viviu e comeu de facer décimas por encargo.

Entende entón que o ensino esquezee a poesía?

Así é, e iso conduce a que haxa poucos lectores. Ando farto de escoitar que aos poetas non se nos entende e ninguén di que hai que entender calquer exposición ou filme. Non ten por que se dar unha lectura decodificada, cada persoa ten a súa propia. Os mesmos textos anos despois teñen unha lectura diferente. Igual hai que empezar por deixar á marxe a cuestión formalista e centrarse no que suxire o propio poema.

É un dos máis dinamizadores da nova xeración de poetas.

Ás veces ser protagonista dos feitos lévache a non ter distancia,

no entanto, intento emitir xuízos analizando o que está a acontecer na poesía de hoxe. O que defendo é que a fins dos oitenta houbo unha parada e a partir dos noventa sucedeu un cambio con moita xente nova petando nunha porta que os que estaban detrás non querían abrir. Penso que nós si dialogamos cos antecedentes e aí están as citas. Nos libros dos poetas novos hai moitas referencias aos dos oitenta. Nós lémoslos a eles e ese diálogo non ten volta: eles non nos len. De todas as maneiras isto que até agora foi así comeza a cambiar, supoño que en certa medida porque os novos están gañando premios importantes. Acabará habendo maior diálogo porque é inevitábel.

Que sinais destaca na poesía deste tempo?

En primeiro lugar, unha maior pluralidade. Na xeración anterior había unha liña dominante, provocado en certa maneira pola canonización que se fixo por medio das antoloxías. Curiosamente os que foron marxinados entón son dos máis reivindicados hoxe, caso de Lois Pereiro ou Manolo Rivas. Agora hai máis pluralidade, tamén nas leituras, e iso leva a buscar mesmo aquilo que non nos quixeron mostrar. Tamén hai máis xente que traballa, teño contabilizado que neste país hai neste momento 300 poetas vivos con libro publicado ademais dunha pirámide imensa de xente que presenta a súa obra en revistas e outras publicacións, e son moitos para un país de dous millóns de habitantes.

E en canto ás distintas iniciativas para promover a poesía?

Cando se faga balanço desta época haberá que falar dos recitais que comezou a facer *Edicións do Dragón* e continuou *Letras de Cal* e das novas vías que se abriron para os poetas que comezan. Ten que valorarse o esforzo dos poetas novos ao montar unha editorial con 18 sócios, facer dez ou doce presentacións de cada libro e conseguir vender 400 exemplares de cada título. Hoxe hai máis poetas novos en calquera dos catálogos editoriais que en nengunha outra época. Máis unha vez hai que valorar o esforzo de Fernán Vello tanto convocando un premio para noveis como na editorial que leva máis de cen títulos na rua, máis que todos os catálogos da época *Nós* que pasa por ser a máis gloriosa da nosa literatura.

Láias das dificultades dos novos poetas e téñenlle respondido que está en moitos consellos editoriais.

Cando estou nas distintas plataformas é sempre para dar paso a outra xente que está a miña beira e non ten as posibilidades que eu teño para publicar e fágoo con esa condición. Non teño nen interese persoal nen económico algun. Desde o *Batallón Literario da Costa da Morte* estase a dinamizar como nunca a poesía na comarca e hai moitos rapaces que xa teñen publicado o seu primeiro libro e están animados a seguir. Traballamos cunha plataforma totalmente democrática e participativa. O meu obxectivo é que os poetas novos vaian abrindo ocos e se escoite a súa voz. ♦

O Consello de Cultura amansa a crise ao nomear como ponente de Arquitectura a un ex director xeral

O conselleiro de Cultura apoia os novos nomeamentos

➔ C. VIDAL

O plenário do Consello da Cultura fixo público o luns 1 de Xuño os nomes dos que substituirán a Manuel Rivas e Pedro de Llano diante das ponencias de Comunicación e Arte e Arquitectura. O arquitecto e ex-director xeral de Patrimonio no tempo de Vázquez Portomeñe, Iago Seara e o decano da Facultade de Xornalismo, Xosé López foron votados para os postos por unanimidade, co apoio explícito do Conselleiro de Cultura, Xesus Pérez Varela. A crise queda así amainada e a ponencia de Artes Plásticas e Arquitectura -unha das que máis se enfrontou á xestión da consellaría de Cultura- completamente desmantelada e pendente dunha nova organización.

O arquitecto Iago Seara ocupará o posto do dimisionario Pedro de Llano que estivo oito anos diante dunha das ponencias que máis conflito causou á consellaría de Cultura, en especial nos temas da rehabilitación do Camiño de Santiago e na destitución de Glória Moure do Centro de Arte Contemporáneo. A dimisión de De Llano despois de ter denunciado presións políticas dentro do Consello sáldase así cun nomeamento que ven de ser apoiado polo propio Pérez Varela e garantido pola colaboración mantida polo novo ponente coa administración do PP na que chegou a ocupar o cargo de director xeral. No caso de Comunicación, a ponencia -con Manuel Rivas á cabeza- acordou propor ao decano da Facultade de Xornalismo, Xosé López que foi logo confirmado polo plenário dándolle unha liña de continuidade a súa actuación.

Canda Pedro de Llano anunciáronse que deixaban as comisións de artes plásticas e arquitectura a meirande parte dos seus componentes co que se espera unha composición completamente nova artellada á maneira do novo ponente. Da comisión de Artes Plásticas anunciáronse a súa baixa no consello todos os participantes a non ser o representante da Academia de Belas Artes. Na de arquitectura romperon relacións coa institución Manolo Gallego, Plácido Lizancos e Manuel Quintas, é dicir, algúns dos seus membros máis activos.

A crise aberta no organismo sáldase desta maneira coa eliminación de todos os nomes que máis se posicionaron no conflito do CGAC que a comezos de ano remexeu o mundo da arte e puxo en cuestión a maneira de actuar do conselleiro de Cultura. Daquela producírase a destitución imminente de Glória Moure e as mobilizacións foran aplaca-



Xosé López, decano de xornalismo e novo coordinador da ponencia de Comunicación.

das con cargas policiais.

A pesar da conta nova feita no Consello, Pedro de Llano segue mantendo a conveniencia das dimisións. "Se chegamos a quedar dentro non tería acontecido nada, era a única forma de denuncia que se nos propuña. O que si se aprécia é unha falta absoluta de capacidade de resposta. Hai medo a que non se poda desenvolver un proxecto, medo á represalia... o mundo da cultura está paralizado e domesticado", anota o arquitecto mentras continua denunciando que desde o CCG "podíanse facer propostas positivas, pero non negativas, cando o seu papel tiña que ser paralelo ao do Valedor do Povo, de control do que pasa no mundo cultural, se non se poden facer críticas para nada vale". Debulla así varios informes elaborados por distintas ponencias, críticos coa xestión da administración, que nunca se fixeron públicos: crítica da Bienal de Pontevedra, a rádio na Galiza ou a destrución da Costa da Morte.

O presidente do Consello, Carlos Casares só mentou a dimisión do arquitecto como conflictiva, poñendo noutra parte as baixas de Manuel Rivas e Antón Santamarina, os dous substituídos por candidatos que contaban co apoio do dimisionario. Pedro de Llano está doído pola maneira como se resolveu o problema "mentiuse cando se falou dun documento sen asinar ao respecto da carta de dimisión: foi entregada por un membro da ponencia ao xerente. Non se trata só da miña baixa, como parecen resumir o acontecido. Como pouco son no-

ve membros das distintas comisións máis o xerente os que se deron de baixa, sen contar a Manolo Rivas que tamén ten deixado clara a súa postura e denunciado a situación de presión existente no mundo cultural".

A tal altura o xerente nomeado hai catro meses no Consello, Xosé Manuel Rodríguez xa se ten reincorporado na súa praza da administración local de Santiago. O seu posto pasará a ocupalo o inxenheiro Antonio Montero Carro. O breve paso por Xosé Manuel Rodríguez pola xerencia do CCG rematou cunha dimisión anunciada argumentando non poder desenvolver o seu traballo con liberdade dadas as presións administrativas que se exercían dentro do organismo. ♦

A Feira do Teatro, marco para reivindicar o debate no sector

Actores, directores e programadores peden 'consideración' e reiteran o rechazo ao proxecto do CDG

Houbos aplausos para as representacións que tiveron lugar no marco da VI Feira de Teatro de Galiza, que comezou o Mércores 27 e rematou o Domingo 31 de Maio, e na que participaron vintecinco compañías. Tamén recibiu ovacións o comunicado que se leu coincidindo coas funcións da fin de semana. Actores, directores, programadores e dramaturgos reuníronse o Venres 29 na noite e acordaron constituírse nunha asemblea permanente "imprescindible" para denunciar os problemas do sector e para paralizar o proxecto do CDG de representar a Valle-Inclán en castelán.

O colectivo Land Rover, que agrupa a uns vinte programadores culturais de outros tantos concellos, pediu en vísperas da Feira un espazo de debate no marco da mesma. A resposta da organización sinalou que era imposible inserir un espazo de debate nunha programación tan axustada. Tanto os programadores como actores

e directores protestaron pola organización da Feira ao marxe do interese do sector. Unha semana antes da celebración desta sexta edición, pechábase o prazo para que os concellos solicitasen espectáculos teatrais para a súa programación. Este feito conleva, segundo os asinantes do manifesto, unha grande perda do sentido do evento, que podería funcionar como trinque para que os programadores escollan as obras a levar aos conce-

llos. Máis consideración para a feira imprescindible para o desenvolvemento do teatro, a recén constituída asemblea permanente coida que "a falta de canles para o debate e tamén a non consideración dos criterios emanados do propio sector son lugar común en todas as intervencións da administración autonómica verbo do noso teatro".

A asemblea celebrada o Venres 29 foi convocada de maneira espontánea e conseguiu reunir a unhas cincuenta persoas que debatiron os problemas do sector durante tres horas. O manifesto acompañou ás representacións teatrais da fin de semana. Entre os asistentes á asemblea atopábanse Manuel Lourenzo,



Os poetas Antón R. López e Ana Romani durante a representación de O outro extremo do paraíso.

Gustavo Pernas, Xulio Lago, Roberto Vidal Volaño e Anxela Abalo así como representantes do colectivo Land Rover. "A mostra máis evidente da desconsideración das opinións dun amplo sector do teatro galego é a persistencia do Centro Dramático, do IGAEM e da Xunta, en continuar adiante co proxecto de producir en español a súa próxima montaxe a partir de textos de Valle-Inclán", sinalan. ♦

Werner Holzwarth / Wolf Erlbruch

A toupíña que quería saber quén lle fixera aquilo na Cabeza

KALANDRAKA EDITORA

ANACOS

De mandrigal a Madrygal

BOROBÓ

O mandrigal é unha composición poética, de tema erótico, escrita en louvanza a unha dona, ou a unha doncela, que non abonda na nosa lírica; malia os belidos madrigais que adicaron ás repetitivas raiñas das Festas Minervais os estupendos poetas que se revelaron e triunfaron nelas: Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Arcadio López Casanova, Salvador García-Bodaño, Fco. J. Carro...

Nen embargantes *Madrygal*, con i grego —que non existe xa no alfabeto normativizado—, é o título da *Revista de Estudos Gallegos*, publicada pola *Titulación de Filología Románica*, da Universidade Complutense, cuio primeiro número foi presentado nesta hai unhas semanas; co aliciente da participación de Manuel Rivas, o noso xoven escritor, favorito agora das gracias das musas e das estudantes de Letras.

Por qué lle chamaron, pois, *Madrygal*? Velá a cuestión. Xa que madrigal, asegúñ o *Tesoro de la lengua castellana o española*, ven de *mandra*, ou sexa a mallada onde se acobexan os pastores, e de ahí *mandrigal*: a canción dos pastores cando seesteaban nas *mandras* ou cavernas. A mesma orixe do topónimo Madrid, como sostían “algunos curiosos modernos que quieren

que se diga *Mandrid*, de *mandra*, que vale aprisco o majada por la mesma razón de concurrencia de gentes”. Suposta etimoloxía tamén recollida polo Covarrubias, de boca daqueles “curiosos modernos” do século XVII.

Ainda que a etimoloxía máis curiosa, e inxuriosa, que asimesmo figura nise *Tesoro* da lingua é a que o coengo conqense resume así: “Otros le dan [a Madrid] origen del nombre griego *matrylion*, que vale *prostibulum*”. Non era ista, dende logo, a intención dos directores da *Titulación* e da súa revista, ao batizala *Madrygal* senón xuntar nista composta rúbrica “as letras iniciais de *Madrid* (*Madr*) e (*y*) *Galicia* (*Gal*)”.

Mais penso que temos que andar con moito coidado os inventores de novos vocábulos onde figuren abreviaturas do nome Galicia, xa que *gal* e *gay* son unhas sílabas que teñen hoxe implicacións moi arriscadas. Non pensei niso cando inventei o de *madrigalego* e *Madrigalicia*, tan semellantes ao título que tería a revista, porque ignoraba aínda iso do *prostibulum*, e o noso topónimo ficaba enteiro. Pero millor sería que me deixara de inventar palabras que, según Voltaire creo que dicía, é

unha ocupación dos que carecen de ideas.

Ideas que non lle faltan a Ana Acuña Trabazo, e ás súas superiores na *Titulación*, en canto ao contido da súa revista, pois “*Madrygal*, que abre as súas portas e convida a entrar ao creador, o crítico e o investigador, agroma cunha filosofía de máxima apertura, sen negarse a ningún enfoque”, como proclama no seu *limiar*, a directora, M^a Josefa Postigo Aldeamil.

Tal apertura móstrase brillantemente nas cento setenta e tantas páxinas do seu número inicial, no que entre os catorce artigos de crítica e investigación que inserta, topei con orixinais tan interesantes para min, como o de Alonso Montero sobre dous poemas en catalán de Álvaro Cunqueiro; ou de Renales Cortés (o alleo autor do extraordinario libro encol do celtismo na nosa literatura) que dá moitos máis datos acerca da influencia de Benito Vicetto na obra de Valle-Inclán. E en canto á creación, publica maxistrais poesías de Vicente Araguas, Luis G. Tosar, Arcadio L. Casanova e outros poetas máis novos que tamén figurarán axiña nas antoloxías.

Se ben, aunque non apareceu,


por agora, nas follas de *Madrygal* a firma de Manuel Rivas, baixo algún artigo, conto ou poema seu, foi iste venturoso veciño da Costa da Morte o máis vivo e palpitante protagonista da presentación dela.

Encantou de contado ao auditorio, predominantemente fememino, co “insolente guecho sobre a frente”, que a min recordoume o que aturaba o seminarista Aquilino, na moza lembranza de Cunqueiro. Ou ben o célebre tupé de D. Práxedes Mateo Sagata, o *vello pastordo* rebaño liberal, que nunca cantou *mandrigales*, certamente, na súa *mandra* política.

Inda máis encantou Manuel Rivas coa súa labia lenta, sutil e emocionada, onde foi agromando unha chea de vivencias humanas e de visións de paisaxe; como a do ouro vello dos toxos e dos piornos. Que nista primavera tamén inspiraron o meu tardío aguillón versificador:

Ai que ledicia
mirar a Galicia
vestida de ouro!
Galiza castrexa
de flores de xesta...

e á romana, á románica, á romántica...♦

Carlos Paulo
Martínez Pereiro

‘Insístese moito na orixe popular dos trobadores pero chegaron a ser cultos e sofisticados’

Estou lendo *O alienista* do brasileiro Machado de Assis, un conto breve moi bon. Ademais estou lendo o libro *Desde unha mesa de café*, do meu irmán Paulino Pereiro e anacos da *Gramática* de Xosé Ramón Freixeiro Mato.

Que leituras recomendaría?

Prefiro recomendar en xeral; tendo en conta a dimensión da nosa literatura pero apuntaría nomes como Rosalía, Cunqueiro e Otero Pedrayo.

Ven de participar no encontro que sobre os troveiros tivo na lugar en San Simón. Cales foron os apuntes máis relevantes que sairon de alí?

Houbo, como en case todos os congresos, aspectos máis e menos vulgares. A min paréceme relevante a aportación de Manuel Ferreiro ao presentar un poema de Eduardo Pondal ao estilo de Joan Zorro, que el atopou e que está datado en 1905. Pensábase que o primeiro netotrobadorista era o catalán Carles Riba e isto modifica substancialmente o estudo da influencia das cantigas. A mosca que unha das figuras literarias do século pasado traballou xa sobre un modelo de cantiga.

Que pouso queda dos eventos realizados ao redor de Martín Códax, Meendiño e Xohan de Cangas?

O máis positivo é que a homenaxe serve para recuperar parte da memoria. Pero coido que quizais quede algo de mistificación ao redor dos trobadores, ademais de por ter escollido só a tres, porque son vestidos de poetas pobres, de orixe popular. Insistíuse demasiado na brixexa xograresca dos tres, o cal puido ser pero é innegábel que chegaron a ser cultos, sofisticados e aristocráticos. Non se trata de que esa condición sexa negativa senón que hai unha visión excesivamente romántica, case *hollywoodiense*, de xograres correndo de aquí para alá para recitar. En realidade eran “doutores do trovar”, tamén nas cantigas de amigo.♦

Filólogo e especialista en Literatura Medieval. Mera (1955).

Obras publicadas: *As cantigas de Fernán Paiz de Tamalancos e Natura das animalhas* (Bestiario medieval da lírica profana galego-portuguesa).

CAMIÑO VELLO CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

Os nós da vida e da morte

Unha das primeiras cousas que os vellos marifeiros lle ensinan aos rapaces é a facer e desfacer nós; pois nun momento de apuro, así no mar como na terra, poden atarache á vida ou liberarache dun perigo.

Tamén os magos da antigüidade empregaban os nós para deter os maleficios e as enfermidades, ata tal punto que, como conta Plinio, se as feridas se cobren con vendas atadas co chamado nó hercúleo, estas curan antes; pois Hércules, heroe forte e saudable de quen fuxían as enfermidades, foi quen o inventou para alivio dos humanos.

Do mesmo xeito, en Roma, as recén casadas acostumaban a aparecer no leito nupcial cunha túnica atada cun só nó, símbolo de pureza e virxindade, que o marido tiña que desatar para que a fecundidade os colmase de fillos, sempre en razón á habilidade que o esposo tivera en tal enredo. E despois de embarazada, para que o parto non se demorase, ningún debería cruzar os dedos, as pernas ou os brazos diante dela.

A raíz disto está naquela lenda sobre o nacemento do seu homónimo grego Heracles, na que se conta como Alcmena foi se-



Zeus, Alcmena tivera un machote.

Inocentemente, as partearas, irritadas, abandonaron a súa garda para protestar, a ver que quería ser iso de entrometerse no seu oficio, e entón, ao desender as pernas e os brazos, Alcmena deu a luz ao fermoso neno que se faría célebre pola súa forza e valentía.

Aquela maldade serviu de modelo no futuro para atrancar o fluído natural da vida; pero aínda así, se a destreza de quen sofre as malignas ataduras llo permite, por moi enmarañada que estea unha corda, as pernas ou os brazos, cun pouco de paciencia, maña é astucia, pódese desfacer o enredo.

Conta Plinio que os romanos, nas asembleas, para impedir que os oradores do partido contrario se expresasen con claridade e convencemento, cruzábanse de pernas e brazos mentres os outros falaban, para que así, o orador, véndos nesa pose de “non me creo nada” se atrancase e perdesse o sentido da súa elocución.

Atando e desatando a vida cir-

cula entre o ben e o mal, como seguramente o entendeu quen esculpiu este nó e este círculo de corda, quizabes con dous significados que se complementan: deixar fóra do templo as ataduras que impiden a normal fluidez da vida cristiá e que a paciencia e a fe desfán a tremenda atadura dos pecados liberando ao corpo e ao espírito.

Non é menos devota a crenza das embarazadas galegas, de poñer moito coidado durante a xestación en non facer nós cando cosen, para non dificultar o parto. Sen embargo, se con todas as precaucións por diante seguen temendo polo logro da criatura, queda o remedio do bautismo prenatal nunha encrucillada, onde o primeiro que os encontre ha de cortar un nó en resposta á aclaratoria pregunta: “¿que se lle fai ós presos?”. E el di: “Libéranse”.

Tampouco os mortos, nalgúns lugares do noso país, poden levar nós que impidan a liberación da alma, como lle pasou a un da parte de Boiro, que logo andaba polos camiños sinalando os cordóns dos zapatos e pedíndolle os paisanos:

—Desátame e libérame destas penas.♦

A pasada semana o Celta ia ir a Sárria buscando un ambiente de campo e quedaron sorprendidos porque aquilo non era unha aldea. Este tipo de ignorancia pode ser correxida

este ano programando as vacacións en Galiza. Non hai que ir fóra para levar sorpresas, atopar cascos históricos descoñecidos e paisaxes naturais ig-notas. ♦

Na Fundación Barrié da CORUÑA encóntrase a mostra adicada ao pintor Manuel Abelenda, ao que podemos ollar, á dereita, nunha foto dos anos 20.

O Barco

■ XORNADAS

VIA NOVA

A Asociación Via Nova, organiza as xornadas que se desenvolven na Casa da Cultura do 3 ao 5 de Xuño. O Xoves 4 ás 20 h. Eugenio del Río impartirá a conferencia *O eco de Maio do 68*. O Venres 5, tamén ás 20 h. Anselmo López Carreira falará sobre *O Reino da Galiza*.

Bueu

■ TEATRO

KABUXA

O Domingo 7 ás 21 h, o bar *Aturuxo* acollerá a actuación do grupo de títeres *Kabuxa*.

Burela

■ CONFERENCIAS

HORREOS E MUIÑOS

O Xoves 4 terá lugar, n'A Zaranda, a conferencia *Horreos e muiños da Galiza. Tipoloxía e funcionamento*, por Xosé María Leal.

Cambados

■ EXPOSICIÓNS

OUBIÑA

Está aberta no Auditorio

do Concello a exposición fotográfica de Xosé Luis Oubiña. Case medio cento de fotografías de diferentes personaxes de Arousa.

Cangas

■ EXPOSICIÓNS

RETRINCOS DE CUBA

No bar *Karachi* está aberta a mostra de fotografía de Xico Peña que leva por título *Retrincos de Cuba*.

■ MÚSICA

CONSUMO CUIDADO E A VIAXE DA CEBOLA

O venres 5 ás 23 h. terá lugar na discoteca *Clip* a actuación dos novos grupos *Consumo Cuidado* e *A viaxe da cebola*.

A Coruña

■ EXPOSICIÓNS

DONNA FERRATO

Vivindo co inimigo é o título da mostra da fotografía americana Donna Ferrato. Fotografías en branco e preto que tratan de mostrar o sufrimento das mulleres maltratadas pola violencia dos seus homes. Para a autora é moi importante que se saiba que existe unha grande cantidade de mulleres que están no cárcere por defenderse das agresións producidas polos seus homes. No Kiosko



Afonso de Luns a Sábado de 12 a 14 h. e de 18 a 21 h, e Domingos de 12 a 14 h. Até o 21 de Xuño.

ABELENDA ZAPATA

A Fundación Barrié acolle a mostra antolóxica do pintor coruñés Manuel Abelenda Zapata (1889-1957), contribuído da definición de escola galega a través dos temas tratados e moi especialmente da paisaxe. Máis de cento cincuenta obras, que van desde 1909 até o seu pasamento.

GARCIA TRILLO

Até o 5 de Xullo o Pazo Municipal acollerá a mostra de pintura de Beatriz García Trillo.

COLECCIÓN GABRIEL CUALLADÓ-IVAM

Escolma de 130 fotografías das 660 que compoñen a colección deste fotógrafo recollidas ao longo de máis de coarenta anos e que na ac-

tualidade están despositadas no *Institut Valencià d'Art Modern*. Diversas tendéncias e fotógrafos estruturados en distintos apartados: Dos inicios aos anos 30; a sociedade da década dos 30 en Norteamérica; as escenas da guerra civil española captadas co obxectivo de Agustín Centelles; Gabriel Cualladó e os fotógrafos españois da súa xeración; e aínda, *Mirar o Mundo*, articulada á súa vez en seis apartados e onde conviven os clásicos e os actuais até un total de oitenta fotógrafos. Museu de Belas Artes da Coruña até o 5 de Xullo.

OLGA MARTÍNEZ

Abre na Biblioteca Pública Miguel González Garcés, a mostra de pintura de Olga Martínez.

Ferrol

■ LEITURAS

SINDICALISTAS E REBELDES

O Venres 5, ás 20 h., terá lugar no Ateneo a presentación do libro *Sindicalistas e rebeldes* polo seu autor Dionísio Pereira.

■ EXPOSICIÓNS

ANARQUISMO NA GALIZA

Durante todo Xuño estará aberta no Ateneo, a mostra de fotografías e documentación histórica, *Anarquismo e anarquistas na Galiza*. Pódese ollar de Martes a Venres de 19 a 21 h. Os Venres no propio Ateneo, celebráranse xornadas sobre o anarquismo na Galiza.

Lugo

■ EXPOSICIÓNS

MANUEL CARREIRA

No *Clube Social Boliche* está aberta unha mostra pictórica de Manuel Carreira.

MARIA TERESA VIOR

No pub *Duvorak* está aberta a mostra de óleos e acuarelas de María Teresa Vior.

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

A galería *Sargadelos* exhibe a exposición sobre o *Seminario de Estudos Galegos*, tema da primeira exposición da galería aberta en Maio do 78.

RAQUEL LASTRA

Durante esta semana pódese ollar no mesón *O Forno* a pintura de Raquel Lastra.

EUGENIA LÓPEZ PRADO

Na sala *Acuarela* abre a mostra de pintura de María Eugenia López Prado.

ARQUITECTURA TRADICIONAL GALEGA

A Asociación *Cantigas e Frores* organiza a mostra colectiva de fotografía sobre a



A Asociación José Afonso organiza as *IX Cantigas do Maio no SEXAL* (Portugal) na que, entre outros, interveñen M^o del Mar Bonet, o grupo sueco *Väsen* e o galego *Carballas*.



dro Calapez, *Escenas domésticas*, conxunto de pinturas datadas todas no presente ano. Aberta até o 21 de Xuño.

X. OTERO-YGLESIAS

Está aberta no Ateneo a exposición itinerante de pintura de Xesus Otero-Yglesias.

■ TEATRO

MILADY... E UN RAMO DE ROSAS

O grupo de teatro *Aturuxo* representará o Venres 5 e Sábado 6, no Teatro Principal, as obras de Víctor Ruiz Iriarte *Milady*, *obxectos de regalo* e *Un ramo de rosas*.

arquitectura tradicional galega que abre na sala de exposicións do Edificio de Administración de Xunta.

Marín

■ EXPOSICIÓNS

MULLERES

O Ateneo Santa Cecilia acolle, até o 5 de Xuño, a mostra de pintura de Sabela Canitrot.

Mos

■ MÚSICA - DANZA

FOLC

O Sábado 13, a partir das 21 h., terá lugar no Centro Cultural S. de Herville (Alto de San Cosme) o festival de música e danza *Folc*, que contará cos grupos de danza *Virxe das Neves*, *Fiadeiro* e *Frores Mareliñas* e cos grupos de música *Os Carunchos* e *Muxicas*.

Ourense

■ EXPOSICIÓNS

PEDRO CALAPEZ

A galería *Marisa Marimón* acolle a exposición de Pe-

Pontevedra

■ EXPOSICIÓNS

ROSA VELOSO

Na galería *Anexo* está aberta a mostra fotográfica de Rosa Veloso, unha intervención global que modifica o espazo para convertelo nun lugar onde se desenvolve un diálogo sentimental e corporal, baixo o título de *Heridas propias y extrañas*. Até o 13 de Xuño, de Luns a Venres de 18 a 21 h, Sábados 12 a 14 h, (Martes pecha).

TRAXE TRADICIONAL

Pódese ollar no Museu de Pontevedra a mostra do traxe tradicional galego, composta por pezas pertencentes á colección de Piluca Montenegro.

■ MÚSICA

SEMANA DE CULTURA TRADICIONAL

Dentro dos actos celebrados nesta semana, organizada

Carteleira

PRIMARY COLORS. Gobernador do Sul, bon político pero aloucado (o mesmo perfil que Bill Clinton), apréséntase ás eleccións primarias mentres os seus asesores eliminan as probas dos seus lios de saias. Boa factura e pouco anovadora.

O ESPIRITU DE BROOKLYN. Filme que trata de reflexar o cambio de costumes nesta antiga cidade, formada por inmigrantes europeos, e hoxe integrada en Nova Iorque. O tema da fita sería tachado de aldeano senon estivese cuberto da patena *anglo*. Previsíbel.

O FARO DO SUL. Eduardo Mignone, autor de *O sol de Outono*, trae agora un drama baseado na relación de dúas irmás orfas. Os diálogos entre as dúas protagonistas son moi plásticos e a fita confirma a madurez do cine arxentino.

MAMBI. Historia da última fase da guerra de independencia cubana, desde a perspectiva dun soldado español. Un tema próximo e descoñecido que xustifica a necesidade de ver esta película. Guión ben levado, pero algúns dos diálogos son obvios e ao protagonista nótanselle máis as horas de ximnástico que as de dramaturxia.

O GRANDE LEBOWSKI. Cruxol delirante no que se reflexan case todas as mi-

norias norteamericanas, con paródia incluída ao Tío Sam. O punto de vista é o dun hippie que segue vivindo igual que nos sesenta. Comédia de brillantes descrições dos persoaxes e o perfeccionismo da imaxe característica dos irmáns Cohen, aínda que esta non seña un das súas mellores obras.

A SUA MAXESTADE MRS. BROWN. Historia da ascendencia que sobre a raíña Vitória de Inglaterra tivo o seu asistente John Brown.

A CAIXA CHINA. Panorámica de Jeremy Irons, Gong Li e Hong Kong, tres indiscutíbeis beleza. A descolonización da cidade é vista metaforicamente a través da relación de dúas parellas de amantes. A nostalxia imperial non chega a ser abafante.

HERDARÁS A TERRA. Un terranente viuvo, con tres fillas, fai as partixas e dá lugar a un drama que lle serve ao director para explicar a trama profunda da sociedade norteamericana. Maxistral interpretación de Michelle Pfeiffer e Jessica Lange.

MERCURY RISING. Un pólí do FBI salva a un neno dun intento de asesinato perpetrado polo Estado para protexer un código secreto.

O HOME DA MÁSCARA DE FERRO. Os tres

mosqueteiros maquinan un plano para substituír ao tiránico rei Luís XIV polo seu irmán xémeo, que permanece oculto aos ollos da Franza. Fita de aventuras que chega a aburrir.

MEIA NOITE NO XARDIN DO BEN E DO MAL. Un crime paixoal entre dous homosexuais acontecido nunha cidade do Sul norteamericano esperta o interese dun xoven escritor. Con algúns tópicos e un chisco de humor.

U.S. MARSHALS. Nova entrega do *Fuxitivo*, pero sen Harrison Ford. Para levar flocos de millo.

O INDOMÁBEL WILL HUNTING. Psiquiatra comprensivo axuda a integrarse na sociedade a un mozo superdotado que ten problemas de convivencia. Para quen se perdeu *O clube dos poetas mortos*.

TORRENTE. Despois da súa notábel interpretación en *O día da besta*, Santiago Segura volta con outra personaxe de especialísimas características: Un policía español, bebedor, machista e aceitoso. Segura é ademais director e guionista desta fita cotrosa de máis, pero realizada con liberdade, chispa e certo oficio.

NOIVO DE ALUGUER. Comédia de enredo na que o título di todo. ♦

Anúncios de balde

■ **Xa está na rua o Abrente nº 8**, con artigos que abordan a situación social do movemento obreiro galego e as tarefas que debe orientar o traballo sindical e colaboracións como as de Xusto González Beramendi, Igor Lúgus ou Carlos Taibo. Rua do Home Santo nº 29 4º A. Apdo. 760 Compostela.

■ No seu 150 aniversario, **se desexa recibir o Manifesto Comunista en portugués**, traducido da súa edición orixinal, así como textos de Marx, Engels ou Lenin, dirixíxase a *Distribuidora Arume*. Apdo. 122. Monforte.

■ Firma de cosmético natural **demanda representantes** con posibilidades de formar equipo de vendas. **Tamén vendedores**. Mónica Martínez Rial. Rua Xens, nº 4 15.984 Araño-Rianxo. A Coruña. Teléfono 981 860 255.

■ **Se queres recibir de balde un par de autocolantes contra a incineradora de Cerceda**, envía o teu enderezo e un selo de sete pesos ao Obradoiro da Historia, Apdo nº 42 15.680-Ordes.

■ **Vendo chalet de 2 prantas**, garaxe e 2.520 m² de terreo, nas Rías Baixas. Ideal para construír unha residencia da terceira idade. **Alugo chalet** con xardín por meses ou quincenas, en Asados-Rianxo. Teléfono 923 267 657.

■ **Já está em internet a páxina do Movemento Defensa da Língua**. O seu enderezo é mdl.home.ml.or.

■ **Mestre busca traballo relacionado coa cultura da Galiza**: publicacións, editoriais, librerías... Manolo 981 695 682.

■ **Alúgase casa de tres dormitorios**, con finca, durante a tempada de verá en Moaña. 986 312 136.

■ **A web do sindicato Estudiantes Independentistas**, na que ademais poderedes atopar ligazóns ás webs da AMI e do MDL, mudou o seu enderezo na rede pasando a ser: members.xoom.com/ei

■ **Alúgase apartamento ao carón da praia**. Vistas ao mar, equipado. 1ª quincena de Xuño 55.000 pta. 2ª quincena de Xuño 65.000 pta. 2ª quincena de Agosto 75.000 pta. Teléfono 981 761 144.

■ **Os Ateneos Libertários da Coruña, Compostela e Ferrol teñen a ledicia de**

informar que **xa está á venda o primeiro número da revista titulada Anarquista**. Destacan entre os artigos, un sobre a penetración do Opus Dei na Universidade da Coruña, outro sobre a literatura medieval galega e o da entrega do premio Tonto do Ano 1997, que recae sobre os coñecidos galeguistas Xavier Alcalá e Carlos Mella.

■ **Alúgase piso en Vigo. Grande e económico. Amoblado** Teléfono 986 375 575.

■ **En Carnota, apartamento a carón da praia**, terraza e vistas ao mar. Completamente equipado 981 761 144.

■ **Aluga-se apartamento-estudio**, con calefacción e agua quente, baño con banheira, soleado, **ideal para estudante**. Gastos de comunidade incluídos: 37.000 pta. Rua Esperanto, 2-1º D. Teléfono 986 415 136.

■ Grupo de amigos que **gostaría de contactar con jovens galegos de todas as idades que gostem da Parapsicología, Astrología, Celtismo, Tradicións, Costumes e Religións**, etc. Escrevan para: Egum, apdo. 228 4.703 Braga Codex Portugal.

■ **Mestre de auto-escola oferezome para traballar**. Jose Manuel, teléfono 913 760 723.

■ **Merco selos para franqueo con ou sen goma**, usados de España ou extranxeiros e **tarxetas telefónicas novas ou velhas**. Jose Manuel. Apartado 32.004 28080 Madrid.

■ **O boletín literario Polpa**, editado polo colectivo poético **Humilladoiro**, chega nestes días ao segundo número, correspondente á primavera 98. Colaboran nel Olga Novo, Beltza, Lucia Novas Garrido, etc. Se queres recibilo ou aportar colaboracións ponte en contacto con nós e envía un selo de 35 pta. ao Colectivo Humilladoiro. Apdo 816. 15.080 A Coruña.

■ **Aluga-se piso sem móbéis em Bouzas, Vigo**. Telf. 986 292 879.

■ **Compraria boa gramática e bon dicionário de portugués a un razoábel prezo**. Escrever a Luis Quiroga López. Cidade Viveiro 3-1º Dta.

■ **Alugo ou traspaso local de 28 m²**. Acondicionado. Zona Praza da

Miñoa (zona Avd. Florida) en Vigo. Prezo a convir. Teléfono 986 20 67 20. A partir das duas da tarde.

■ **Traspaso locutório-quiisque e tenda de lambonadas**, funcionando en Santiago. Teléfono 981 557 241.

■ **Ven-se de publicar o nº 6 do Mocidade**, revista que edita *Galiza Nova* a nivel nacional. Agora con máis páxinas, nova maquetación e novas seccións onde poderás atopar artigos sobre a política municipal e mocidade, entrevistas a Pilar García Negro e a Elias e Ramiro, crónica das tractoradas, a vixencia de Castelaio, cinema en galego, actividade de Galiza Nova, etc. Se o desexas, podes-te subscribir de balde enviando os teus datos ao local nacional de Galiza Nova (Santiago de Chile, 28-ent. dta. 15.706 Compostela-Galiza) ou chamando ao 981 553 526 polas tardes.

■ **Oferécese furgón de 3.500 Kg para facer portes e mudanzas**. Anxo Telf. 986 271 483. Móbil 929 851 640.


■ **Devido á actuación da represión judiciária sobre militantes da Asemblea da Mocidade Independentista** e em prevención das consecuencias económicas que isto conleva (p. Ex. um militante de Ponte Vedra tem que pagar uma fiança de 240.000 pta) **a nossa organização decidiu abrir um fundo de solidariedade** no qual agradeceríamos façás o teu ingreso solidário que nos permita seguir a defrontar a esta ofensiva da represión espanhola. A conta é 2091-0500-12-30000-93748 de Caixa da Galiza.

■ **O Centro Social Semente (A Paz 16 Baixo-A Coruña) ofrece de balde o seu local ás persoas ou organizacións progresistas**, que por non dispor de medios nen axudas públicas, precisen local na Coruña para realizar charlas, xornadas, conferencias, recitais poéticos ou musicais etc; relacionados coa nosa problemática cultural, social e política. Información no apdo. de correos 4349-15.080 da Coruña.

■ **Vendese equipamento para pescadería**: (6 meses de uso) Vitrina, mesa de coitelos, aparato exterminador de insectos. Chamar ao telf. 986 24 28 72 ou 986 206 720.

■ **Véndese Kayac Prijon I Daho. Moi bon estado**. Chamar ao teléfono 929 801 894. ♦

Encrucillado XOAN COSTA



Horizontais

1. O mesmo que cañón 5. Óxido de calcio 6. Preposición 8. Entran, collen 9. Apócope de santo 11. Fagan unha tea nun tear 12. Grupos de seres humanos que se distinguen pola cor da pel e outras características 14. Referido ao ano 15. Escolta 16. Nome de dúas constelacións do hemisferio Norte. 17. Fenda feita nas pezas de roupa para meter por ela os botóns 20. Trate mal de palabra para humillar 23. Vocais de mesa 24. Desprazareime a un lugar 27. Nome de persoa 29. Froito das silvas 30. Lugar da lareira onde se fai o lume 31. Axente secreto 32. Río que pasa por Padrón 34. Río e montes de Cantabria. 35. Madrepérola.

Verticais

1. Mamífero da familia dos equídeos 2. Máis alá 3. Ao revés, que non ten compañía 4. Letras de anís 5. Aviño utilizado para derrubar os do inimigo 7. Comezo a existir 8. Un cento 10. Ao revés, que non ten ningunha doenza. 11. Cobren con algo, ocultan 12. Fileira, ringleira 13. Que sabe moito, erudita 15. Remuíño que fan as ondas 18. Paso os ollos por un escrito entendendo o que pon 19. Tornar limpo, purificar 21. Xabón líquido para o baño 22. No plural, período xeolóxico ou histórico de características determinadas 25. Concello próximo a Santiago 26. Parecía 28. Existían 29. Vela de muíño 33. Batraquío moi frecuente en pozas, lagoas e regos. ♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do LeceR pregámostos nolas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo. Apdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101 ou correo electrónico antpcg@arrakis.es

Peter & the test tube babies e Disturbio 77, na foto, actúan en VIGO o Xoves 4.



Universitário. Nesta semana pódese asistir, o Xoves 4 ás 20 h. no Centro Social de Beade, á representación do grupo **Comando Imprescindible** da obra de Nacho Otero, *Keño Importa*. O Venres 5 ás 20 h. a Aula de teatro da Universidade de Vigo **Campus Vigo**, representará a obra de Angel Garcia Pintado *O Sanguo do Tempo*. O Sábado 6, **Campus Vigo** e alumnos da RESAD de Madrid, representarán reflexións sobre *Fausto* de Goethe, no Centro Social de Beade ás 12 h. O mesmo Sábado ás 20 h., os membros da **Real Escola Superior de arte Dramático** de Madrid representarán *El día en que las hadas dejaron de mirarse en el espejo*. E o Domingo 7 no Centro Social de Beade ás 20 h., actuará o grupo **Mari-castaña** coa obra de Max Aub *No tempo do crepúsculo*.

Tics

Sarabela Teatro, baixo a

ral Caixavigo a obra *Tics*.

NANO

O 11 e 12 de Xuño **Teatro do Adro**, dirixido por Cándido Pazó, representará no Caixavigo *Nano*, monólogo creado a partir dos textos de *Tic-Tac* de Suso de Toro.

Porto

EXPOSICIÓNS

HELENA

Do 10 ao 13 estará aberta na sala de Exposicións do



Helena mostra as súas pinturas no PORTO.

Banco Simeón a mostra da pintora Helena.

Seixal

MÚSICA

Dentro das actividades organizadas pola **Associação José Afonso** e a Cámara Municipal no **IX Cantigas do Maio**, que xa deu comezo o 28 de Maio, podémonos achegar, o Xoves 4 ás 22 h., ao Forum Cultural para a actuación do grupo ruso **Vershki da koshki**. O Venres 5, ás 20 h., na rua Paiva Coelho e outras, actuará o grupo galego **Carballas**. Tamén o mesmo día, ás 22 h., serán as actuacións dos grupos de Marrocos **Nass Marrakech**, na fábrica Mundet, e os suecos **Väsen**, na praça 1ª de Maio. E o Sábado 6 finalizando o encontro, estarán, de 17 a 19 h, na praça dos Mártires da Liberdade, o grupo de teatro galego **Tanxarina Titeres** representando o *Contaloucos*. De 18 a 21 h., na mesma praça e na rua Paiva Coelho, terá lugar a actuación do **Grupo de gaiteiros de Vinhas**. As 20 h., o grupo **Carballas** repetirá actuación na rua Paiva Coelho. As 20,30 na praça da República actuará o grupo de **Adufeiras** da Casa do Concello de Idanha-a-nova. E pechando estarán, ás 22 h., o grupo de mongolía **Egshiglen** na fábrica de Mundet e **María del Mar Bonet** na Praza do 1º de Maio. ♦

Caldo de letras


H	H	M	O	H	M	L	S	B	V	O	U	X	D	R
Ñ	A	Z	P	S	D	E	N	P	Z	H	V	S	N	L
F	G	K	T	T	A	N	J	B	H	F	O	W	G	S
Q	A	P	K	P	N	Q	A	U	B	Q	L	Ñ	S	W
Ñ	O	M	M	U	U	Q	J	N	R	P	G	P	E	B
Z	U	R	A	L	B	H	I	I	O	Ç	A	O	Y	T
L	Q	F	U	Z	I	L	O	H	D	R	O	N	P	F
V	S	T	N	Ç	O	L	E	R	A	M	A	O	A	N
G	J	Q	A	V	L	N	G	N	N	E	B	G	N	V
Q	Q	Q	S	E	X	N	A	G	O	N	P	N	Q	P
I	I	P	P	I	S	S	I	S	S	I	M	L	S	O
L	Y	S	N	J	Ñ	Y	B	K	M	G	L	V	B	J
H	L	R	V	Z	A	W	V	G	V	C	S	D	B	K
B	Q	X	T	K	U	R	E	G	H	S	X	A	E	E
Ç	L	B	N	E	A	Z	R	W	D	B	T	N	N	B

Doce grandes rios do mundo.

SOLUCIÓNS AO ENCRUCILLADO

LEO 19. LIMP 21.
13. SABIA 15. OLA 18.
26. ERA 28. ERAN 29.
ASPA 33. RA.
XEL 22. ERAS 25. ROIS

SOLUCIÓNS AO CALDO DE LETRAS



Verticals
I. CABALO 2. ALEN 3.
NACAR
32. SAR 34. PAS 35.
RA 30. LAR 31. ESPA
27. NEREO 29. AMO.
AXE 23. EA 24. IREI
OSA 17. OLLAL 20.
14. ANAL 15. OE 16.
11. TEZAN 12. RAZAS
SIN 8. CABEN 9. SAN
I. CANON 5. CAL 6.

Ampla mostra de teatro universitário en Vigo.





Centos de alumnos mergúllanse no repertorio popular nas aulas do Conservatorio A Universidade das tarrañolas

♦ PAULA BERGANTIÑOS

Muiñeiras, pasodobles ou foliadas son algunhas das pezas apuntadas nas partituras do atril de Eva. Estudou e Ensinanzas Musicais e vai a clase de guitarra e de canto, pero foi a creación do Conservatorio de Música Tradicional en Vigo hai dous anos, o que lle permitiu entrar en contacto co repertorio popular. Escolleu a zanfona e através da interpretación dos temas tradicionais foi aprendendo as dificultades técnicas do instrumento. Como ela ao redor de 400 alumnos participan das aulas permanentes de instrumentos tradicionais que se ofrecen no centro, unha iniciativa única no país que escomezaba a súa andaina o curso pasado.

"A creación dun Conservatorio de Música Tradicional eran unha idea que estaba na mente de todos nós. Espalladas polo país existían moitas aulas de música popular, pero facíase necesario un centro que aglutinara, coordinara e fixera posíbel o intercambio", sinala o seu director, Rodrigo Romani.

Na Universidade Popular, en Vigo, funcionaba un obradoiro de instrumentos tradicionais no que traballaban Anxo Corral e Ramón Casal. "A partir do traballo que se estaba facendo neste taller, no que ademais de construír os instrumentos tentábase que os alumnos aprendesen a tocarlos, xurdiu a idea de crear o conservatorio como unha ampliación que se adicase en exclusiva ao ensino", engade Romani. O Concello deu o visto bo ao proxecto, a Xunta Reitora da Universidade Popular aprobouno por unanimidade e o Conservatorio empezou a súa andaina no curso 96-97 con trescentos alumnos. Desde entón ofrece un ensino totalmente gratuito e pon a disposición dos alumnos instrumentos e horas de ensaio.

Neste dous anos Marisol fixo dous cursos de gaita. "Empecei



de cero, interpretando partituras coa flauta -explica- A finais do curso pasado xa empezamos coa gaita". Vai ao Conservatorio dúas horas a semana e explica que aínda que as aulas se imparten de forma individualizada tamén ten participado de ensaios con outros compañeiros e con instrumentos de percusión como o bombo, o tamboril, as cunchas e as tarrañolas.

Eva tamén vai dúas veces á semana. "Cada un de nós vai ao seu ritmo -explica- É imposible que a aprendizaxe do instrumento resulte aburrida. A aclaración das dificultades técnicas faise, non a través de exercicio, senón a través do coñecemento e a interpretación de pezas populares. Aprender a tocar o instrumento supuxo tamén, coñecer a súa historia, a súa evolución, os tipos de zanfona que hai e entrar en contacto coa nosa tradición".

"Como traballamos con ensinanzas non normalizadas elaboramos os nosos propios planos de estudo", explica Romani. Na actualidade existen sete au-

las: a de Gaita coordinada por Xaquín Xesteira, Zanfona por Anxo Pintor, canto por Felisa de Leilía, violín por Quin Fariña, Arpa Céltica por Romani e unha teórica de etnografía e folclore que imparte Xaime Estévez.

"A nosa base teórica fundaméntase en que os músicos populares en Galiza non estaban especializados nun só instrumento e tocaban un pouco de todo. Neste sentido tentamos que o alumno estexa en contacto con varios instrumentos", explica Romani que tamén fai referencia a diferéncia entre a faceta tradicional dos instrumentos e a faceta clásica.

"O violín e o caso máis representativo dun instrumento no que as técnicas de interpretación, e dicir, a forma de tocar as melodías, o tipo de ornamentación, de ritmo, de tono... son diferentes na faceta tradicional e na clásica. En moitos instrumentos estas técnicas de interpretación tradicionais perdéronse e para recuperalas tomamos como modelo a gaita -sinala- A

arpa, por exemplo, desapareceu da música popular hai 500 anos. Estaba presente na Idade Média e dalgunha maneira hai que reinventala. Existen outras facetas como a gaita ou o canto que seguiron máis vivos na tradición e é máis doado reflexalas".

"Tamén estamos estudando a posibilidade de solicitar que estas aulas se homologuen como ensinanzas musicais de grao medio, igual que acontece en países como Finlandia e Francia". Na planta baixa do mesmo edificio, como actividade independente do Conservatorio, pero como parte dunha estrutura máis global que é a Universidade Popular segue funcionando o taller coordinado por Anxo Corral. Gaitas, zanfonas ou requintas son algúns dos instrumentos que aprenden a contruír os alumnos con ánimo de, no futuro, poder colocarse como autónomos e traballar como artesanos. Na planta superior, Ramón Casal tamén segue ao fronte do Obradoiro de Lutería antiga, do que saen instrumentos da Idade Média e do Renacemento. ♦

Nuev Izquierda, vella política

MANUEL CIDRÁS

Cando alá polos anos setenta e primeiros oitenta se teorizaba nos medios progresistas europeos sobre o concepto de Nova Esquerda, os inventores da idea censuraban os vellos modos da política, cuestionaban o que se deu en chamar a forma-partido como modelo de organización, criticaban a burocratización dos partidos obreiros tradicionais, a política feita dende arriba, a relegación das organizacións sociais non encaдрadas na disciplina partidaria e outros vicios todos eles reais e nada pantasmais. A esquerda que se chama nova criticaba á vella precisamente dende a esquerda, e o tempo veu encher de razón boa parte das súas notables aportacións teóricas. Dende logo a súa análise foi máis certa na cuestión occidental que na oriental, donde auguraron a eclosión dunha Oposición de Esquerdas que a historia desmentiu.

Debe de haber unha escura lei da física política, da quen non sei desentraña-la razón pero que está empiricamente constatada, que proclama que no campo do socialismo se critica pola esquerda e se enmenda pola dereita. Se cadra ese é o motivo de que o xa vello concepto de nova esquerda dese en intitular un partido de *tips* da política que paradoxicamente compendia de modo exemplar todos os vicios da vella forma do político. A *Nueva Izquierda* de Almeida, López Garrido e (pouca) compañía é un clube de notables que practica unha sorte de democracia censitaria por virtude da cal sempre ocupan cargos sen presentarse nunca ás eleccións.

Caben poucas dúbidas de que o polémico acordo sobre reparto de cargos entre este grupúsculo e a dirección da Federación Socialista Madrileña é un torpedo baixo a liña de frota dos que propugnan un achegamento entre o PSOE e IU. O seu destinatario non é tanto un Anguita cada vez menos relevante politicamente coma o novo poder emerxente no PSOE. Nueva Izquierda aliase coa dereita socialista porque diante da próxima convocatoria electoral Almunia teme a Borrell, e Almeida sinte un futbolístico medo escénico ás urnas. Así que a cousa vai de medo, sobre todo para Aznar. ♦

IDA E VOLTA

Chicago	65.000	Tokyo	129.000
Los Angeles	83.000	Dubai	95.000
New York	65.900	Melbourne	176.000
Philadelphia	65.000	Sidney	176.000
Pittsburgh	65.000	Dar Es Salam	99.000
San Francisco	83.000	Durban	99.000
Tampa	75.000	Johannesburg	97.000
Washington	65.000	Lilongwe	99.000
Bangkok	138.000	Mauritius	122.000
Hong Kong	99.900	Quito	125.000
Manila	99.900	Paris	45.000
Kuala Lumpur	100.900	London	37.000
Manila	99.900	Buenos Aires	115.000

VALIDEZ 6 MESES / ABERTO

Bogotá	99.000	Grenada	110.000
México	114.000	Nassau	111.000
Rio de Janeiro	98.000	San Juan	111.000
São Paulo	98.000		
Santiago de Chile	122.000	Caracas	99.000
Grand Cayman	109.400		

A PARTIR DO 25 DE ABRIL DO 98. VALIDEZ 6 MESES / ABERTO

SÓ IDA

Zurich	43.000	Stuttgart	39.900
Amsterdam	34.000	Berlin	39.900
Paris	34.000	Dusseldorf	39.900
Munich	39.900	Hamburgo	39.900
Frankfurt	39.900	Bologna	39.900
Colonia	39.900		

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo

MINHO EXPRESSO
VIAGENS
SAIDAS DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 01 300 - FAX 07 351 51 8201309 Valença do Minho
E-Mail: viagensminho@mail.telepac.pt

VOLVER AO REGO

A maiores de que chamar "rede de pederastas" a dúas persoas parece excesivo. A maiores de que poñer ante os focos da televisión as detencións realizadas na Coruña, pedir a colaboración cidadán e afirmar que hai máis redes funcionando, provoca unha alarma social que debe ser o último que procure un representante do goberno. A maiores de todo iso decimos, a actuación de Diz Guedes a pasada semana resulta lamentábel porque saca á luz un caso cun mes de tardanza e cando os supostos culpábeis están xa en liberdade. Unha asociación de veciños denunciou tamén a gravidade de que se deseen a coñecer os nomes dos nenos vítimas dos supostos abusos. ♦